Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

• **Palmarés**

Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Acadèmia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓNS

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

56 / 57

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



Anuncio Publicitario

Estrella Galicia Feliz 2013, de Algarabía Animación
Recollen Virginia Curiá e Tomás Conde

FINALISTAS

Desconecting, de Congo Producciones Audiovisuales y Gráficas
Se chove, que choval!, de Congo Producciones Audiovisuales y Gráficas
Tino o Peregrino e o viño que sabe a festa,
de Juan Galiñanes e Eve Martínez

Videoclip

Canto de sirena (Piti Sanz), de Piti Sanz

FINALISTAS

Acción- Reacción (Machina), de Píxel Films
Fábula (Juan Dorá), de Una décima de segundo producciones e Astrágalo Studio
La primera vez (Inculpados), de Inculpados e José Luís González G. Barceló

PALMARÉS

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelos

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

• Palmarés

Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Acadèmia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

58 / 59

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



INTERPRETACIÓN MASCULINA PROTAGONISTA

Miguel de Lira, por *Somos xente honrada*

FINALISTAS

Antonio Durán "Morris", por *Padre Casares*

Federico Pérez, por *Era Visto!*

Xulio Abonjo, por *Encallados*



INTERPRETACIÓN FEMININA PROTAGONISTA

Isabel Blanco, por *Todos os Santos*

FINALISTAS

Mercedes Castro, por *Padre Casares*

Nuncy Valcárcel, por *Luci*

Patricia Vázquez, por *Era Visto!*

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelas

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

• **Palmarés**

Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Academia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓNS

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

60 / 61

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

PALMARÉS



INTERPRETACIÓN MASCULINA DE REPARTO

Ricardo de Barreiro, por *Somos xente honrada*

FINALISTAS

Federico Luppi, por *Inevitable*

Manuel Manquiña, por *Era Visto!*

Pedro Alonso, por *Gran Hotel*

INTERPRETACIÓN FEMININA DE REPARTO

Isabel Risco, por *Era visto!*

FINALISTAS

Covadonga Berdiñas, por *Padre Casares*

Mabel Rivera, por *Inevitable*

Marta Larralde, por *Gran Hotel*

PALMARÉS

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelos

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

• Palmarés

Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Academia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

62 / 63

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



Comunicador/a de TV

Xosé Ramón Gayoso Bonigno, por Luar

FINALISTAS

Fernanda Tabarés, por Vía V

Terio Carrera, por Telexornal-Serán Deportes

Xosé A. Touriñán, por A casa da Conexa

Dirección

Alejandro Marzoa, por Somos xente honrada

FINALISTAS

Alfonso Zarauza, por Encallados

Carlos Sedes, por Gran Hotel

Jorge Coira, por Luci

PALMARÉS

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelos

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

• **Palmarés**

Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Acadèmia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓNS

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

64 / 65

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



Guión

Miguel Ángel Blanca e Alejandro Marzoa, por *Somos xente honrada*
Recolle o premio Alejandro Marzoa

FINALISTAS

Carlos Ares, Xosé Castro e Andrés Mahía, por *Era Visto!*
Miguel Anxo Murado e Carmen Abarca, por *Salgadura*
Pepe Coira, Araceli Gonda e Jorge Coira, por *Luci*

Dirección de Fotografía

Alberto Díaz "Bertitxi" (AEC), por *Encallados*

FINALISTAS

Arnau Valls Colomer, por *Somos xente honrada*
Jaime Pérez, por *Luci*
Suso Bello (AEC), por *Todos os Santos*

PALMARÉS

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelas

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

• **Palmarés**

Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Acadèmia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓNS

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

66 / 67

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



Dirección de Arte

Marta Villar, por Salgadura

FINALISTAS

Ángel de la Cruz, Rosario Carballo e Noelia Vilaboa, por Todos os Santos

Curru Garabal, por Somos xente honrada

Suso Montero, por A casa da Conexa

Montaxe

Adrián Pino, por Encallados

FINALISTAS

Guillermo Represa, por Inevitable

Julia Juanatey, por Gran Hotel

Sofi Escudé e David Gallart, por Somos xente honrada

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelas

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

• Palmarés

Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Acadèmia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓNS

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

68 / 69

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

PALMARÉS



Realización

Mónica Ares, Toño López e Isabel Caamaño, por *Galegos no Mundo*
Recollen o premio Mónica Ares e Isabel Caamaño

FINALISTAS

Carola Prego Grueiro, por *Luar*
Rubén García-Loureda, por *Reporteiros*
Xosé Luís Piñeiro, por *Verbas van*

Música Orixinal

Berrogüeto, por *Inevitable*
Recollen o premio Anxo Pintos e Xabeir Díaz (Berrogüeto)

FINALISTAS

Piti Sanz, por *Era Visto!*
Sergio Moure de Oteyza, por *Somos xente honrada*
Xavi Font, por *Salgadura*

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelos

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

• **Palmarés**

Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Academia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓNS

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

70 / 71

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

PALMARÉS



Son

David Machado, Dani Zacarías e Enric Triviño, por Salgadura
Recolle o premio David Machado

FINALISTAS

José Alberto Suárez e Pablo Beade, por Inevitable

Juan Gay, por Luci

Vasco Pimentel, Marc Bech e Jordi Monrós, por Somos xente honrada

Vestiario

María Gil e Sonia Segura, por Salgadura
Recolle o premio Carlos Amoedo

FINALISTAS

Ana Sánchez, por Era Visto!

Eva Camino, por Somos xente honrada

Saturna, por Luci

PALMARÉS

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelos

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

• Palmarés

Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Academia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

72 / 73

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



Maquillaxe e Perruquería

Susana Veira e Erea Pérez, por *Somos xente honrada*

FINALISTAS

Ana Coya, por *Era Visto!*

Natalia Arcay, por *Luci*

Trini F. Silva, por *A casa da Conexa*

Dirección de Producción

María Liaño, por *Todos os Santos*, quen renunciou ao premio

FINALISTAS

Bernat Manzano, por *Somos xente honrada*

Carlos Amoedo, por *Salgadura*

Laura Cuevas, por *O Faro*



Obras máis premiadas:

Somos xente honrada

Longametraxe, para Vaca
Films e El Terrat

Dirección, para Alejandro Marzoa
Guión, para Miguel Ángel Blanca
e Alejandro Marzoa

Interpretación Masculina Protagonista,
para Miguel de Lira

Interpretación Masculina de Reparto,

para Ricardo de Barreiro

Maquillaxe e Perruquería,

para Susana Veira e Erea Pérez

Encallados

Película para TV, para ZircoZine

Dirección de Fotografía,

para Alberto Díaz "Bertitxi" (AEC)

Montaxe, para Adrián Pino

Salgadura

Vestiario, para María Gil e Sonia Segura

Son, para David Machado,

Dani Zacarías e Enric Triviño

Dirección de Arte, para Marta Villar

Era Visto!

Serie TV, para Producións Zopilote
para TVG

Interpretación Feminina de Reparto,
para Isabel Risco

Todos os Santos

Interpretación Feminina Protagonista,
para Isabel Blanco

Dirección de Producción, para María

Liaño, que renunciou ao premio

Costa da Morte

Mellor Documental, para Zeitun Films

Luar

Comunicador de TV,

para José Ramón Gayoso Bonigno

ZigZag Diario

Programa para TV, de TVG

Entre pipas

Serie Web, de Cassinello Arias Rizzi

3-1=0

Curtametraxe de Imaxe Real,
de Olga Osorio e Juan Galiñanes
en coprodución con Píxel Films

Aqua

Curtametraxe de Animación,
para Algarabía Animación

Estrella Galicia Feliz 2013

Anuncio Publicitario,
para Algarabía Animación

Canto de sirena (Piti Sanz)

Videoclip, para Piti Sanz

Galegos no mundo

Realización, para Mónica Ares,
Toño López e Isabel Camaño

Inevitable

Música Orixinal, para Berrogüetto

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelas

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

Palmarés

• Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Acadèmia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓNS

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

74 / 75

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA


ARTIGOS DOS PREMIADOS



EMMA LUSTRES
Mellor Longametraxe



**SOMOS XENTE
HONRADA**



ISA RISCO
*Mellor Interpretación
Femenina de Reparto*



**PREMIOS, PORTAS ABERTAS, COGUMELOS,
BISCOITOS E TRABALLO COLECTIVO**



JORGE CASSINELLO
Mellor Serie Web



ENTRE PIPAS – WEBSERIE



ALEJANDRO MARZOA
Mellor Dirección e Guión




**SEGUIMOS SENDO
XENTE HONRADA**



XOSÉ MEJUTO
Mellor Programa de Televisión



**AS SATISFACCIÓNS
DA CULTURA**



A. DÍAZ "BERTITXI" (AEC)
Mellor Dirección de Fotografía




**ENCALLADOS. A HISTORIA QUE
CONTA A INCAPACIDADE DUN PAÍS...**



J. GALIÑANES e O. OSORIO
Mellor Curtametraxe de Imaxe Real



**3-1=0: PRODUCIR UNHA CURTA EN
2013 OU AS CONTAS QUE NON SAEN**



ADRIÁN PINO
Mellor Montaxe




**PUNTO DE XIRO:
PRESTIGE**



PITI SANZ
Mellor Videoclip



CANTO DE SIRENA



MÓNICA ARES
Mellor Realización



**UN DÍA CALQUERA
DE GRAVACIÓN**



RICARDO DE BARREIRO
*Mellor Interpretación
Masculina de Reparto*



ESBORRANCHANDO



SUSANA VEIRA
Mellor Maquillaxe e Perruquería



**RECIBIR UN PREMIO
MESTRE MATEO**

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelas

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

Palmarés

• Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Acadèmia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

76 / 77

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



SOMOS XENTE HONRADA

EMMA LUSTRES

Mellor Longametraxe

Cústame ser orixinal con respecto a *Somos xente honrada* a estas alturas. A película pasou xa practicamente por todas as fases, completando case o seu ciclo de vida. A escritura do guión, o deseño de produción, o financiamento, a rodaxe, a posprodución, a presentación en festivais, a estrea, a comercialización internacional, a edición do DVD, os premios, e mesmo unha reestrea en salas... Cando unha película viviu todos estes momentos, cando se teñen dito xa tantas cousas sobre ela, é moi complicado achegar algo novidoso.

A experiencia de traballar cun director como Alejandro Marzoa foi francamente estupenda, o labor dos equipos técnico e artístico tamén. Ter compartido esta experiencia con xente tan creativa e interesante coma José Corbacho ou Andreu Buenafuente e todo o equipo de El Terrat foi un auténtico luxo. Sobre todos estes aspectos, e sobre a comercialización, hai un montón de novas publicadas e moitas opinións vertidas, en boca de produtores, actores ou o mesmo director. Engadir algo máis que realmente sexa salientable é complicado.

O que me gustaría destacar de *Somos xente honrada* é o que supón dentro da estratexia de produción de Vaca Films.

A nosa produtora non ten a mesma capacidade de produción agora que hai dez anos, agardamos que a evolución continúe e que en cinco anos poidamos producir aínda máis películas das que estamos facendo na actualidade. E que, polo tanto, poidamos contribuír máis e mellor á evolución do audiovisual galego.

Dentro da nosa estratexia como empresa, da nosa liña de produción, *Somos xente honrada* entra dentro deses proxectos con directores galegos

que debemos financiar cuns mínimos nos que o resultado non se resinta. En definitiva, películas que non sexan das denominadas *low cost*. Non temos nada en contra das longametraxes *low cost*. Todo o contrario, son moi necesarias. Pero semella existir unha tendencia na cinematografía española na que os proxectos ou están dirixidos por un director dos chamados *top* ou directores con certa relevancia, ou só é posible facer cine de baixo orzamento e financiado por vías alternativas. O cine é caro, e se un director novel non conta apenas con recursos para afrontar o seu primeiro filme, as dificultades para facer unha película que poida destacar multiplícanse enormemente.

A nosa bagaxe como empresa facilitanos apostar por directores non *tops* e conseguir o financiamento mínimo necesario para que estes proxectos teñan a posibilidade de destacar. É necesario ter uns orzamentos suficientes para afrontar os custos requiridos e cumprir cuns salarios que cumpran unhas condicións laborais mínimas segundo os convenios colectivos.

Somos xente honrada non é a típica película Vaca Films, digamos que non é un filme a priori "marca da casa", principalmente pola temática e polo xénero que toca. Pero si está no noso ADN sacar adiante proxectos con directores galegos. Como xa fixemos no seu día con *Retornos*, de Luis Avilés, como fixemos con *Somos xente honrada*, e como o estamos facendo con *El Desconocido*, a que será a primeira longametraxe de Dani de la Torre. Ademais, estamos desenvolvendo dous proxectos de longametraxe con outros dous directores noveis galegos, Juan Galiñanes e Pedro Corredoira. E estamos en permanente contacto con outros talentos do noso audiovisual en busca de historias para novas películas.

Esta é unha das nosas claras liñas de produción: apostar polo talento galego, dar oportunidades a creadores que teñen unha boa historia, capacidade e ganas. Xunto a esta liña de traballo, conviven na nosa produtora outras dúas liñas máis. Por un lado, películas pensadas principalmente para o mercado español con orzamentos medio-altos que implican un alto nivel de produción e directores relevantes. Tales son os casos de *Celda 211* de Daniel Monzón, todo un éxito de crítica e público, *Invasor* de Daniel Calparsoro, e máis recentemente *El Niño*, tamén de Monzón, que se estreou o pasado 29 de agosto da man de Fox.

E por outro lado, películas pensadas principalmente para o mercado internacional, rodadas en inglés e onde o mercado doméstico é un máis. Cine pensado para un público universal e preferiblemente con directores españois. A nosa primeira experiencia neste terreo é *Welcome to Harmony*, a última película de Miguel Ángel Vivas; unha historia de terror rodada en Budapest, con coprodución con Estados Unidos, con distribución mundial da man de Sony Internacional e protagonizada por Matthew Fox e Jeffrey Donovan.

Para nós, estas tres liñas de traballo teñen a mesma importancia e a elas adicamos o mesmo esforzo.

Interésanos calquera temática proposta por un director galego con talento e ganas, que creamos que mereza a pena facer e que se poida financiar de forma idónea e, sobre todo, que poida favorecer a que ese director se poida situar no mapa e poida converterse a curto ou medio prazo nun cineasta relevante dentro da cinematografía galega, española e europea. Sen directores propios non se constrúe audiovisual. En Vaca Films, a iso estamos, intentando construír.

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelas

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

Palmarés

• Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Acadèmia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES


78 / 79

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



ENTRE PIPAS – WEBSERIE

JORGE CASSINELLO

Mellor Serie Web

O trasfondo da *Entre Pipas* é dar valor ás pequenas cousas, destilando o lado máis extraordinario do ordinario. A través das súas observacións, esta webserie pretende sacar á luz aquelas situacións e reflexións da nosa rutina, que en tantas ocasións pasan desapercibidas e que, non obstante, van formando a nosa vida case sen sabelo. Temas e observacións entorno á inxustiza, prexuízos, indiferenza, guerra de sexos, masculinidade e o perdón -entre outros- danse cita en cada capítulo, sempre da man dun humor próximo. Todo isto, en boca de Luis e Julio, as dúas caras dunha moeda: a amizade. Tan distintos como dispares e ás veces incompatibles, Luis e Julio representan a maxia das relacións sociais, nas que dúas persoas, aparentemente incompatibles e contraditorias, apenas poderían existir a unha sen a outra. Noutro plano, Luis e Julio representan tamén a contradición e pensamentos enfrontados que forman parte de cada persoa e que, tan conflictivos como incompatibles, son fundamentais para definir a nosa personalidade e accións.

En relación ao público, *Entre Pipas* busca a complicidade: ese aceno e recoñecemento nas situacións e reflexións polas que pasan os dous personaxes. A intención de *Entre Pipas* é que as persoas se sentan identificadas con aquelas "pequenas grandes" situacións e reflexións que nos suceden ao longo do día e que adoitamos deixar apartadas en pro de circunstancias "socialmente máis urxentes".

En termos de produción, o feito de rodar nunha soa localización "estática", facilita certos labores. Non obstante, dende un punto de vista de dirección e interpretación, é un reto con poucas vías de escape: todo acontece nun mesmo lugar e non utilizamos planos recurso. A acción recae plenamente nos diálogos; neste sentido, a entoación, modulación e silencios son ferramentas imprescindibles que requiren un dominio absoluto por parte dos actores. O ritmo e dinamismo dos episodios non funcionan sen o pleno control destas ferramentas por parte de actores e dirección. Por outro lado,

a improvisación é un elemento, que ademais de ser clave, achega un factor de maxia aos capítulos. En palabras de Luis Zahera, *Entre Pipas* é "reloxaría suíza cun toque de maxia".

A gran vantaxe de realizar unha webserie é ter o medio e canle nas túas mans. Non obstante, se ben a audiencia está "aí", chegar a ela presenta un reto complicado. A xente está exposta a demasiado contido e información. Traspasar esta barreira de saturación -que á súa vez xera indiferenza- cun produto diferente é o primeiro paso da odisea. Que guste e se comparta xa é outra historia...

Outra das grandes diferenzas de presentar unha serie na rede está na propia comunicación: na rede, un capítulo vai máis alá do contido. Xérase unha conversación moi persoal coa audiencia que debes alimentar e xestionar. Nese sentido, a comunicación, ademais de ser moi activa, require estar pendente, aberta a comentarios e cunha capacidade de reacción rápida e efectiva.

Un reto ao que nos vemos expostos en *Entre Pipas* é o da continuidade e supervivencia da propia webserie. Producir contido orixinal de calidade de forma independente é complicado; e conservalo máis aínda. Os medios de comunicación e as marcas de consumo deben aceptar, adoptar e apostar por este tipo de contido orixinal que se move nas novas plataformas de comunicación e que a audiencia consume de forma activa. *Entre Pipas* -ao igual que outras webseries orixinais de produción independente- convértese na ponte ideal para conectar medios de comunicación e marcas coa audiencia, dunha forma dinámica, fresca e social. Se ben é certo que actualmente calquera persoa ou colectivo ten poder de creación, produción e distribución, o certo é que sen a axuda de medios de comunicación e marcas de consumo que aposten por este tipo de contido orixinal, a subsistencia de produtos como *Entre Pipas* non é viable a medio/longo prazo. Actualmente, o apoio mutuo é o único xeito de convivencia presente e futuro.

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelos

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

Palmarés

• Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Academia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

80 / 81

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



AS SATISFACCIÓNS DA CULTURA

XOSÉ MEJUTO

Mellor Programa de Televisión

A cultura xera coñecemento, pero tamén benestar e satisfacción. Se non que nolo pregunten a todo o equipo de Zigzag que por terceiro ano consecutivo recibimos o premio ó mellor programa de televisión. É un recoñecemento a unha aposta innovadora que xa leva catro anos en antena porque é o único informativo cultural diario nunha televisión. Neste caso pública e autonómica. É tamén un recoñecemento ao equipo directivo desta casa por ter apostado por un formato inusual no panorama audiovisual. E por último, recoñécese o labor dunha redacción que traballa esforzadamente para contar a nosa realidade cultural por minoritaria ou afastada que sexa.

Traballar no Zigzag é un orgullo porque nos permite relatar o vello e o novo, o clásico e o moderno, conviven os artistas asentados cos novos valores. Todos eles, no seu conxunto, reflicten a cultura do país. De norte a sur, de leste a oeste, esforzámonos en

chegar onde acontece a actualidade cultural. O programa ten xa cinco anos de travesía que na televisión é moito dicir, pero seguimos constatando o interese que provoca e o movemento que xera. No mundo sen fronteiras, global, no que vivimos, un produto destas características convértese en universal. Non só interesa en Galicia, nas emisións que a cadea programa para Europa ou América observamos que a cultura do país é un estandarte que concita unanimidade.

Nalgún momento dixemos que a televisión pública era unha ferramenta indispensable para divulgar a cultura e programas como o Zigzag referendaban o seu valor e o seu sentido. O carácter de servizo público ponse de manifesto ó dar cobertura e visibilizar actividades que, de non existir a Televisión de Galicia, non serían accesibles á audiencia. Por tanto, estamos ante un combinado composto por servizo público e cultura que reforza

o papel que desempeña en Galicia a nosa televisión.

Os agradecementos poden ser infinitos e nestas liñas non queremos esquecernos de ninguén. Ó público que nos segue temos que darlle as grazas permanentemente. As novas tecnoloxías son unha ferramenta extraordinaria para ver Zigzag a calquera hora. A páxina web da Televisión, Twitter, Facebook, todo é útil para dar a coñecer os seus contidos. E a nosa audiencia, que resulta ser moi versátil, así o fai.

Por último, pero non menos importante, todo o equipo quixerámoslle agradecer á Academia este novo recoñecemento que recibimos, como xa se dixo, con gran satisfacción. Resúltanos especialmente reconfortante que os membros desta institución reparen en nós tres anos seguidos. Moitas grazas por tanto á Academia e o ano próximo seguiremos zigzagueando polo grato mundo da cultura.

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelas

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

Palmarés

• Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Academia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

82 / 83

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



3-1=0: PRODUCIR UNHA CURTA en 2013 ou as CONTAS que non saen

JUAN GALIÑANES E OLGA OSORIO

Mellor Curtametraxe de Imaxe Real

En 2012 Juan Galiñanes rematou a escrita do guión dunha curta de imaxe real que marcaba un xiro radical na súa traxectoria profesional. Despois de case dez anos traballando en animación na súa maioría orientada ao público infantil, Juan volvía á imaxe real –que nunca abandonara de todo aínda que si como opción profesional principal– cunha historia adulta e para adultos na que ademais conxuraba algúns dos seus medos vitais. Unha vez rematado o guión tiñámolo claro: había que rodala como fose. O malo era que despois viña a segunda parte: resolver cómo.

Non é nada raro que o itinerario habitual para producir unha curta pase polas axudas públicas. Ao fin e ao cabo a vida comercial das curtametraxes é moi limitada e resulta difícil atopar rendibilidade para elas, de xeito tal que é difícil tamén, por non dicir que imposible, que un inversor privado se anime a poñer cartos para unha produción destas características. Xa que logo, a subvención parece case a única vía real para asumir a produción dunha curtametraxe pero xusto coincidiu que ese ano as axudas ao talento do Agadic non se convocaron, o que supuxo ver como se esfumaba a opción máis real para sufragar os gastos básicos da rodaxe.

Porque, canto custa facer unha curta? Algunhas veces a prensa publica titulares sobre o éxito dunha curta rodada con 80, 200 ou 600 euros, unha mensaxe que ademais de mentireira é máis que prexudicial para o sector audiovisual. Rodar 3-1=0 tería custado 40.267 euros se se tiveran asumidos todos os gastos reais que implica, como os 16.150 euros que deixou de

cobrar o equipo técnico ou os 5.200 que non lle pagamos ao artístico, calculados de acordo co que se establece no convenio para producións de baixo presuposto, de xeito tal que a nosa principal fonte de financiamento foi xa dende o inicio, como en calquera outra curta, que a xente traballaba de balde. Na rodaxe eramos 32 persoas no equipo técnico máis os dous actores protagonistas, os dobres e, durante unha xornada, o bebé acompañado das súas orgullosas nai e avoa. Todos eles contribuindo coa súa xenerosidade para que a curta se fixese por razóns diversas: amizade, interese propio, curiosidade, facer currículo, aprender, porque lles gustaba a historia, porque non souberon dicir que non a tempo, porque non sabían onde se metían, porque ía "zutano"… Unha ou varias desas razóns, que importa, foron as que motivaron a un grupo que se achegou por momentos aos corenta na rodaxe e que aumentou na etapa de posprodución en oito máis, a traballar gratis arreo durante como mínimo catro días nos casos máis afortunados e durante moitos máis nos que levaron a peor parte.

Ademais xa case desde o inicio se implicaron como coprodutores Jairo Iglesias e Sara Horta de PixelFilms. Con eles se facilitaron moitas cousas. En primeiro lugar a necesidade básica de contar cunha produtora para resolver cuestións de tipo legal como, por exemplo, pedir a cualificación por idades no ICAA, requisito indispensable para exhibir a curta nunha sala de cine. En segundo lugar, PixelFilms aportou unha parte crucial do equipamento técnico: a súa RedScarlet e con ela o resto do seu equipo de rodaxe e posprodución. Do noso presuposto

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelas

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

Palmarés

• Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Academia del Cinéma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

84 / 85

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

JUAN GALIÑANES E OLGA OSORIO

Mellor Curtametraxe de Imaxe Real

inicial podíamos rebaixar aluguer de cámaras, trípode, ópticas, sala de etalonaxe... Caamaño Castro emprestounos un dos seus sliders e conseguimos algúns patrocinios máis na mesma liña procedentes do sector: Filamento deixounos o material de iluminación e a mestura de son correu a cargo de Cinemar. A Facultade de Ciencias da Comunicación e a Escola de Imaxe e Son contribuíron con máis equipamento técnico e, sobre todo, humano, e así puidemos completar os equipos de dirección, produción, eléctricos, making of e foto fixa con algunhas futuras promesas do sector audiovisual grazas a senllos convenios de colaboración con ambos centros de ensino, aparte de conseguir tamén por esta vía algún material adicional.

Por sorte Juan, xa con mentalidade de director-produtor, pensara nunha curta asumible: dúas personaxes nunha soa localización que, como non podía ser doutro xeito, tamén conseguimos gratis grazas a unha amiga que milagrosamente segue a selo, a deseñadora de interiores Beatriz Gayoso Prieto, que nos deixou rodar na súa casa exiliando a súa familia durante catro días. O presuposto íase reducindo grazas ás colaboracións mentres as nosas débedas vitais subían.

Así e a todo seguía a haber gastos. Na rodaxe fóronse 2.941 euros en cuestións tan básicas como gasolina, teléfono, comidas, seguro, gastos de luz, material para arte, maquillaxe... E unha vez rematada a rodaxe os gastos seguiron: discos duros, dominio web, pagos de inscricións en festivais, DCP, subtítulos en inglés e francés, merchandising, gastos da estrea... A partida máis grande sen dúbida foi para distribución, un tema que ben merecería un artigo

aparte. Sumándoo todo, o desembolso que tivemos que facer pola curta anda a día de hoxe ao redor dos 6.000 euros, unha cifra ante a que retomamos o argumento do inicio: 3-1=0 non é unha curta que custase 6.000 euros, é unha curta que custou 40.000 (ou se cadra un pouco máis, penso que o previsto para publicidade e distribución era menos do que realmente gastamos), dos que boa parte se financiaron a través da xente que traballou gratis, mediante a cesión de equipos e a través de colaboracións de pequenas e grandes empresas que permitiron reducir drasticamente os gastos en partidas como vestuario ou catering.

E que pasa cos 6.000 restantes? Pois unha parte foi financiada polo Concello de Cambados a través do pago do merchandising e a curta recibiu polo de agora dous premios con dotación económica (Festival de Cine de Zaragoza e Festival de Cine de La Orotava) que permitiron que a seguíssemos enviando a outros festivais. En canto ao resto, nós aportamos 2.500 euros dos nosos aforros e contamos con 91 xenerosos amigos que puxeron o restante a través dunha campaña de micromecenazgo.

Hai pouco liamos un artigo que reflectía bastante ben a que imaxinamos que é a experiencia de todos os que emprendemos unha experiencia de "crowdfunding". Na práctica, das 91 persoas que nos axudaron a conseguir 2.335 euros –un 117% do obxectivo que nos fixamos– a inmensa maioría eran amigos ou familiares nosos ou de alguén do equipo. Durante o tempo que durou a campaña estivemos bombardeando a amigos, coñecidos e vítimas colaterais tanto en persoa como sobre todo nas redes sociais no

que supón unha importante inversión de tempo, de enerxías e tamén unha parte importante de mala conciencia cando por momentos se nubra o de "o fin xustifica os medios". Pero ademais o micromecenazgo non implica "só" conseguir que a xente poña os cartos e xa: hai que definir as recompensas, deseñalas, producilas e logo facerllas chegar aos colaboradores. Nós aínda debemos algunha que non fomos quen de entregar no seu momento e crédeme que pesan como unha louxa. Do que se recada hai que investir unha boa parte no pago desas recompensas e hai que recordar tamén que outra porcentaxe importante vaixe en comisións: da plataforma, do banco e de Paypal. No noso caso foron 230 euros. Pese a todo, se nos preguntan agora creo que ambos diríamos que finalmente pagou a pena por dúas razóns: a campaña serve para que te decates de canta xente está disposta a botarche unha man para que poidas sacar adiante a túa historia, o cal é moi bonito e, por outra parte, no caso dunha curta non hai moito máis de onde rascar. Ao fin e ao cabo, con crowdfunding ou sen el, producir unha curta supón pedir favores, pedir favores e pedir favores. Se isto inclúe pedirllles aos amigos que merquen unha camiseta e/ou un DVD a un prezo un pouco máis elevado do normal e antes de que o produto exista pois... é o que hai. Creo que a todos nos gustaría que fose doutra forma pero nós aínda non descubrimos como.

No caso de 3-1=0 houbo unha porta que se abriu un breve momento para volverse a pechar. Mentres estabamos rodando se convocaron as axudas a produción de curtametraxes do ICAA, así que preparamos todo o papelame e presentamos o noso dossier sen

moitas esperanzas porque sabiamos que a competencia sería dura. Para a nosa sorpresa concedéronnos 9.890 euros. A mala noticia é que nos vimos obrigados a devolver a subvención ante a imposibilidade de cumprir os requisitos que incluían, entre outros, ter dados de alta na Seguridade Social durante os días de rodaxe (previamente comunicados ao ICAA) a todos os que aparecían nos títulos de crédito. Gustárame saber cantas das curtas "agrazadas" coas axudas foron capaces de cobralas e que parte deses cartos investidos en promocionar as bases do audiovisual chegaron realmente ao seu destino.

E que pasa cos ingresos? Como se recuperan eses cartos? Como dixen ao principio, a rendibilidade dunha curta é moi limitada e redúcese a pouco máis que os premios que poida conseguir en festivais e ao pago por algunha emisión televisiva se hai sorte. Neste sentido hai algunhas malas novas, entre elas que o presuposto dos festivais é cada vez menor ou, o que é o mesmo, que hai menos premios a repartir. Por riba, o que é malo é bo a un tempo, o nivel das curtas mellorou moitísimo nos últimos anos. Iso é bo polo que demostra do talento e do futuro do sector audiovisual, pero malo na medida en que xa non chega con ter unha boa curta para acadar moitos premios xa que hai bo feixe delas cun nivel extraordinario. En anos anteriores non era raro ver que unha ou dúas curtas se levaban todos os premios mentres que agora pódese comprobar que están moito máis repartidos en función do perfil do festival. E á vista da produción recente podemos dicir que se ben é certo que se pode facer unha curta que destaque cunha boa historia e poucos medios, non o é menos que

o nivel técnico e de produción a nivel nacional e internacional mellorou de xeito tal que para competir en curtas –ou, dito doutro modo, para sentar as bases do futuro da ficción audiovisual dun país– non viría mal investir de verdade nelas.

Coas cifras sobre a mesa queda claro que as contas non saen. Producir unha curta é unha aventura deficitaria desde a súa concepción, na que un gaña moitas horas de traballo, moitos desgustos e débedas de por vida, como xa dixemos antes. Entón, por que facelas? Pois si, a resposta é, como non pode ser doutro xeito, de tipo emocional: porque nos gusta contar historias; porque queremos facer películas, aínda que sexan pequenas; porque as películas pequenas ás veces son as máis grandes; porque andan os amigos polo medio; porque fas novos amigos; porque adquires débedas de por vida; e porque cun pouco de sorte rematas sendo parte de algo que che fai encher o peito de orgullo.

3-1=0 converteuse nun desde casos. Puidemos rodala, o que xa de por si é todo un logro, contando ademais cun equipo técnico e artístico excepcional con xente máis que recoñecida no sector. Démonos o luxo de estreala nunha pantalla de cine a 4k que nos permitiu ver en todo o seu esplendor o resultado do noso esforzo e recollemos xa varios premios nacionais e contamos con varias seleccións internacionais ás que sen dúbida se seguirán sumando outras. E gañamos un Mestre Mateo con ela, que para nós era o premio máis importante, o que máis ilusión nos facía porque, ao final, a un o que máis lle presta é que o valoren os da casa. Así que si, o esforzo pagou a pena.

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourellos

Discurso de Manolo González
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

Palmarés

• Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Acadèmia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓNS

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

86 / 87

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



O premio "polémico?" do videoclip CANTO DE SIRENA que logo non se sabia nada. Se estaba errado, qué confusión, porque ninguén sabía o que non era coñecido ... E aínda non é.

PITI SANZ

Mellor Videoclip

Calquera parecido con calquera persoa ou personaxe é casualidade. Pode que algún dato se achegue á realidade. Pura casualidade.

Personaxes (ficticias): Piqué e Patti son parella, mais non se coñecen. Están nun salón-dormitorio con cociña americana. Probablemente haxa un baño nalgures, hai un penico debaixo da cama. Unha mesa cadrada no centro. Dúas cadeiras. Sentado nunha delas, Piqué ataca furiosamente un teclado branco de computador. Patti está sentada en fronte con outra computadora branca, "paseando" por internet. Falan sen apartar a mirada da computadora... Evidentemente, cada quen na súa pantalla.

Patti: Ah...
Non. ...
Hum ...

Piqué: Toma! ...Outra!

Patti: Huh?

Piqué: O que?

Patti: O que! ti!

Piqué: Ah, nada nada

Patti: ...Viches o vídeo?

Piqué: O que?

Patti: O videoclip que gañou nos Mestre Mateo

Piqué: Siiii... Dúas posibilidades: Ou non ten pu... idea, ou toleou

Patti: Ou as dúas...

Piqué: ...e estábase a rir de todos... estou seguro porque... porque si.

Patti: Si... Seguro.

Piqué: ...E tamén é un "chulo". Seguro tamén. El é un "chulo". Xa viches na entrega. Mais aínda, estivo convencendo ó xurado para levar o premio ese...

Patti: Non hai xurado, votan os académicos.

Piqué: Todos? Eu non votei!

Patti: Todos os membros da Academia. Ti non quixeches... Si... é un "chulo" que estivo detrás de todos por ter un voto...

Piqué: Vale...Mais... Por qué fixo iso? Ese vídeo? Quere reivindicar algo ou que? Non comprendo...

Patti: Non o sei nin me importa. Tanto me ten...

Piqué: Si. Tanto ten... Porque toleou! Volveuse louco! E non ten p... idea! Certo? E é un "chulo"!... ...cos seus blablabla e as

súas teorías. Chamando a todos os colegas e pedindo polo voto... idiota-award da semana, vouno propor...ha ha ha!... Hop! ... Intro! Feito!... Fixo algunha entrevista?...

Patti: Non. Ningunha.

Piqué: Non o chamou ninguén da prensa para saber por que...? Pero se dixeron "polémico premio"!

Patti: Pois non.

Piqué: Ho, ho, ho... Téño onde quero! E téño fácil! A verdade... Xa é persoal

Vouno propor para o Mestre Mateo do Excel! ... Intro!

Patti: Non é Excel...

Piqué: Bah! O que sexa! Imos ó que importa: teño cinco retweets! Vou... I-di-o-ta-da-se-ma-na... Intro! ... Fácil!... Seis retweets! Nen sequera sabe o que é un plano secuencia!

Patti: ...Dixo plano o secuencia, cantas veces viches a gala?... ou, no??

Piqué: Boh! Vou ó Facebook...

Patti: No Facebook hai un texto ben armado escrito por Carlos LR que defende a Piti ...

Piqué: Como? Ninguén o pode defender! Ese Carlos é outro que non ten p ... idea. Un amigo de súa corda ...

Patti: ¡Non! Carlos fai moi bos videoclips, é moi bo... Marchou para América ou anda por alá... Viu "Canto de Sirena" no Youtube. Creo que Piti lle contou o "cómo e porqué" do videoclip, mais Carlos non revela nada desa explicación ... Aínda así, fai un razoamento

ben armado defendendo a Sanz ... Evita Facebook, Mellor céntrate no Twitter, aí non temos resposta posible.

Piqué: Pois vai ser así. Retroalimentando! ...

Patti: ... A música do videoclip está ben ...

Piqué: Eeeeh! Se dicimos que é unha bosta, é todo unha bosta! ... Ho ho ho ... Sanz ... mais retweets! Vai gañar o premio "Idiota da Semana"! .. por sorte, temos as redes sociais para informar! Eeeeh ... Vai para trending topic!

Patti: ¡Mira na TV! ¡Acaban de dicir: "controvertido premio dos Mestre Mateo!"

Piqué: Ves? Xa está!

Patti: Home, xa, pero en calquera momento chamará calquera xornalista para preguntarlle polo asunto... e explicará... non sei... iso tan convincente dos motivos dese clip...

Piqué: ...Iso non vai pasar! Quedamos en que era merda, que non ten idea, toleou e foi, probablemente, detrás dos académicos pedindo o voto. Repetimos isto tantas veces que xa é así. Xa pasou moito tempo. Ninguén o vai chamar para que explique nada. Feito. Ás veces a xente non as pensa, menos mal que estamos nós para abrílles os ollos. Nós informamos, non creamos opinión.

Patti: Oh... si. Hum... Intro

Piqué: Si... Ah... Enter...

(Quedan mirando a cadansúa pantalla...)

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelas

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

Palmarés

• Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Acadèmia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

88 / 89

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



ESBORRANCHANDO

RICARDO DE BARREIRO

Mellor Interpretación

Masculina de Reparto

E seguimos na loita para sobre-vivir, para defender o que é noso e que tan lonxe vemos ás veces... Segue sendo un tempo non apto para reviravoltas estéticas nin para tirabuzóns estilísticos. O que conta é bracear para non afogar. O que conta é seguir a flote para coller impulso vital, abrir a boca, e respirar na procura dunha super-vivencia cada vez máis orfa de apoio cultural.

Ben é certo que somos un oficio con privilexios. Por que? Pois porque somos, ou debemos ser, unha enorme familia cultural (con toda a truculencia emocional que iso implica) capaz de ilusionar e de facer reais os sonhos do noso público. Para iso debemos impregnar o noso traballo de lealdade á familia escénica e audio-visual da que procedemos, nos guste máis ou menos. Debemos ser obreir@s comprometid@s co que contamos, e debemos contar con cada unha das persoas que conformamos esta estrutura familiar. Debemos ser creador@s constantes, contorsionistas narrativos para rompernos os cornos e re- conseguir así emocionar á xente. E somos capaces de facelo, porque temos talento, porque se queremos podemos facelo. Só temos que confiar de verdade en todo o que temos, que é moito máis do que pensamos e valoramos.

Ben é certo que non só vivimos de aplausos, ou de piropos tinxidos de sinceridade con viño do país. Necesitamos algo máis. Necesitamos moito máis. Necesitamos crear para sentirnos viv@s. Non pedimos crear unha nova constelación repleta de estrelas. Só pedimos ter a oportunidade de ser dign@s artesás/áns da palabra, da narrativa, da fotografía, do vestiario, da maquillaxe, da perruquería, da música, ou da produción, sen estrelarnos no noso intento por dignificar o noso oficio.

E chegado este punto veñen os premios, nun principio, fio condutor desta colaboración que se me pediu desde a Academia Galega do Audiovisual para falar sobre o premio Mestre Mateo que recibín este ano e que, como se pode comprobar, está a ser escusa para esborranchar opinións persoais neste papel en branco improvisado que desde a Academia se me regalou. Dito isto, penso que os premios son necesarios para visibilizar e darlle voz ao sector. Son necesarios para proxectar as nosas inquedanzas, e para reunir a esta familia nosa, que de non existir estas xuntanzas, remataría por estruturarse de todo. Os premios son recoñecementos que fan medrar, ou cando menos, non tirar a toalla; son o aloumiño que ás veces necesitamos para dicirnos a nós mesm@s: "veña, segue para adiante que paga a pena". Sabemos que non son un salvoconduto para atopar traballo, pero dá impulso para seguir na loita.

No meu caso tiven a sorte de recibir este aloumiño inesperado polo filme *Somos xente honrada*, de Alejandro Marzoa, e producido por Vaca Films. E que dicir... Sentínme e síntome emocionado pola mostra de cariño e o re-coñecemento da profesión, e máis por un traballo no que se me permitiu xogar e divertirme, coa seguridade de sentirme valorado, querido e entendido durante todos os procesos da creación desta linda película.

Pero sobre todo, emociónome ao mirar atrás e ver que tiven ás mellores e ós mellores maestr@s vitais e artísticos educándome e mostrándome o camiño. Que alí varado no medio dun escenario inmenso cheo de compañeir@s e recollendo un premio, sentínme máis obreiro da miña profesión ca nunca. E máis seguro, sabendo que seguimos tendo a xente que "anda por aí" saneando este aire viciado que respiramos. Por todo isto mil grazas.

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourellos

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

Palmarés

• Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Academia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓNS

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

90 / 91

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

🖼️ GALERÍA FOTOGRAFICA



PREMIOS, PORTAS ABERTAS, COGUMELOS, BISCOITOS E TRABALLO COLECTIVO

ISA RISCO

Mellor Interpretación Femenina de Reparto

Era Visto! Para min nesta ocasión non era visto! Nada máis lonxe da miña consciencia, case sempre dominada pola inconsciencia, mais a non sei cantos ferrados luz de distancia da miña imaxinación. Se cadra tamén por iso foi para min máis sorprendente, inesperado, imprevisto, inopinado, insospeitado; mesmo podendo entrar no corpo e na mente de Sherlock Holmes non atoparía indicios fiábeis de que fose recibir o Mestre Mateo 2013 á mellor (porque é así como se denomina, non porque neste caso eu o considere así) interpretación feminina de reparto. Así que tendo en conta o nivel de sorpresa elevadamente exponencial, a sensación de corpo e mente foi directamente proporcional tendo incluso vibracións incontrolábeis podendo chegar a rexistrarse movementos sísmicos endóxenos de 5,8 na escala de Richter. Sensacións todas elas concentradas en poucos minutos nos que unha porcentaxe deles foron necesarios para asimilar o acontecido e reaccionar, incluso tiven que recibir algún que outro aviso externo e de compañeirismo que me axudou a reaxir. E unha vez se me deu a oportunidade de recoller o busto de tan conspicuo e egregio Mestre Mateo, e, segundo marca o protocolo, chegado o momento de emitir palabras de agradecemento, dedicatorias, ou o que cada quen considere en circunstancias análogas, a miña mente deixou, en coordinación descoordinada coa miña anatomía, que a miña gorxa liberara palabras e frases que levaba dentro; xa que, a consecuencia do xa debullado ao inicio, a falta total e absoluta de certeza e de crenza en que tal cousa se chegase a producir, un total e absoluto ateísmo sen escepticismo sobre a posibilidade de que esa escultura metálica puidera chegar a acompañar ao resto de obxectos que se espallan polo meu pequeno apartamento, non había nada preparado ou adestrado previamente, foi como cando tes unha visita inesperada e modestamente multitudinaria, dispós dun preparado para facer un biscoito de noces cos seus necesarios complementos líquidos fríos ou quentes e á escolla das e dos visitantes. O fortuíto moitas veces fai que haxa cousas que se vexan secuestradas polo despiste, e cando xa tes esa condición no teu ADN comportamental, quedan cousas na recámara que non deron en saír nin en expresarse. Por outra banda, pola de Laiño por escoller unha, e xa que participo da sociedade, do país no que vivo e ao que pertenzo por orixe, nacemento e existencia, esa válvula da consciencia inconsciente fixo que botara para fora unha palestra pública que tan amablemente e xenerosamente se me ofreceu o que me preocupa, o que me desacouga, o que penso debe mudar, que hai que reclamar, que hai que defender, colectivamente xa que só o colectivo soluciona o individual, o *White Riot* dos Clash emulando e inspirándose no Black Riot da súa realidade social naquel intre. E logo apareceu sen eu raclamalo, como se se tratase dunha posesión por ter traspasado algunha fase ou

dimensión, o amigo imaxinario Nikita Khrushchev, estou pendente de consultalo con algunha ou algún especialista, máis se cadra pode ter que ver cunha afección confesábel, xa que iso estou facendo, polas citas e discursos de determinados persoeiros da historia occidental máis recente: 'Considero a Berlín como os testículos de occidente, cando quero que occidente berre aperto a Berlín', e xa vai chegando de que nos aperten os testículos e non Nikita precisamente, o berro comeza a ser seco, e se aínda fose o da festa de Ponteceso sería estupendo! Mais non é así.

Non me queda se non agradecer infinitamente ás e aos académicos que tiveron a feliz inconsciencia, beneficiosa para min, de votarme e concederme semellante galardón, que para a miña modesta opinión, e seguro que coincidente coa de moitas e moitos, se cadra non merecido, como diría Groucho Marx con respecto á xustiza militar sendo esta á xustiza o que a música militar é á música. Mais os premios, que son un maravilloso agasallo e unha grande sorte recibir, son iso, algo material, mais que as veces transgreden a súa condición e proporcionan unha estupenda satisfacción e ledicia, transmutándose así nunha dimensión máis metafísica. Sei que hai profesionais de calidade indiscutíbel que o merecen moito máis, onde vai parar, non é algo que pense e logo escriba condicionada por unha falsa diplomacia, é algo que certamente penso e sinto, por iso ao falar antes dese despiste patolóxico, acordouseme após abandonar o escenario, que puidera ter convidado a subir ate alí ás compañeiras da mesma categoría e a todas e todos os meus compañeiros de *Era Visto!* Xa que sen eles e elas e grazas a eles e elas tamén se fixo posíbel o feito de que alí estivera e na condición coa que se me agasallou. Participar en *Era Visto!* que me deixaran ter un novo e diferente punto de vista, xa que eu vexo o mesmo que ve a cámara e polo tanto os e as espectadoras, que me permitisen liberar adrenalina a base de vareadas ou bastonadas e desafogo verbal, poder ter un bo feixe de anos máis dos que teño, ter un fillo, e enriba alguén como Don Anselmo, compartir tremendos e flipantes momentos con todos e todas as miñas compañeiras, rir, incluso sen ser vista e sen ser necesario repetir por ese efecto incontrolabel mais inevitabel, divertirme, ter algo de traballo, e tantas outras cousas alucinantes e positivas, tamén é de moito, de moitísimo de agradecer! Hai poucas palabras para expresar a gratitude, aló menos eu non dispoño delas. E xa que semella que este é o momento diso segundo me foi levando a escrita, outro feixe infinito de agradecemento a todas as persoas que dun xeito ou doutro fixeron chegarme os seus parabéns, como diría Álvaro Cunqueiro, 'Xente de aquí e de acolá', un auténtico desfase que fai que o premio aumente e que se multiplique de xeito escandalosamente pracenteiro e positivo, para min unha sensación que ten difícil comparanza, non sei se poderá haber algún cogomelo ou preparado lisérxico que poida reproducir esa percepción, revisarei os escritos de Aldous Huxley, e a ver se aparece esta maravillosa porta da percepción que tiven a infinita e nada merecida sorte de poder atravesar grazas a que todas e todos vos abríchedesma. Así que como xa dixen (non aquí mais sí noutros foros) é tan voso coma meu, de todas e todos vós, de norte a sur e de este a oeste, por todos os ferrados que ocupa este país de leiras, lugares, aldeas, parroquias, pobos, vilas, cidades, comarcas... un enorme e extenso nobelo petroglífico. Terei que organizar convites e preparar uns bos biscoitos, tortas, e outras lambetadas varias! Seredes benvidas e benvidos, como non pode ser doutro xeito, e se non collemos tiramos tabiques! Queda a miña porta aberta para todas e todos vós, era visto!

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelas

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

Palmarés

• Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Acadèmia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓNS

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

92 / 93

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

🖼️ GALERÍA FOTOGRAFICA



SEGUIMOS SENDO XENTE HONRADA

ALEJANDRO MARZOA

Mellor Dirección e Guión

Despois de tantos anos xuntos, 4 curtas de ficción, outros proxectos en común como a banda musical Manos de Topo, Miguel Ángel Blanca e máis eu, coñecemos moi ben o un ó outro e cremos que chega o momento de intentar dar o salto á longametraxe. Pero sobre todo, ó longo de todos estes anos encontramos a fórmula ideal para poder traballar xuntos e competarnos sen molestarnos. A nosa forma de traballar é a seguinte: primeiro falamos de todo, pero de todo quere dicir de todo, non só do guión:

-“Ostias... este actor molaría telo, este outro estaría xenial para esta secuencia, hai que facer uns *dossiers* e empezar a movelos, mandalos coas curtas en pequenas carpetiñas pegadas nas solapas do mesmo informe, con vistosas serigrafías e bombardear a tódalas produtoras posibles. Tamén hai que comentarlle a “x” o que temos entre mans e intentar poñer os dentes longos a quen se poña polo medio, etc... e logo pasamos ao guión: falamos do ton, pensamos como nos gustaría que se desenvolvese a historia, que cousas nos gustaría que pasasen, que mensaxe queremos mandar, como teñen que ser os personaxes, blablabla... falámolo todo así moi en xeral e M.A. encárgase de escribilo. Eu non participo no proceso de escritura. Cando ten algo con

cara e ollos que cre que se pode ler, mo pasa, mo leo e volvemos quedar para debatelo, tomar notas ou discutir. A M.A. como a case todo o mundo, encántalle ter a razón e saírse coa súa. Estas discusións adoitan ser duras. Para conseguir o seu obxectivo encántalle facer rabiñar a xente. O sarcasmo e a ironía, que logo contaxia aos personaxes que crea, son a súa arma e a súa bandeira. Ás veces consegue sacar das miñas casillas e obrígame a facerme falsas promesas de que nunca máis volverei traballar con el. Pero se despois de tantos anos aínda non o fixen, dubido que iso chegue a suceder.

O proceso de escritura é un proceso bastante duro e pouco agradecido. Ti aí, só, na túa casa investindo horas por amor á arte, sen saber se o que estás a facer chegará a convencer a alguén. O proceso de desenvolvemento de proxectos é un dos males que hoxe en día padece a nosa industria. Semella que escribir sexa algo que se pode facer gratis e ás veces que faga falla.

É a fase inicial, na que todo o mundo cre que se pode abusar sen fin. Se todo este proceso estivese tratado con cordura, respecto, esixencia e á vez correspondido cun soldo acorde ao esforzo e a responsabilidade que leva consigo... moitos dos problemas que logo te

encontras en montaxe terían solución. É gracioso mesmo como nos podemos chegar a enganar entre todos durante esta fase: - “Esta secuencia non funciona, non termina de estar ben...” - “Ben, depende como a rodamos, se fas isto e isto outro na rodaxe, entón pode que si,” MENTIRA! Meses despois, na sala montaxe, acórdaste do día exacto no que se chegou a dicir esa frase, porque a secuencia segue sen funcionar! Sen dúbida, frases como esta, son o resultado do desespero, do cansazo, de sentirse pouco valorado, de meses de traballo sen remunerar e de non saber quen vai ser o valente ou os valentes que van querer levantar este proxecto. Logo, cando pasan cousas como o recoñecemento conxunto na pasada edición dos Mestre Mateo ao Mellor Guión entre outros, tes a sensación de que todo o sufrido pagou a pena, e máis para alguén como eu, que leva xa trece anos lonxe da súa terra pero igual de apegado emocional e profesionalmente como cando rodei a miña primeira curtametraxe *Tempada 92-93* xunto aos meus amigos e grandes actores Carlos Blanco e Miguel de Lira, onde dous amigos de toda a vida se enfadaban por culpa dunha quiniela... ou era por culpa do Celta? Este foi un bonito ano que sempre recordarei e un gran peche con eses seis Mestres Mateo á miña ópera prima *Somos xente honrada*. Por favor, fagamos a seguinte.

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourellos

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

Palmarés

• Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Acadèmia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓNS

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA

ZELTIA MONTES

94 / 95

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

ENCALLADOS. A HISTORIA QUE CONTA A INCAPACIDADE DUN PAÍS DE AVANZAR EN CLAVE DE META-CINEMA

ALBERTO DÍAZ "BERTITXI" (AEC)

Mellor Dirección de Fotografía

A orixe desta longametraxe vén dunha subvención concedida a ZircoZine para a realización dunha tvmovie que non puido financiarse. Os responsables de ZircoZine no ano 2012 atoparon que esta subvención prescribía e antes de perder este diñeiro concedido ao cinema, decidiron poñerse a preproducir *Encallados*.

O director Alfonso Zarauza e eu estamos inmersos nos nosos diálogos estéticos e intentando atopar localizacións para outra longametraxe, titulada *Os Fenómenos*, que rodaríamos uns meses despois, neste intre Farruco Castromán chamou a Alfonso para arrancar *Encallados*. Posteriormente a esta xuntanza entre o produtor e o director, Alfonso comentoume o perfil desta nova longametraxe a filmar. Longametraxe que tiña que escribirse, preproducirse e rodarse en tempos ínfimos, cun orzamento de 80.000 €. A verdade é que levar adiante esta longametraxe era toda unha proba

tototerreo polos poucos tempos e o baixo orzamento. Botámoslle valor e fomos adiante!!

Encallados conta a historia dun director (Xúlio Abonjo/Alfonso Zarauza) e de dous guionistas (Federico Pérez/Xosé Castro "Pato" e Ricardo de Barreiro/Andrés Mahía) que encallan no desenrolo dun guión encargado por un produtor (Farruco Castromán/Farruco Castromán).

Encallados foi rodada en dez días en varios localizacións da cidade de Santiago de Compostela, esta cidade ben coñecida por Alfonso Zarauza convértese nunha personaxe máis. Compostela encadrada dende unha planificación estática pero impactante realzada polas texturas do negativo de 16mm, soamente movemos a cámara no momento que temos que destacar a linguaxe do cinema como poesía ou para desenlazar a historia.

Despois de conversar con Alfonso decidimos que queriamos unha imaxes cunha estética moi pura e unhas texturas duras, chegamos a esta conclusión polo que conta *Encallados*, todo o que pasa na película e o que pasou realmente no proceso de escritura desta longametraxe, cun empaque de ficción, a maiores os actores fan dos dous guionistas reais e do director real. *Encallados* é meta-cinema. Que mellor forma de representar nos nosos fotogramas o meta-cinema que rodar en s16mm. Un dos negativos en branco e negro que actualmente existen no mercado é o 7222 de Kodak que ten unha sensibilidade nominal de 250asa o 200asa segundo filmes con luz día ou con luz turgsteno, sensibilidades que se quedaban moi curtas para a pouca potencia de luz que podíamos levar por cuestións orzamentarias. A maiores este negativo 7222 ten unha texturas que diríamos doutra época, tampouco queriamos levar a película a que parecera doutra época.

Decidimos rodar cun negativo en cor de Kodak da familia Vision3, o 7219, onde gañamos un stop na sensibilidade nominal e podiamos desaturalo ao 100% no proceso de telecinado para conseguir o branco e preto. Tivemos que facer un fluxo de traballo económico para que puidera asumilo a produtora, telecinamos (obviando o escaneo do negativo) en secuencia tiff 16bits. Posteriormente á montaxe de Adrián Pino (montador), conformamos no estudo de Fernando Alfonsín e démoslle densidade ou etalonamos neste mesmos estudo. Sacamos dúas copias de exhibición, un D.C.P. (*Digital Cinema Package*) para salas cun servidor nos seus proxectores e un ProRes 4:2:2 HQ para espazos sen servidor e con proxectores en alta definición.

Encallados actualmente estase proxectando polas cidades, vilas e agardo que chegue as aldeas, do noso país e por suposto non deixe de proxectarse en todas as partes do mundo que

queiran ver este traballo. Un esforzo inmenso que están facendo Alfonso Zarauza, María Yáñez e Xoán Mariño para que o vexa o máximo número de persoas.

Gustaríame pechar cunha reflexión, esta longametraxe fala dun país encallado a través da mirada de catro traballadores do cinema e a televisión, fala da nosa cultura e fala de nós como sociedade dende unha clave autocrítica. Con autocrítica, crendo no que facemos e defendendo a cultura de Galiza poderemos exportar todo o que queiramos, as nosas películas se falan da nosa forma de ser e defendemos con orgullo a nosa cultura teremos as portas do mundo abertas.

(Quero dedicar este artigo a todos/as traballadores que fixeron posible que se rodara este filme e as empresas de servizos que apostaron por estas linguaxes cinematográficas).



PUNTO DE XIRO: PRESTIGE

ADRIÁN PINO

Mellor Montaxe

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelas

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

Palmarés

• Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Acadèmia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓNS

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA ZELTIA MONTES

96 / 97

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

🖼️ GALERÍA FOTOGRAFICA



O meu primeiro contacto con *Encallados* prodúcese, inconscientemente, nos días posteriores ao afundimento do Prestige. Por aquel entón, percorría as costas galegas captando de primeira man, xunto cun reducido equipo de gravación, o caos ecolóxico, económico e político no que estabamos metidos...

Doume conta diso mentres visiono horas de material de arquivo daqueles fatídicos días: chapapote, voluntarios, xentes do mar pelexando polas súas costas (o seu sustento), a mobilización social... (Serán as imaxes da proxección que verán os protagonistas nunha das secuencias clave do filme).

Dende o momento en que ZircoZine, con Farruco Castromán á fronte, me involucrou neste proxecto decateime de que non se trataba dunha película máis, de que non ía deixar indiferente

a ninguén (para ben ou para mal...). Ao ler o guión confirmo as miñas primeiras sensacións, e cando disfruto do primeiro telecine impresiouname a clarividencia, a determinación e o talento dun equipo técnico e artístico envorcado nunha historia e nunha estética moi arriscadas para os tempos que corren (quén o diría).

Penso, sinceramente, que todo o mérito que se lle poida atribuír á montaxe da película reside na precisa e meticulosa planificación na rodaxe. Dez días en cine, cun equipo reducido, exteriores e interiores naturais, con moito diálogo e poucos cartos non che permiten recrearte nin cometer practicamente ningún erro. Cando chegou á sala de montaxe, Alfonso (Zarauza) tiña xa moi claro cal era o ritmo axeitado para contar a súa historia. Todo iso e a excelencia duns actores en estado de graza facían da tarefa un auténtico "bombón". Creo recordar

que fixemos unha primeira versión nunha semana (día arriba, día abaixo) e que despois fomos pulindo aos poucos a medida que deixabamos repousar a historia e íamos calando aos personaxes (cando menos eu porque como xa dixen Alfonso tiña "cristalino").

Foi entre visionado e visionado cando tomei consciencia real de que estaba montando a miña primeira película. E, como durante aqueles días do Prestige nos que en medio daquel *sinsentido* perdín un traballo por conservar o orgullo, hai un cambio na miña vida profesional e persoal, un punto de xiro que espero que, coma o outro, me leve a seguir medrando, evolucionando.

Por iso non podo máis que darlles as gracias a todos aqueles que fixeron isto posible, e aos académicos por valorar, como teñen feito, esta pequena gran película: gracias.

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelas

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

Palmarés

• Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Acadèmia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

98 / 99

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



UN DÍA CALQUERA DE GRAVACIÓN

MÓNICA ARES

Mellor Realización

Escribo este texto para a Academia desde o famosísimo Hotel Biltmore dos Ánxeles, onde se fixeron algunhas das primeiras cerimonia dos Ósars, entre os anos 30 e 40.

Hoxe é o segundo día de gravación da cidade e estamos esperando a que un dos protagonistas de Galegos no Mundo nos veña recoller. Toca gravar no Downtown, o centro financeiro desta inmensa urbe.

Onte estivemos todo o día por Beverly Hills, Mullholand Drive e no East West Studio, un dos estudos de gravación musical máis importantes do mundo, onde Frank Sinatra gravou "My Way" e polo que pasaron case todos os grandes artistas.

A primeira sensación ó traballar nun *plató* de cine aberto como é Os Ánxeles é que tes que estar moi pendente da seguridade. En cada recanto aparece alguén recordándoches que aí non se pode gravar. Sempre salvamos a toma pero recoñezo que é algo *estresante*. Se tivésemos que pedir permiso para gravar en cada rúa da cidade non se podería facer o programa. Así que temos que botarlle imaxinación o reporteiro gráfico, o produtor e mais eu para sacar as iconas principais sen acabar detidos. Pasounos en Rodeo Drive, en Beverly Hills, mentres o reporteiro estaba gravando unha das tendas de luxo, chegou alguén a dicirlle que ese anaco da rúa era privado e, moi amablemente todo hai que dicilo, suxeriu-lle que podía gravar desde a distancia ou na rúa adxacente. Sacamos o material pero non como nos gustaría.

Os protagonistas de onte eran dous músicos que se fixeron un oco na industria máis competitiva do mundo. Gravar no mesmo estudio ca Red Hot Chili

Peppers, Pj Harvey, Jerry Lee Lewis, Norah Jones, etc., etc., non é pouca cousa. Aquí a baza que temos é a liberdade para facer o que queiramos dentro dun espazo que, doutro xeito, sería imposible gravar sen unha previsión de moito tempo (que nunca temos). As salas de gravación están sempre ocupadas e non poderíamos interromper o traballo de ninguén, pero os artistas de hoxe son paisanos, un pianista vigués e un trompetista compostelán que traballan cos artistas máis recoñecidos. Así que temos vía libre.

Seguinte localización: Mullholand Drive. O atranco aquí é o tempo, o tráfico, as présas por chegar ó solpor. Os Ánxeles é unha cidade que che tira o plan de gravación abaixo á mínima. A súa dimensión fai moi difícil cumprir o *timing*. Pero como sempre, temos sorte e ó final, in extremis, chegamos.

Dannos as doce da noite. Despois do estudio de gravación aínda temos que volver para o Hotel para salvar o material.

E así durante cinco días, cada día cun galego. Un traballo que tes que facer case na primeira toma e a toda présa. A realización intuitiva na maioría das veces, sen tempo para planificar. "Iso dálle frescura". Si, pero sempre che falta ese plano que serva de transición...


A min persoalmente encántame improvisar. E neste traballo é todo improvisación controlada ata certo punto, pero improvisación á fin e ao cabo. Cambiar plans sobre a marcha é do máis común, a cidade non é un guión pechado dunha serie, está viva e iso é o bonito.

Hoxe máis. Cando regresemos á Coruña, onde está a produtora, xa "arranxaremos en montaxe o que fixemos en gravación". Mal asunto. Intentaremos levar bo material.

RECIBIR UN PREMIO MESTRE MATEO

SUSANA VEIRA

*Mellor Maquillaxe
e Perruquería*



INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelas

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

Palmarés

• Artigos dos Premiados

Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Acadèmia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

100 / 101

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

Pídenme que escriba as miñas impresións sobre o que significa recibir un Mestre Mateo. Por unha parte significa o recoñecemento do traballo realizado o como dixen na Gala, que a profesión recoñeza o TEU TRABALLO como "o mellor dos realizados neste ano" o que é moi de agradecer e faite sentir moi orgullosa.

O meu traballo é unha parte moi importante da miña vida, ese momento no que sona o teléfono e un representante do departamento de Produción ofréceche un proxecto, cando te reúnes por primeira vez co director e cónchate as súas ideas e expectativas, a primeira lectura de guión, AS PROBAS DE MAQUILLAXE E PERRUQUERÍA cos actores e o director decidindo persoaxes, probas de cámara, colorista...

Toda esa parte previa e a que eu máis disfruto e a que máis creativa me fai sentir. Logo está a rodaxe que é onde co traballo diario plasmas todo ese traballo previo. Cóntovos todo isto para

explicar que me gusta o meu traballo, unhas veces máis cá outras como os do gremio sabedes, e que o que máis me importa é ter bos proxectos que me permitan gozar do meu traballo cousa que nos tempos que corren xa é un premio en si mesmo. Tamén é certo que os que traballamos no Audiovisual Galego sabemos que non sempre as categorías que agrupan os premios están equilibradas, que non todos os que votamos vemos todos os proxectos que logo votamos, que se vota ás veces máis por amiguismo que por a calidade do traballo e isto ensombrece ás veces os premios, pero cambialo é un traballo que nos corresponde a todos. Porque todos o falamos pero estou segura que se non todos, case todos, pecamos algunha vez de facelo.

Só espero ver a moitos de vós antes dos Mestre Mateo 2015 e que sexa traballando.

Bos proxectos para todos.

sentés o tic?

A ÚNICA ESCOLA PÚBLICA DE IMAXE E SON DA PROVINCIA DE LUGO

REC

TC:00:00:00



FUNDACIÓN
TIC
LUGO



DEPUTACIÓN DE LUGO

www.fundaciontic.org



ENCONTROS XII MESTRE MATEO

Nas semanas previas á gala dos Premios Mestre Mateo leváronse a cabo os Encontros Mestre Mateo, onde os finalistas en distintas categorías de producións e profesionais desta XII edición visitaron as escolas de audiovisual de Galicia para un coloquio cos futuros profesionais do sector.

Podemos dicir que dende hai catro anos os Encontros veñen sendo das actividades máis exitosas e demandadas polas escolas ao ofrecer aos estudantes a posibilidade de coñecer de primeira man a realidade da profesión a través da conversa cos nominados.

Os encontros constan de dúas partes. Una primeira consiste no visionado das obras dos profesionais que asistirán á mesa, e a segunda e máis importante, o coloquio dos citados finalistas nas correspondentes escolas, onde os estudantes, futuros traballadores da industria audiovisual, absorben a experiencia dos xa profesionais e resollen tódalas súas dúbidas sobre o sector.

Este ano os Encontros tiveron lugar dende o 19 ao 31 de marzo e visitáronse as escolas de Santiago (O Raio Verde), Noia (IES Virxe do Mar), Vigo (Escola de Imaxe e Son de Vigo, EGACI e IES Audiovisual de Vigo), Ourense (CIFP A Farixa), Lugo (Escola de Imaxe e Son de Lugo – Fundación TIC) e A Coruña (Escola de Imaxe e Son de A Coruña). Nesta ocasión, os profesionais de realización, dirección de fotografía, curtametraxe, son, música orixinal, produción, película para televisión e serie web participaron activamente nesta actividade. A programación foi a seguinte:

DÍA	CIDADE	ESCOLA	MESA	PROXECCIÓN	POÑENTES
MÉRCORES, 19 DE MARZO	Santiago	O Raio Verde	Realización	Galegos no mundo Verbas van Zigzag Diario	Toño López Xosé Luís Piñeiro Alicia Zapatero
VENRES, 21 DE MARZO	Noia	IES Virxe do Mar	Dirección de Fotografía	Todos os Santos O Faro 9 Ondas	Suso Bello Juan Morgade Alba Prol
LUNS, 24 DE MARZO	Vigo	IES Audiovisual de Vigo	Música Orixinal e Son	Somos xente honrada Era visto! Salgadura Inevitable Inevitable	Sergio Moure Piti Sanz Xavi Font Guille Fernández José Alberto Suárez
	Vigo	Escola de Imaxe e Son de Vigo (EISV) e EGACI	Curtas de Imaxe Real	Flores para Amalia Idiotas Real Love	Nani Matos Fran Estévez Gerardo Codesal
MARTES, 25 DE MARZO	Ourense	CIFP A Farixa	Produción	Salgadura Simone Saibene Luci	Iago Veloso Simona Saibene Verónica Pan
VENRES, 28 DE MARZO	Lugo	Fundación TIC	Serie Web	Canillejas Joke Business El Quid	Pablo Fontenla e Manu Barreiro Débora Vukusic Bruno Nieto
LUNS, 31 DE MARZO	A Coruña	Escola de Imaxe e Son de A Coruña	Película para TV	Encallados Salgadura Todos os Santos Tilda & Jean	Farruco Castromán Pancho Casal Ángel de la Cruz Darío Austrán

Así, o 19 de marzo comezouse a viaxe polas Escolas en O Raio Verde en Compostela. A mesa de realización estivo composta por Toño López, finalista á mellor Realización por *Galegos no Mundo*; Xosé Luís Piñeiro, realizador finalista polo programa *Verbas Van*; e Alicia Zapatero, realizadora do *Zigzag Diario*, programa finalista na categoría de mellor Programa de Televisión.



De esq a der: Alicia Zapatero (Zigzag Diario), Xosé Luís Piñeiro (Verbas Van) e Toño Lopez (Galegos no Mundo).

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelas

Discurso de Manolo González
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

Palmarés

Artigos dos Premiados

• Actividades complementarias

• Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Acadèmia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓNS

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

102 / 103

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

🖼️ GALERÍA FOTOGRAFICA



INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourellos

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

Palmarés

Artigos dos Premiados

• Actividades complementarias

• Encontros Mestre Mateo

Colaboración coa
Acadèmia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓNS

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

104 / 105

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

🖼️ GALERÍA FOTOGRAFICA

O venres, 21 de marzo visitamos o IES Virxe do Mar en Noia co coloquio de dirección de fotografía. Neste caso estivo composta por Suso Bello, candidato á mellor Dirección de Fotografía por *Todos os Santos*; Juan Morgade, director de fotografía de *O Faro*; e Alba Prol, auxiliar de cámara de *9 ondas*, filme finalista á mellor Longametraxe.

De esq a der: Suso Bello (*Todos os Santos*), Juan Morgade (*O Faro*) e Alba Prol (*9 ondas*).



En Vigo tivemos dúas mesas o luns, 24 de marzo. Pola mañá na Escola de Imaxe e Son de Vigo e a Escola Superior de Artes Cinematográficas de Galicia houbo unha mesa conxunta coa presenza dos directores das Curtametraxes de Imaxe Real finalistas. A mesa estaba composta por Nani Matos, de *Flores para Amalia*; Fran Estévez, de *Idiotas*; e Gerardo Codesal, de *Real Love*.

De esq a der: Nani Matos (*Flores para Amalia*), Fran Estévez (*Idiotas*) e Gerardo Codesal (*Real Love*).



Pola tarde estivemos no IES Audiovisual de Vigo cunha mesa composta polos finalistas á mellor Música Orixinal (Piti Sanz por *Era Visto!*, Sergio Moure por *Somos xente honrada*, Xavi Font por *Salgadura* e Guille Fernández, do grupo Berrogüeto pola longa *Inevitable*; e José Alberto Suárez, finalista na categoría de mellor Son por *Inevitable*).

De esq a der: Piti Sanz (*Era Visto!*), José Alberto Suárez (*Inevitable*), Xavi Font (*Salgadura*), Sergio Moure (*Somos xente honrada*) e Guille Fernández (do grupo Berrogüeto, finalista pola longa *Inevitable*).



O martes día 25 achegámonos a Ourense ao CIFP A Farixa a falarlle aos alumnos de produción con Iago Veloso, xefe de produción de *Salgadura*, finalista á mellor Película para TV; Simone Saibene, director e produtor da longametraxe finalista *9 ondas*; e Verónica Pan, axudante de produción de *Luci*, finalista na categoría de mellor Serie de TV.

De esq a der: Simone Saibene (*9 ondas*) e Iago Veloso (*Salgadura*).



O coloquio sobre series web chegou á Fundación TIC o venres, 28 de marzo. Estivo composta por parte dos candidatos nesta categoría Pablo Fontenla e Manu Barreiro, director e director de fotografía de *Canillejas*; Déborah Vukusic da serie web *Joke Business*; e Raúl García e Bruno Nieto, creadores de *El quid*.

De esq a der: Raúl García e Bruno Nieto (*El quid*), Déborah Vukusic (*Joke Business*) e Manu Barreiro e Pablo Fontenla (*Canillejas*).



Finalmente, rematamos esta edición 2014 dos Encontros coa mesa de película para TV na Escola de Imaxe e Son da Coruña o luns día 31. Estivo composta polos catro compañeiros de nominación Farruco Castromán por *Encallados*; Pancho Casal por *Salgadura*; Ángel de la Cruz por *Todos os Santos*; e Darío Autrán por *Tilda&Jean*.

De esq a der: Farruco Castromán (*Encallados*), Ángel de la Cruz (*Todos os Santos*), Pancho Casal (*Salgadura*) e Darío Autrán (*Tilda&Jean*).



Grazas á implicación das escolas esta nova edición dos Encontros tivo moi boa acollida tanto entre os alumnos como entre os propios nominados resultando unha experiencia moi frutífera para as dúas partes.

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelas

Discurso de *Manolo González*
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

Palmarés

Artigos dos Premiados

• Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

• Colaboración coa
Acadèmia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓNS

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

106 / 107

INICIO

ANTERIOR

SEGUINTE

AS MÚSICAS DA ACADEMIA

GALERÍA FOTOGRAFICA

COLABORACIÓN COA ACADÈMIA DEL CINÈMA CATALÀ

A Academia Galega do Audiovisual e a Academia do Cinema Catalán veñen colaborando dende hai catro anos co proxecto "Intercambio" para o troco das producións das dúas comunidades autónomas. A estreita colaboración que manteñen as academias galega e catalá de cinema segue a dar os seus froitos.

PROYECCIÓN DOS MESTRE MATEO EN CATALUÑA

Proxección das longas gañadoras nos XI Mestre Mateo na Sala Mompou

A longametraxe documental *100% CEF* proxectouse o día 19 de novembro ás 18.30 horas. Á proxección acudiu o director e guionista do documental, Aser Álvarez.


Acto seguido, ás 20 horas, emitíuse *O Apóstolo*, de Fernando Cortizo. Esta longametraxe, preseleccionada para optar aos Óscar, foi unha das sensacións do 2013, cunha gran aceptación a nivel internacional.



Proxección das curtametraxes finalistas nos XI Mestre Mateo no Festival Filmets

A mostra das mellores obras en formato curto producidas e realizadas en Galicia tivo lugar dentro da celebración do Festival Filmets o 11 de novembro, ás 17 horas, no Teatro Zorrilla de Badalona. Neste recoñecido evento emitíronse a curta gañadora na súa categoría

Conversa cunha muller morta, de Sonia Méndez; *Anacos*, de Xacio Baño; *Mr. Smith and Mrs. Wesson*, de Producións de Fin de Semana e Aira Studio; *As vacacións do verdugo*, de Miriam e Sonia Alberto Sobrino, todas finalistas de imaxe real.



Tamén se proxectou a gañadora na categoría de mellor curta de animación *O Xigante*, de Abano Producións e Pilot Design e as finalistas *Equilibrium*, de Algarabía Animación; *Morti*, de Moonbite Games S.L. e Continental Producciones S.L.; e *Only You* de Belén Sousa.



INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

> PREMIOS MESTRE MATEO

Crónica da gala

Discurso do Presidente da Academia
Antonio Mourelas

Discurso de Manolo González
Premio "Fernando Rey" dos XII PMM

Palmarés

Artigos dos Premiados

• Actividades complementarias

Encontros Mestre Mateo

• Colaboración coa
Acadèmia del Cinèma Català

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA

ZELTIA MONTES

108 / 109

INICIO

ANTERIOR

SEGUINTE

AS MÚSICAS DA ACADEMIA

GALERÍA FOTOGRAFICA

PROXECCIÓN DOS PREMIS GAUDÍ EN GALICIA


As obras nomeadas e gañadoras a ditos premios, elixidas entre os profesionais máis destacados do sector en Cataluña, foron exhibidas pola Academia Galega

do Audiovisual para o desfrute de todas aquelas persoas interesadas en ver a produción que se está a levar a cabo noutras partes do territorio nacional.

Proxección das curtametraxes finalistas nos V Premis Gaudí no CGAI

O día 20 de novembro, ás 18 h, a sede do CGAI proxectou as curtas nomeadas ós V Premis Gaudí celebrados en 2013. As obras a proxectar foron *Luisa*

no está en casa, v *Elefante*, de Pablo Larcuen; *Coup de Grace*, de Clara van Gool; e *Cartas desde la locura* de Xavi Puebla.



Proxección das longametraxes gañadoras nos VI Premis Gaudí en Galicia

Neste 2014 o Centro Galego de Artes da Imaxe foi novamente a sala elixida para proxectar aos gañadores na VI edición dos Premis Gaudí que se celebraron no mes de febreiro en Barcelona. Conseguiuse, unha vez máis, un achegamento cultural e audiovisual a través das obras dos respectivos premios.

O martes, día 11 de marzo, ás 20.00 h, proxectouse *Carta a Eva*, de Agustí Villaronga, gañadora do Premio Gaudí á Mellor Película para Televisión.

O mércores día 12 houbo unha sesión dobre, ás 18.00 h con *Mon Petit*, de Marcel Barrena, gañadora ao Mellor

Documental; e ás 20.30 h da man de *La Plaga*, de Neus Ballús, gañadora á Mellor Película, Mellor Director (Neus Ballús), Mellor Guión (Neus Ballús e Pau Subirós) e Mellor Montaxe (Neus Ballús e Domi Parra).

Para rematar o ciclo, o día 13 de marzo chegou *Todos queremos lo mejor para ella*, de Mar Coll, cun pase dobre ás 18.00 e ás 20.30 h. O filme resultou gañador nas categorías de Mellor Protagonista Feminina (Nora Navas) e Mellor Actriz Secundaria (Clara Segura).


Ás sesións acudiron unha media de 70 persoas. A entrada a tódalas sesións foi gratuítas.

en CORUÑA la CULTURA es CIUDAD



TRCdanza

Ciclo Principal



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA

coruna.es



INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

> OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

• Proxeccións MM no CGAI

Timelapse

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

110 / 111

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

🖼️ GALERÍA FOTOGRÁFICA

OUTRAS ACTIVIDADES Da academia



OBRADOIRO
"TIMELAPSE A ARTE DE
CAPTURAR O TEMPO"

PROXECCIÓN NO CGAI DOS GAÑADORES DOS XII MESTRE MATEO

A Academia Galega do Audiovisual, grazas á colaboración co Centro Galego de Artes da Imaxe – CGAI, proxectou gratuitamente as obras da XII edición dos Premios Mestre Mateo do 13 ao 16 de maio de 2014. Nesta ocasión contouse coa presentación e posterior visionado das longametraxes finalistas e a gañadora, e as dúas curtametraxes que se fixeron co galardón nas súas respectivas categorías.

A programación para esta semana previa á festividade das Letras Galegas comezou o martes, día 13 de maio, ás 20.30 h, coa curta de imaxe real galardoada nesta edición, *3-1=0*, de Olga Osorio e Juan Galiñanes en coprodución con Píxel Films, coa presenza dos dous primeiros para a presentación; e coa longametraxe finalista *El árbol magnético*, de Dos35 Producciones e Parox.

Para o día 14 de maio, ás 20.30 h, programáronse a curta *Aqua*, de Algarabía Animación, gañadora do premio á Mellor Curtametraxe de Animación, e a longa finalista *Inevitable*, de Adiviña Producións, TVG e Zarlek, gañadora

na categoría de Música Orixinal (Berrogüeto). Nesta sesión contamos coa asistencia de Virginia Curiá e Tomás Conde, e de Jorge Algora e Susana Maceiras para presentar a curtametraxe e a longa respectivamente.

O xoves, día 15 de maio proxectouse ás 20.30 h a longa gañadora, *Somos xente honrada*, de Vaca Films e El Terrat, que se fixo cos Mestre Mateo á mellor Dirección (Alejandro Marzoa), mellor Guión (Miguel Ángel Blanca e Alejandro Marzoa), Interpretación Masculina Protagonista (Miguel de Lira), Interpretación Masculina de Reparto (Ricardo de Barreiro) e Maquillaxe e Perruquería (Susana Veira e Erea Pérez). Contouse coa presenza de Emma Lustres, produtora do filme.

Para rematar a semana de programación dos Mestre Mateo, o venres día 16, ás 18.00 h, foi a quenda da cuarta longa finalista, *9 ondas*, de Noveolas Producciones coa participación de TVG. Simone Saibene, director da cinta, asistiu á presentación cos asistentes.



INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

> OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

Proxeccións MM no CGAI

• Timelapse

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA ZELTIA MONTES

INICIO

ANTERIOR

SEGUINTE

AS MÚSICAS DA ACADEMIA

GALERÍA FOTOGRÁFICA

OBRADOIRO "TIMELAPSE. A ARTE DE CAPTURAR O TEMPO"

OBRADOIRO de Timelapse
"A arte de capturar o tempo"
Conceptos teóricos e aplicación práctica

Impartido por **Luis Caldevilla**

venres 15 e sábado 16 de novembro
Centro Ágora (A Coruña)
Aula 9

Actualizámoso e chamamos timelapse a unha secuencia de imaxes "acelerada", onde os acontecementos suceden a unha velocidade moito máis rápida da normal.

A técnica fotográfica do timelapse consiste na captación de imaxes de alta resolución a determinados intervalos de tempo. A captación de imaxes mediante o uso de cámaras fotográficas para a creación de vídeos timelapse atinge unha serie de vantaxes respecto aos sistemas tradicionais de gravación en vídeo.

Luis Caldevilla
Despois de máis de 30 anos traballando como repartidor de cámaras, editor e realizador para diferentes canles de televisión e produción, desde 2008 centrou o seu traballo exclusivamente na técnica de fotografía e timelapse.

Entre os seus clientes figuran as principais axencias de publicidade, produtores e cadeas de televisión, e poderemos ver os traballos de Luis en diferentes programas de LaSeda, Cuatro, News, e en anuncios de grandes empresas como Móstoles, Avilalabs, Museo Thyssen e Benetton.

Luis Caldevilla é pioneiro na divulgación da técnica de timelapse en España. O seu blog timelapse.es é o punto de encontro na rede de todos afeccionados e profesionistas con inquietudes en torno á técnica do timelapse.

Objetivos do curso:
Todos os asistentes aprenderán a realizar vídeos timelapse, desde a captura das imaxes ata o proceso de edición e a súa publicación en Internet. Ademais mostraráse un amplo repertorio de trucos e os diferentes usos comerciais e creativos cos que se emprega o timelapse, sendo de especial interese:

Programa

Venres 15 de novembro
De 10:00 a 20:00h
CLASE TEÓRICA

Imaxes fixas e en movemento
Conceptos básicos. Timelapse. Stop-motion. Montaxe de vídeos. Búlatime

VÍDEO VS FOTO
Resolución, tempo de exposición.

Módulos
Hyperlapse. Stop-motion. Timelapse. Light painting.

Uso do timelapse
Publicidade. Turismo. Turismo. Turismo. Turismo. Turismo.

O equipo
3 cámaras. 3 intervalómetros. Tripods e apoios. Filtros ND. Alimentación. Armazenamento. Aplicacións para smartphones. Equipos auxiliares.

Asíntese á hora de almorzar
Nuestro autómata (R, Ro, No, No) O único autómata de Galicia. O único. Turismo. Turismo. Turismo. Turismo. Turismo.

Sistemas de control de movemento para timelapse
Tripods motorizados. O motorizar

Sábado 16 de novembro
De 10:00 a 20:00h
CLASE PRÁCTICA

Creación práctica de timelapse e edición de vídeo
que posteriormente se procesarán.

De 10:00 a 20:00h

Proceso de imaxes
RAW VS JPEG. Software de timelapse e edición. Adobe Photoshop. After Effects.

Edición de vídeo
Fotos a través de cámara. Edición con Final Cut Pro.

Timelapses en Internet
Tutorial na rede. Axencia e preparar os seus vídeos para subir a Internet. Facebook e vídeos. Lista de imaxes.

Exposición de traballo
Exposición de traballo. Exposición de traballo. Exposición de traballo. Exposición de traballo. Exposición de traballo.

Exposición de traballo
Exposición de traballo. Exposición de traballo. Exposición de traballo. Exposición de traballo. Exposición de traballo.

Taxas
Socios da Academia 10 €
Tarifa xeral 120 euros

Prezo do curso
Prezo do curso. Prezo do curso. Prezo do curso. Prezo do curso. Prezo do curso.

Prezo do curso
Prezo do curso. Prezo do curso. Prezo do curso. Prezo do curso. Prezo do curso.

A Academia Galega do Audiovisual, continuando coa súa vontade de responder á demanda didáctica por parte dos profesionais do sector audiovisual, propuxo un novo obradoiro para complementar á formación.

Trala boa acollida do taller de timelapse en decembro de 2012, a Academia decidiu apostar por ampliar esta actividade formativa, desta volta adicando dúas xornadas á teoría e á práctica desta técnica de novo da man do pioneiro en España, Luís Caldevilla.

O obradoiro celebrouse os días 15 e 16 de novembro de 2013 no Centro Cultural Ágora da Coruña e asistiron un total de 12 participantes.

Luis Caldevilla puxo exemplos prácticos en moitos momentos das xornadas.

PROGRAMA

Luis Caldevilla comezou as xornadas de doce horas de duración facendo unha pequena presentación sobre o timelapse. Posteriormente, expuxo



Os asistentes ó obradoiro saíron á rúa para poñer en práctica os conceptos teóricos vistos.

aos asistentes en que consiste esta técnica de composición de vídeos mediante a captura de imaxes a determinados intervalos de tempo e comezou a dar as primeiras indicacións técnicas sobre a mesma.

Ao longo da presentación ensinou aos asistentes a capturar secuencias para crear "vídeos acelerados" e mostrou os trucos que adoita empregar á hora de realizar os seus traballos.

Ademais, os asistentes saíron á rúa para capturar ás imaxes para o facer o seu propio timelapse, que posteriormente tratarían nos seus ordenadores para acabar as súas pequenas pezas.

O obradoiro, deseñado para un grupo reducido de asistentes, resultou ser un éxito onde os profesionais e estudantes do sector audiovisual puideron coñecer máis en profundidade esta técnica da man dun dos seus pioneiros.

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

> TEMA CENTRAL ANUARIO

Artigos do tema central

Xurxo González

Pepe Coira

Peter Andermatt

Artigos dos socios
sobre o tema central:

Iago González

Isabel Iglesias

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

114 / 115

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

Tema CENTRAL



XURXO GONZÁLEZ

Historiador, crítico de cinema
e xestor cultural

**NOVO CINEMA GALEGO:
FORZA CENTRÍFUGA**



PEPE COIRA

Produtor e guionista

**A LEI DA
FRONTEIRA**




PETER ANDERMATT

Director MEDIA Office Spain

**O RETO DA
INTERNACIONALIZACIÓN**


Artigos dos socios
sobre o tema central



IAGO GONZÁLEZ

Director de Máscaras

**"THE TRUTH
IS OUT THERE"**



ISABEL IGLESIAS

Produtora Audiovisual

**AS FRONTEIRAS
DO EXTRANXEIRO**

INTERNACIONALIZACIÓN E REPUTACIÓN

José Pereira

A reputación é un concepto que evolucionou dun xeito importante nos últimos anos. Se ben hai uns anos a reputación estaba definida por conceptos estéticos e de contidos, hoxe en día fundaméntase no recoñecemento fóra das nosas fronteiras e na valoración non só da crítica, senón do público.

Isto abre un novo escenario que debe ser tido en consideración. Primeiro, é preciso cambiar as estratexias de presentación dos proxectos. Non é suficiente con facer pases privados entre un grupo de amigos máis ou menos cualificados, e cómpre asistir a feiras internacionais e eventos de referencia onde atopar novos mercados. Tampouco é suficiente acudir aos compradores máis próximos, como televisións autonómicas ou mesmo estatais. Agora é imprescindible entrar no sistema da valoración dos produtos a través das múltiples posibilidades que ofrece a televisión intelixente, as produtoras especializadas en contidos e por suposto, comprender a filosofía da *long tie*, que está definindo o modo de xestionar o audiovisual. As producións xa teñen moito máis recorrido cultural e mercantil e resulta imprescindible contemplar esta variable na planificación.

Por último, as fronteiras xa están completamente diluídas. Se ben na segunda década do século XX mirabamos para Hollywood como paradigma da globalización, capaz de crear produtos de éxito en múltiples culturas, hoxe debemos comprender que a globalización non é xa non é un fenómeno de grandes medios de comunicación de

masas, senón un sistema no que grandes masas teñen medios de comunicación. Polo tanto, estamos xa inmersos nun campo de xogo no que as marcas do consumo e a distribución non poden estar axustadas a un determinado territorio nin cultura. Xa é posible que produtos especializados ou feitos cun foco pechado sobre unha determinada cultura teñan un público fiel a miles de quilómetros. Na cabeza dos creadores e produtores non deben existir barreiras que impidan planificar e crear pensando no global.

Este novo contexto é que levou a Academia este ano a centrar os seu caderno central no fenómeno da internacionalización. Xurde así a opinión de Peter Andermatt, director da Media Office in Spain, que nos anima a perder o medo de pensar para un mercado internacional. A produtora Isabel Iglesias explica o tema e estímálanos con preguntas que nos debemos facer para superar as fronteiras. Xurxo González vai un pouco máis alá e parte da premisa da forza centrífuga do audiovisual galego, sen dúbida imprescindible para a internacionalización.

Sen dúbida, esta óptica debe complementarse tamén coas variables máis locais. Xustamente este punto de vista é que proporciona Pepe Coira, preocupado pola banalización que pode ter o concepto internacionalización e que pode levar á falta de compromiso dos entes máis locais que teñen unha responsabilidade moi alta en todo este proceso. En definitiva, como di o director Iago González, a verdade está aí fóra e todos debemos buscala.

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

> TEMA CENTRAL ANUARIO

• Artigos do tema central

• Xurxo González

Pepe Coira

Peter Andermatt

Artigos dos socios
sobre o tema central:

Iago González

Isabel Iglesias

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

116 / 117

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



NOVO CINEMA GALEGO: FORZA CENTRÍFUGA

XURXO GONZÁLEZ

*Historiador, crítico de cinema
e xestor cultural*

O que se denomina Novo Cinema Galego (a partires de agora escribirase coas siglas NCG) fracasou no primeiro obxectivo que se fixou: chamar a atención da administración da Xunta de Galicia. Queríase que a AGADIC se dese conta da necesidade de prolongar as boas condicións que a administración creou para que xurdira este novo xeito de facer cinema. A denominación do NCG foi unha mera transposición á actualidade das fórmulas dos novos cinemas modernos que emerxeron en Europa na década dos anos 60 e 70. O NCG foi o froito dunha política audiovisual acertada que tivo o goberno do bipartito entre 2006 e 2009 de mans da Axencia Audiovisual Galega con Manolo González no leme.

Esta comparativa non é nada frívola xa que nos cinemas modernos sempre houbo un axente que funcionou como elemento coagulante: crítica (*CahiersduCinéma*, *Sequence*, *Nuestro Cine...*), escolas de cinema (Lódz, FAMU, IDHEC, EOC...), festivais (Oberhausen) ou organismos da administración (British Film Institute, Dirección General de Cinematografía y Teatro...). Ante as poucas expectativas xeradas polo troco de goberno en Galicia motivou que novos representantes do aparato crítico cinematográfico galego acuñaran a denominación do NCG a comezos de 2010. A estratexia deseñouse para facerlle ver ao novo goberno da Xunta a necesidade de manter unha política audiovisual que, como o paso do tempo comprobou, obtivo grandes resultados atendendo á escasa cantidade de diñeiro invertida.

O NCG é un movemento caracterizado por unha dinámica que se podería ilustrar cunha espiral centrífuga, expansiva, cara a fóra. Todas as arelas por compensar esta forza fracasaron de maneira

traumática deixando excesivamente á intemperie un cinema definido pola fragilidade. A idea era que esta espiral estivera baseada nunha forza centrífuga consistente, apoiada polos axentes que definen o centro de onde emana o NCG mais, curiosamente, a forza adquiriuna pola súa proxección cara o exterior. Desde fai un lustro a AGADIC caracterizouse por unha falta de política audiovisual polo que só así se xustifica o grande desleixo cara o NCG. Unha sensibilidade despectiva que se reproduciu noutros axentes que engrosan o sector audiovisual en Galicia: a reticencia nos produtores, a incompetencia da TVG, o desinterese da universidade, a invisibilidade nos medios...

Porén, o NCG si tivo entidade fóra de Galicia sobre todo grazas a súa consideración en festivais internacionais. Para promocionar o cinema non hai nada mellor que os filmes falen por ti sen necesidade de botar man de viaxes, postos, panfletos, dietas, misións comerciais, agasallos... Os filmes que se poden adscribir ao NCG son normalmente moi pequenos en produción porén moi ambiciosos na súa vertente artística. É unha produción que non se traizoa así mesma deixando transparente a súa honestidade creativa. Unha natureza moi apreciada en festivais. Neste punto atópase á esencia de toda promoción internacional que se queira facer en calquera tipo de cinema: saber facer unha boa análise do produto. Tendo en conta as variables ontolóxicas poderase escoller a ventá que lle ven máis acaída: mercados, salas comerciais, festivais, televisións, internet... Estes circuitos teñen as súas propias características e coñecelas supón a posibilidade de acertar á hora de escoller cal será a proxección máis axeitada para natureza de cada filme.

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

> TEMA CENTRAL ANUARIO

• Artigos do tema central

• Xurxo González

Pepe Coira

Peter Andermatt

Artigos dos socios
sobre o tema central:

Iago González

Isabel Iglesias

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

118 / 119

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

XURXO GONZÁLEZ

Historiador, crítico de cinema e xestor cultural

A clarividencia na promoción cinematográfica consiste en sopesar a potencialidade do filme e o seu encaдрamento nestas plataformas nas que se quere dar a coñecer. A capacidade de encaixar as dúas variables é onde estriba o seu éxito. Cando se estuda a realización dun filme xa se están barallando os posibles recorridos na súa exhibición. Obviamente se o filme ten unha calidade sobresaínte poderá aspirar a transitar por moitos e variados camiños, mais normalmente este exemplo é o que se atinxe con menos frecuencia e case sempre hai que optar, con coherencia, por unha opción determinada. Neste punto convén non ser ambiguo e recalcar as potencialidades que definen o proxecto.

Un filme do NCG probablemente nunca chegará a ser un éxito de billeteira porén, mais de un, chegou a transitar por un número elevado de festivais. Neste terreo hai que sinalar, aínda que sexa cunha perspectiva estatística, o traballo da produtora galega Zeitun Films que se converteu no paradigma de mover internacionalmente as súas producións: *Todos vós sodes capitáns* (2010), *Arraianos* (2012), *O quinto evanxeo de Gaspar Hauser* (2013) e *Costa da Morte* (2013). Este catálogo de títulos tivo gran relevancia en numerosos festivais con recoñecemento de premios, crítica e público. Entre elas destaca *Todos vós sodes Capitáns*, de Oliver Laxe, que se viu en máis de 60 festivais e *Costa da Morte*, de Lois Patiño, que chegará a verse, a finais do presente ano, en case 100.

Como analizar este fenómeno? Pois nun principio apostar por filmes de irrenunciable calidade artística e cultural. Esta idiosincrasia posiblemente sexa o que una a estes filmes.

En segundo lugar aproveitar os coñecementos adquiridos (*know-how*) co seu primeiro filme. Grazas a *Todos vós sodes capitáns*, Premio FIPRESCI no festival de Cannes 2010, Zeitun Films entrou en contacto cunha serie de festivais, críticos e programadores de medio mundo. Unhas relacións que serviron para suavizar o camiño para os seguintes títulos. Esta bagaxe permitiulle colocar as súas apostas nos festivais máis importantes do mundo (Cannes, Locarno, Rotterdam...). Con esta capacidade de estreir mundialmente en sitios de tanto prestixio facilitoulles moito o acceso a unha longa restra de festivais. Nun principio serán críticos e programadores doutros festivais quen lles pidan directamente os filmes. Posteriormente as novas de presenzas ou premios en festivais fará un "efecto chamada" que interesará a outras citas cinematográficas. E, finalmente, a produtora recorrerá aos procesos normais para prolongar a vida dos filmes. Un circuíto mundial que, nos dous casos destacados, rebordaron os 25 mil espectadores. Unha cifra nada rexeitable se comparamos coas cifras do espectadores de títulos doutras produtoras galegas con clara vocación comercial.

Ao ronsel deste extraordinario facer se lle suma o apoio desinteresado a outras producións do NCG. Tanto Felipe Laxe como Martin Pawley fixeron gala dunha extraordinaria xenerosidade e intentaron dar un pulo a outros filmes doutros autores. A rede de relacións afianzadas ao longo destes catro anos poñen aos responsables de Zeitun Films nun lugar privilexiado para facer de intermediarios con directores de festivais, críticos ou seleccionadores. Non é o mesmo que un filme acceda aos festivais polas canles oficiais que

veña con algunha recomendación. Este tipo de promoción se estende a outros niveis aos propios cineastas que visitan os festivais presentando filmes. Ante o prolífico panorama de excelentes filmes saídos de Galicia nos últimos anos son moitas as preguntas que se fai a xente de todo o mundo arredor deste fenómeno. Deste xeito, os propios cineastas (Oliver Laxe, Eloy Enciso, Lois Patiño) convértense en embaixadores do NCG ofrecendo información ou ligazóns para visualizar filmes a xente interesada no que está a suceder en Galicia.

O NCG é un movemento que acubilla unha gran complicidade materializada no intercambio de pareceres artísticos,

influencias e (des) influencias nas distintas fases polas que transcorre un proxecto. Estas vinculacións reforan o sentimento de pertenza a un colectivo facendo do NCG algo real e incuestionable. Unhas actuacións que diverxen totalmente dos anquilosados procedementos industriais locais: aproveitamento das novas tecnoloxías, linguaxes con elevado risco artístico, as circunstancias do proceso se reflicten no discurso, unha grande cinefilia que procura novos referentes na vangarda mundial e xuntanzas en festivais galegos no que afondar nas relacións e tecer outras novas. A estas características consensuadas até o de agora no NCG hai que sumar un impulso de promoción corporativa que, triste e

curiosamente, ofrece maior solvencia no estranxeiro que en Galicia.

A etiqueta do NCG amósase como unha excelente tarxeta de presentación para dar visibilidade á produción independente que se deu en Galicia. Tres palabras sen custe engadido que chocan contra sofisticadas campañas de publicidade que cada certo tempo poñen en práctica institucións e produtoras. O NCG tornouse nunha excelente imaxe do cinema galego. Mágoa que a administración, a máxima responsable desta efervescencia, non continúe interesada en apoiar este cinema que se erixe nun dos momentos máis excelsos da visualización da cultura galega no mundo.



INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

> TEMA CENTRAL ANUARIO

• Artigos do tema central

Xurxo González

• Pepe Coira

Peter Andermatt

Artigos dos socios
sobre o tema central:

Iago González

Isabel Iglesias

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

120 / 121

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



A LEI DA FRONTEIRA

PEPE COIRA

Produtor e guionista

Acabábase de contarlle o proxecto de serie máis bonito co que me leve cruzado. Era un proxecto relativamente cobizoso, que facía pensar na conveniencia de armar unha coprodución internacional para contar cun orzamento superior ao habitual. E así llo explicáramos ao remate do relato. O directivo da cadea española sope-sou o atractivo do proxecto e dixo: “Conseguides o diñeiro de fóra e, así que o teñades, volvevede e falamos”.

Non deixa de sorprendere a infinita variedade de respostas que, significando o mesmo, evitan o uso do monosílabo “non”, tan impopular. Aquela frase enterraba o proxecto por completo -oxalá que só de momento-. Maldita internacionalización!

A internacionalización é fenomenal, tanto no eido da produción coma, se cadra aínda máis, no da distribución. É tan fenomenal, e tan axeitada a tempos de crise ou a territorios que distan de ser autosuficientes [obsérvese que en Galicia se dan ambas condicións], que acaba por adquirir forma de mantra. E os mantras, coma os misterios do rosario, é fácil que perdan significado e queden só na música das palabras, de tanto repetilos.

A internacionalización está inzada de riscos positivos: dificulta a improvisación, propicia a cooperación entre diversos, amplía as posibilidades de financiamento e explotación. Por todo iso é fenomenal, e altamente recomendable. E por iso se minimizan decote as contra-indicacións, coma se o fulgor das súas

vantaxes apagase uns inconvenientes que non van deixar de estar aí.

O caso que mencionaba ao inicio é un exemplo dos malos usos que por veces se dan: é, simplemente, imposible conseguir nada fóra se non saes con forza abonda da casa. Cando alguén, coma aquel directivo, che di que vaias á procura de socios antes de ter armada a pata doméstica estache dicindo que saias a xogar á pata coxa. O mantra da internacionalización, se non vai acompañado dun nidio apoio doméstico, funciona para escorrer o vulto e mellor sería chamalo externalización, deslocalización ou algún outro eufemismo.

Hai outros malos usos -coma a hibridación que borra todo rastro de personalidade, ou o pastiche que volve visible no argumento o plan financeiro- que se poden producir no contexto da internacionalización. Quitado isto -que son torpezas equiparables ás que podes cometer sen moverte das túas fronteiras-, creo que a internacionalización só ten un problema, tan simple coma decisivo: atopar o socio axeitado. As vantaxes da internacionalización son tantas e tan obvias que tendemos a minimizar ese detalle de que cómpre asegurarse ben de que todos queremos facer a mesma película. Non é raro confundirse entre nacionais, canto máis con forasteiros aos que acabas de coñecer nun foro de coprodución ou nunha recepción de festival. Se ese problema está resolto, e abofé que o pode estar, que o mundo é grande, integrar no proxecto achegas de diversos territorios adoita ser extremadamente saudable.

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

> TEMA CENTRAL ANUARIO

• Artigos do tema central

Xurxo González

Pepe Coira

• Peter Andermatt

Artigos dos socios
sobre o tema central:

Iago González

Isabel Iglesias

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

122 / 123

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

O RETO DA INTERNACIONALIZACIÓN

PETER ANDERMATT

Director MEDIA Office Spain



No sector audiovisual en xeral, ter una visión internacional pode ser una vantaxe competitiva importante. Para ter esta visión, é necesario documentarse e estar en contacto coas persoas e compañías doutros países. A mellor forma para logralo é participar nos festivais e mercados internacionais de referencia, como Cannes, Berlín e moitos outros en diferentes continentes. En España, e en Galicia en particular, unha vía moi boa é participar baixo o paraguas de "Audiovisual de Galicia". Tamén existe o paraguas "Audiovisual from Spain" e, por suposto, MEDIA Stands, no que se reúnen as compañías independentes de toda Europa. Quen participa neste tipo de eventos axiña decátase que o Palais do Festival de Cannes é o mais parecido á Torre de Babel. Hai tantísima xente que fala unha chea de idiomas, pero hai un idioma que parece ser "o idioma da industria" a nivel global: o inglés. Quen queira traballar comodamente nesta industria e a nivel internacional, convén que saiba inglés. Tampouco fai falta sacar o diploma Proficiency de

Cambridge, pero poder manter unha conversa incluso nun ámbito ruidoso, e poder ler todo tipo de documentos, libros, contratos, revistas, etc, é de gran axuda. Recomendo a todos pórse a aprender inglés, da igual a que idade. Parece unha obviedade, pero se miramos ao noso redor observamos, e non só en España, que esta barreira lingüística existe e a miúdo dificulta

as tarefas, especialmente a da internacionalización. En todo caso, trátase de viaxar aos mercados e coñecer a xente doutros países que son candidatos a converterse en coprodutores ou compradores dos nosos proxectos. Pouco a pouco, fórmase unha rede de contactos e vai medrando. Unha boa rede de contactos vale ouro, sobre todo se temos relacións de confianza cos nosos contactos, baseadas en experiencias positivas. A boa reputación a nivel internacional gáñase pouco a pouco, ao longo dos anos. Se despois de vinte anos no mercado internacional falan ben dun, é porque fixo os seus deberes e portouse ben, sempre cumprindo coa súa palabra e cos contratos asinados.

Segundo que país ou territorio, hai tipos de proxectos que son máis fáciles de coproducir. Dito superficialmente e sen querer afirmar unha verdade absoluta, na miña opinión é máis doado coproducir ficción, incluíndo animación, que documentais. Dentro da ficción, o que máis a miúdo desemboca nunha coprodución é unha obra de xénero ben definido, con actores coñecidos, posiblemente cun guión baseado nunha novela que está editada en varios países; cine comercial, máis que de autor, a non ser que o autor sexa unha estrela por si mesma. Os xéneros máis populares parecer ser a comedia e o drama, pero tamén o thriller e o cine negro en xeral. As comedias non sempre viaxan ben porque o sentido do humor e as referencias que se empregan nas películas ás veces son de índole local, máis que universal. Non obstante, cando unha comedia acéndese a nivel internacional, pode converterse nun gran triunfo. A coprodución é un medio para internacionalizarse. É caro, complexo, pero moi frecuente. As vendas internacionais de contido son outro. Hai películas e outras obras creativas que son producións ao 100% españolas, pero véndense moi ben fora das nosas fronteiras. Non hai que ser tímido á hora de ofrecer a súa obra a alguén que dispón dunha rede de contactos –de compradores– internacionais.

Internacionalizarse como profesional ou como empresa non é doado e convén

tomalo moi en serio. É boa idea elaborar primeiro un plan de internacionalización detallado, para despois executalo con firmeza. A inversión que require o salto ao mercado internacional non é pouca. Hai que ter recursos para isto, tempo e cartos. En España existen diferentes institucións que fomentan a internacionalización das empresas das industrias culturais. Un que coñezo ben é o ICEX, co seu programa ICEX Next (anteriormente chamado PIPE). Tiven o gusto de traballar como promotor deste programa e vin numerosas empresas do mundo audiovisual, editorial, musical, etc, elaborando e executando os seus plans de internacionalización. Recomendo a todos os que teñan os ollos postos no mercado internacional que investiguen este programa e outros parecidos onde os haxa. Participar neles sempre é unha experiencia enriquecedora.

No marco de Europa Creativa, e no sub-programa MEDIA, hai unha gran cantidade de liñas de apoio que apuntan directamente á internacionalización das empresas culturais. Hai liñas de formación, que son excelentes foros para traballar as redes de contacto. Hai fomento ao desenvolvemento de proxectos, á produción e á distribución. As empresas que están internacionalizadas están acostumadas a aproveitar estas posibilidades. Traballan moito para cumprir cos requisitos necesarios para bonificarse das axudas, porque merece a pena.

En resumidas contas, penso que falar de internacionalización neste mundo globalizado no que vivimos e traballamos é obrigatorio. Da igual se un é creador, produtor ou distribuidor de obras creativas. Canto máis investigamos o mercado dentro e fora das nosas fronteiras, máis visión podemos desenvolver. Traballar a nivel internacional, visitando lugares remotos e intercambiar ideas con persoas de diferentes países é moi estimulante. Na miña vida profesional, tiven épocas, como cando era axente de vendas internacionais de películas, nas que pasei máis tempo fora do meu país que dentro. Agora teño amigos e compañeiros de traballo nunha chea de países. As fronteiras, para min, son meramente mentais. É un efecto secundario da miña propia internacionalización.

Artigos dos socios sobre o tema central

“THE TRUTH IS OUT THERE”

IAGO GONZÁLEZ

Director de Máscaras

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

> TEMA CENTRAL ANUARIO

Artigos do tema central

Xurxo González

Pepe Coira

Peter Andermatt

• Artigos dos socios sobre o tema central:

• Iago González

Isabel Iglesias

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

124 / 125

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



“*The truth is out there*”, (“a verdade está aí fora”). Esa era a lenda que guiaba a persistencia do axente *Mulder* en *Expediente X* para lograr saber que había máis alá.

A serie de *Chris Carter*, que case se mantivo unha década en antena e que foi capaz de reconverter a figura social do seguido da *conspiranoia*, serviu tamén para exemplificar a capacidade de construír un artefacto nun fenómeno global a partir do xogo da mentira dende os propios piares: nunca E.E.U.U. tivo unha construción estética tan compactada e fermosa como cando a falsearon dende Canadá.

O xogo da mentira é a esencia mesma de todo aquilo que, dun modo ou outro, queremos crer. Tal vez non admitamos a existencia de extraterrestres, pero si desexábase que non se rompera a tensión romántica entre *Mulder* e *Scully*. Esa parte da mentira era a universal, a que podería pertencer a calquera historia e, sobre todo, podería desenvolverse en calquera lugar.

Os espazos non son unicamente a situación xeográfica da acción: son a luz, a arquitectura e incluso a sonoridade dunha historia. **Os lugares existen dende o momento no que os contas**, e a presenza atende á clásica diferenza entre o turista e o viaxeiro: lugares subliñados como **obxectos ou entendidos como parte da construción das persoas**. Son elementos fundamentais dentro do concepto da diferenza, porque onde transcorre a historia é, en esencia, parte dela.

Durante décadas fomos espectadores do que nos é alleo. Asimilámolo ao

tempo que o día a día nos mostraba unha realidade completamente diferente. Nalgúns casos isto serviu para que se quixera coñecer máis sobre esa realidade que estaba aí fora, noutros para aprender a mirar a riqueza do local como elemento diferencial. Incluso quedaba **unha terceira opción: que como receptores entenderamos que estabamos sendo testemuñas de localismos moi afastados**.

No fondo é todo cuestión de ecuacións, pura matemática: sumar (nos) ou restar (nos). Décadas falando do global parecen non ter servido para entender que a auténtica realidade pasa por saber que se quere contar, ao tempo que cada día importa menos dende onde. É o chegar aquí cando xurde o paradoxo: **a mirada é libre, non atende a fronteiras, e en realidade é posible contar calquera cousa, incluso (ou precisamente) falseando**.

Expediente X funcionou con precisión durante todo o tempo no que se simulou o espazo estadounidense dende Canadá, e todo comezouse ir a pique cando finalmente trasladaron as rodaxes a LA. ¿O motivo? Diversos, pero en parte porque se abandonou nas historias a propia mitoloxía asociada ao espazo. Ou, por dicilo doutra maneira, **o escenario nunca definira o carácter das historias**. Como se soe dicir, o mapa non é o territorio, e nunha narración o verdadeiramente importante é quen a recibe. O diferencian en aquilo que se conta está no particular, no matiz, no que pode sorprender por resultar distinto, estraño pero á vez próximo.

Igual é que nos miramos menos do que deberíamos.

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

> TEMA CENTRAL ANUARIO

Artigos do tema central

Xurxo González

Pepe Coira

Peter Andermatt

• Artigos dos socios
sobre o tema central:

Iago González

• Isabel Iglesias

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

126 / 127

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



Artigos dos socios sobre o tema central

AS FRONTEIRAS DO EXTRANXEIRO

ISABEL IGLESIAS

Produtora Audiovisual

“á viaxe da nosa industria máis alá das fronteiras da nosa Comunidade Autónoma... tanto no referente a buscar negocio como a vender os nosos proxectos”

A **fronteira** é un tránsito social entre dúas culturas. Restrinxido ao ámbito político, o termo refírese a unha rexión ou franxa, mentres que o termo “límite” está ligado a unha concepción tan física como imaxinaria. Asáltame a dúbida de se ao falar da “nosa industria” audiovisual nos estamos referindo só ao primeiro concepto, ao cultural, posto que “buscar negocio” é ir tralo diñeiro e iso é algo que, cada vez máis, non ten territorio nin fronteiras.

Por outra parte, industria é un termo moi xenérico e excesivamente dependente de clasificacións sectoriais obsoletas, sobre todo tendo en conta que a audiovisualización do mundo é inversamente proporcional á existencia de modelos de negocio. Unha eterna peregrinación na que o sector non da atopado o seu sitio.

Falar de industria é caer na ambigüidade de intereses internos enfrontados, de falta de obxectivos definidos e de carencia de estratexia. E non será doutra forma mentres sigamos esgrimindo as vellas leis da escaseza en lugar de comprender as posibilidades da abundancia. Por outro lado, “industria” é un concepto moi amplo con múltiples eslavóns antes de chegar ao produto terminado.

Contar historias é unha maneira de ser, unha intencionalidade, unha forma de vivir. E no caso de audiovisual, deno de o momento en que todo se inicia e termina nunha pantalla, a etiqueta de ficción ou realidade é un oxímoro. Igual que tampouco importa a súa procedencia ou duración, hai quen non é capaz de conter unha historia en dúas horas (ou máis) ou quen sabe condensar un universo nun minuto.

De nada sirve ser un prodixio coa cámara, un artista da edición ou realizar unha interpretación excelente se non se dispoñen tódolos elementos para que xurda a historia... e para que chegue a algún tipo de audiencia. Pensar o contrario é coma comprar ingredientes de diferentes calidades para cocinar de calquera maneira unha comida que ninguén vai comer.

A última película de Nacho Vigalondo, “Open Windows”, comeza nunha sala de cine onde se proxectou unha película en formato panorámico e pouco a pouco a cámara vótase atrás e se revela a pantalla do ordenador. Di o director que non foi unha formulación consciente pero que, sen pretendelo, marca o fin dunha era. Sobre todo porque cada vez hai menos salas dispoñibles, engado eu.

“Yo soy muy partidario del VOD, que nos trae una cosa impagable y es el reencuentro con el cine independiente. Ha habido una época donde la clase media del cine se ha diluido, se ha evaporado y ahora mismo el VOD tiene una salud excelente y trae cine que no hubiésemos visto en otras circunstancias.

Más allá de la nostalgia, la sala de cine tiene algo que no tiene el consumo en casa y es la experiencia colectiva. Hay un par de géneros como son la comedia y el terror que, el día en el que dejen de verse en salas definitivamente, harán que tengamos que explicar a nuestros descendientes cómo era eso de que toda la sala se estuviese riendo cuando había un chiste o que toda la sala gritase cuando había un susto. Esa sensación es irreplicable.”

A clave segue sendo a audiencia pero o problema é o que adoitamos entender por mercado, que non é algo difuso. Temos o atractivo dalgunha especificade que nos defina? É necesario? Queremos facelo? Porque na realidade caben moitas realidades.

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

> **ARTIGOS DE OPINIÓ DOS SOCIOS**

Chelo Loureiro

David Pardo

Emilio Baños

J. B. Lobato

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

128 / 129

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

ARTIGOS DE OPINIÓ DOS SOCIOS



CHELO LOUREIRO

Produtora
Delegada de Cima en Galicia

**AS MULLERES CINEASTAS
SUBÍMONOS AO TREN DA LIBERDADE**



DAVID PARDO GARCÍA

Profesor de Realización Audiovisual
EIS Lugo – Fundación TIC

**PREFIRO NON COBRAR, GRACIAS
SON UN MICROONDAS**



EMILIO BAÑOS

Distribuidor cinematográfico

**O CINE EN
GALICIA**



J. B. LOBATO

Coordinación de Prácticas
e Proxectos de EISV

QUE SERÁ?

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

> ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

• Chelo Loureiro

David Pardo

Emilio Baños

J. B. Lobato

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

130 / 131

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



AS MULLERES CINEASTAS SUBÍMONOS AO TREN DA LIBERDADE

CHELO LOUREIRO

Produtora

Delegada de Cima en Galicia

E os homes tamén. Estou segura. Aínda que a mobilización partiu de organizacións de mulleres, tal e como puidemos comprobar na manifestación do 1 de febreiro que tivo por obxectivo pedir no Congreso dos Deputados a retirada da lei de Protección á Vida do Concibido e Dereitos da Muller Embarazada, a cantidade de homes foi dabondo ilustrativa como para comprobar que estamos a falar dun problema que nos afecta a todos por igual, aínda que por razóns obvias da bioloxía, sexamos as mulleres quen sufrimos con máis dureza as consecuencias.

Dende o primeiro momento, no mes de decembro de 2013, no que Gallardón nos sorprendeu co borrador da nova lei do aborto, as voces contra este anteproxecto foron moitas e atronadoras. Do mundo da cultura partiron multitude de protestas. De Europa e do resto do

mundo tamén chegaban manifestacións alporizadas. Pero foron dúas organizacións de mulleres de Asturias: "Tertulia Feminista Les Comadres de Gijón" e "Mujeres por la Igualdad de Barredos" as que tomaron a iniciativa de bloquear 150 prazas no tren que partía de Xixón o 31 de xaneiro para participar na manifestación do día 1 en Madrid coa intención de entregar unha carta no Congreso dos Deputados. En pouco menos de 10 días esgotáronse as prazas, tendo que alugar autobuses para poder trasladar a todas as mulleres e homes que decidiron adherirse ao que bautizaron como *O TREN DA LIBERDADE*.

Pilar Aguilar, analista e crítica de cine andaluza, desde o París onde reside, foi a primeira en preguntarse se as cineastas non deberiamos documentar en imaxes uns acontecementos que poderían situar ao noso país á altura

de Polonia ou Malta, os menos avanzados da UE en canto a dereitos sexuais e reprodutivos. Colocarnos de novo nos anos 80, onde semanalmente partían tres avións a Londres cargados de mulleres que non viaxaban por motivos turísticos precisamente, senón a abortar. Mulleres privilexiadas –me permito utilizar este cualificativo só dende o punto de vista económico– que podían financiar viaxe e clínica, porque a meirande parte dos abortos se facían en espazos clandestinos en España ou Portugal, tan sórdidos coma ausentes de condicións mínimas de atención médica, con terribles consecuencias para as mulleres tanto físicas coma psicolóxicas.

A partires da chamada de Pilar comezamos, desde toda a xeografía española, a ofrecer a nosa colaboración. Cada unha responsabilizándonos da tarefa na que nos sentiamos competentes. Directoras, sonidistas, cámaras, guionistas, produtoras, editoras, montadoras... de tódolos recantos saían profesionais dispostas a adherirse na medida das súas posibilidades, e en menos dunha semana estabamos reuníndonos para organizar dun xeito profesional a produción do documental *YO DECIDO*. Eramos máis de oitenta.

Tamén a sociedade en xeral ía adheríndose á mobilización e ao Tren da

Liberdade sumábanse en menos dunha semana oito Comunidades Autónomas e máis dunha trintena de cidades. Mulleres e asociacións de toda Europa denunciaban o retroceso que significaría para a UE a aprobación desta lei en España e deciden manifestarse o mesmo día 1 en apoio a todas nós. París, Amsterdam, Edimburgo, Roma, Bruxelas, Istambul, Alemaña... mesmo en Quito e Bos Aires son algunha das cidades e países que organizan marchas secundadas por milleiros de persoas clamando contra esta regresión á que conduciría o anteproxecto de lei. E alí estarán tamén mulleres cineastas tomando rexistro gráfico do que acontece.

Paralelamente, van xurdindo iniciativas de todo tipo, desde un manifesto asinado por 1.375 mulleres do mundo académico, da cultura e as artes que esixen a retirada do Anteproxecto de Gallardón por lesionar a soberanía da muller ante o seu corpo e a capacidade de elixir libremente a decisión sobre maternidade e autonomía moral, base da dignidade nun estado de dereito; até a decisión de centos de mulleres de acudir aos Rexistros da Propiedade das súas localidades a rexistrar os seus corpos como propios. Tamén colectivos de homes e mulleres acoden a comisarías de policía a autoinculparse como abortistas, todos con grandes carteis anunciando "Eu tamén abortei".

En xeral, as críticas converxen no mesmo punto, o de non poder tolerar que se nos converta en menores de idade impondo principios ideolóxicos particulares e aplicando sancións penais ao converter en delito os dereitos. E son estas declaracións pronunciadas por moi diferentes persoas ou entidades as que pensamos era imprescindible recoller no documental.

Desde Galicia foi a Asociación Vela-luz, comprometida co apoio a mulleres vítimas dos malos tratos e violencia de xénero quen organizou a reserva de prazas nos trens. Até a súa sede acudiron as directoras Manane Rodríguez e Sonia Méndez a rodar os preparativos con Iria Castro como axudante. Tamén viaxaron no tren a Madrid.

As produtoras tratamos de organizar a produción en canto equipos humanos: de guión, de rodaxe, de son, de montaxe, de comunicación... a falta de recursos económicos era o principal escollo debido a custes inevitables tanto de materiais como de dereitos. CIMA, como asociación que leva a iniciativa, responsabilízase de abrir unha conta onde recibir donativos e de centralizar a comunicación e prensa.

Xerar uns protocolos de traballo que permitiran un mínimo de fluidez ante os dezanove equipos de rodaxe que

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

> ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

• Chelo Loureiro

David Pardo

Emilio Baños

J. B. Lobato

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

132 / 133

≡ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

CHELO LOUREIRO

Produtora / Delegada de Cima en Galicia

se formaron foi a primeira das misións. A diversidade de equipamento técnico que contabamos suporía a xeración de arquivos que haberían de ser convertidos a outros formatos, tarxetas de memoria e baterías que puideran substituírse en diferentes puntos da marcha. Distintivos para todas as cineastas que axudasen a localizarnos entre nós mesmas e de cara a que os manifestantes en xeral coñeceran e respectaran o noso traballo...

Comezamos por solicitar os permisos para rodar en cada unha das estacións e mesmo nos vagóns, aproveitando a viaxe para recoller os motivos que levaban a cada unha das persoas a acudir á manifestación. Pouco a pouco, desde Galicia, Andalucía, Cataluña, Euskadi, Valencia... íamos comunicando que

Renfe nos denegaba os permisos baixo a excusa de non permitir actos políticos nin relixiosos. Tomamos a decisión de rodar a pesar de todo. Resultou incrivelmente alentador ser recibidas nalgunhas estacións por encargados da seguridade que nos escoltaban para asegurar que puidésemos traballar sen problemas, pois tamén eles se consideraban agredidos.

Cada pouco, ían chegando vídeos de todas partes, desde todo tipo de colectivos. Algúns divertidos coma o dunhas francesas ensaiando a canción "El Chachachá del tren". Moitos conmovedores, de mulleres case anciáns explicando os seus motivos para non tolerar revivir paisaxes dolorosas, pero agora coas súas netas como protagonistas.



EUROPA TAMÉN SUBÍU AO TREN

No Reino Unido, o movemento My belly is mine -A miña barriga é miña- organizou para o mesmo día 1 de febreiro en Londres unha viaxe en tren simbólica de dous minutos entre as estacións de Charing Cross e Waterloo East, para apoiar ás mulleres españolas. Como símbolo da súa campaña adoptaron unha percha decorada e convidaron a todo o que quixera asistir a decorar as súas propias perchas e levalas á protesta, dado que as perchas son un símbolo de loita polo aborto legal porque era o instrumento utilizado por moitas mulleres para interromper os seus embarazos, o que lles provocaba tremendas hemorragias e danos, e en moitos casos a morte. Concentradas ante o Hungerford Bridge, ataron as perchas ás varandas da ponte.

Francia acolleu tamén varias concentracións de apoio ao Tren da Liberdade en Nantes, Burdeos, Marsella..., a máis numerosa en París, onde máis de 80 organizacións feministas, de defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos, así como colectivos de gays e lesbianas, marcharon até a embaixada francesa para dicir "Non á regresión dos dereitos das mulleres españolas".

Unha quincena de organizacións feministas italianas asinaron tamén un manifesto de apoio ás "as mulleres españolas e de rexeitamento á proposta de Gallardón" e o 1 de febreiro concentráronse en Roma. En Ecuador, fronte ao consulado español de Quito tamén houbo unha concentración de rexeitamento ao anteproxecto de lei. En Bruxelas cinco plataformas de ONG entre as que está a Federación Internacional de Planificación Familiar, o Lobby Europeo de Mulleres ou Dereito ao Aborto, que agrupa a unha trintena de entidades, tamén convocaron unha marcha até a embaixada española.

A MARCHA

A manifestación resultou tan pacífica coma reivindicativa, con dúcias de miles de persoas de tódalas idades – familias enteiras na rúa- chegando por tren a Atocha e por autobuses de toda España, clamando dun xeito contundente o seu rexeitamento a esta acción do goberno e esixindo a súa retirada. Non faltaron grupos que cun ton moi festivo animaron o traxecto até as Cortes. Todos pedindo que a actual lei de prazos seguise en vigor pola eficacia de leva demostrado e o consenso xerado entre todos os cidadáns desde que se promulgou até hoxe.

O traballo das cineastas no momento en que escribo estas liñas segue en marcha coa intención de facer unha estrea en toda España o día 10 de xullo, gratuíta e, a ser posible, seguidas dun

coloquio. En Galicia estaremos con seguridade na Coruña, Lugo, Santiago, Ferrol e Vigo. Gustaríanos facelo en moitas máis vilas ou cidades, pero non sei se chegaremos. Tampouco resulta moi doado atopar espazos públicos cando pertencen a cidades ou comunidades rexidas por gobernos do partido político que apoia este proxecto de lei. Esta é outra das batallas que temos pendentes, que os partidos políticos entendan que o público é do Estado, de todos os cidadáns e non das súas siglas por estaren gobernando.

Grazas a ter participado neste traballo en equipo e na impresionante mobilización, teño máis presente o que a cidadanía podemos chegar a conseguindo sumamos o esforzo e o talento de todos e todas.

O DOCUMENTAL
"EU DECIDO"
É UN TRABALLO
COLECTIVO QUE FOI
POSIBLE GRAZAS Á
PARTICIPACIÓN DE:

TERESA FONT,
OLGA ACOSTA, CARLOS AGUIRERA, CLARA ALONSO, NEVES ALONSO, SARA AMEROGI, MITE ANDREU,
PILAR AÑÓN, TAMARA ADELLA, ANA ASTAL, SEGOÑA APOSTOEA, ROBERT BAHAS, GUADALUPE BALACUER, TRELLES,
JANIS BARROS, PATRICIA BELÉN, ANIBAR BOLA, MACARONA BERJANO, LARA BLANCO, NEVES BOU, SARA BOLEA,
ICAR BOLLAN, PILAR BONDURRIL, VICTORIA BORRAS, SARA BUE, TERESA BURDOS, SÉRGIO BURMANN, JARA BUSTOS,
MAGALIA CABANILLAS, BESSICA CALLE, LAURA CALVO, EVA CAÑO, ALMUDENA CARRICEDO, MARIY CARRELO,
ESTHER CASTRO, IMA CASTRO, TATIANA CHAY, GEORGINA OBOLELLA, ELISA COUL, ISABEL COUL, MIRELLA CUESTA,
PILAR DE LA TORRE, IONA DE MACEDO, CONCHI DEL BLO, LAURA DEL SOL, EMMA MUELLE OÑAR,
ELENA DÍAZ, RAJA DÍAZ, ANI DEZ, EVA DEZ, MARÍA DURRUTI, DAVID EDEA, JULIA ESCOBEDO, INÉS ESPAÑA,
DANIELA FEIGMAN, PATRICIA FERRERA, MARÍA FIGUERAS, EMMA FOLGADO, INMA FONT,
ANIBAR FORTUNY, MELANA FRAGA, ELENA FRIEZ, NOELIA FRESCO, EDUARDO G. CASTRO, MONTE CABAS,
SARA GALLARDO, MARISSA GALLEGO, BEATRIZ GARCÍA, DIANA GARCÍA, DELFINA GARCÍA, ESTHER GARCÍA,
LUIS MIGUEL GARRIDO, CARLOS GASTÓN, ANDREA GAUTIER, CONCHA GIL, ANIBAR, OMIÑO, LARA GOMA,
JULIETA GÓMEZ BRONDO, ASAN CARLOS GÓMEZ, RAQUELA GÓMEZ, ROSA GONZÁLEZ, ANGELES GONZÁLEZ-GRINE,
ANGELINES GRACIA, MARISA GRACIA, TERE GRACIA, CHUS GUTIERREZ, TEO GUTIERREZ, RAQUELA GUTIERREZ,
ALFONSO HERNÁNDEZ, MARÍA HERNÁNDEZ LÓPEZ, MACARONA HERNÁNDEZ, MAYRA HERNÁNDEZ, ADRIANA HOYOS,
RAQUELA HUELÍN, MARI CARMEN IBAÑO, ANEREA JARRBETA, LA SOLTÓNICA, PILAR LANZ, VICKY LAMBERS,
CARMEN LANOVARA, CAROLINA LASCANO, EVA LESMES, MARÍA JOSÉ LÓPEZ, MILAGROS LÓPEZ,
SHEILA LÓPEZ, CHELO LOUREIRO, MARÍA LOZANO, ALICIA LUÑA, RAQUELA LUJAN, BELEN LLANOS, JUANNA MACÍAS,
ANGELES MASEO, TERE MANABAR, PENE MILDONADO, JOAQUÍN MANDADO, SÉRGIO MANGAS, ELENA MARIKUE,
LILIA MARÍA, ASCENSIÓN MARICENA, IVÁN MARÍN, RAQUELA MARÍN, ANGELES MARIÑO, NEVES MARIÑO,
BEATRIZ MATEOS, ISABEL MELÉNDEZ, SONIA MÓNEZ, MARÍA DEL CARMEN MÓNEZ, RAQUEL MENDIGORREN,
LILIA MORENO, MARTA MERO, ZELTIA MONTES, ANA MORENO, ESTER MORENO, ESTER MORENO, MARTA MORENO,
REYES MORENO, ALEXIA MUÑOZ, ANGELES MUÑOZ, CARMEN MURLANCH, JOSEFINA MUSLEIN,
TERESA NUÑO DE LA ROSA, JORDI OLIVER, RAQUELA ORTE, NEIRA OSUNA, NELLI OTIN, ISABEL PALACIOS, ANDREA PARALELA,
SEGOÑA PÉÑA, RAZ PÉÑAS, MIRIAM PORTÉ, ELISABETH PRANDI, ANGELES PUENTE, GRACIA QUIRIGLIA, BETTY RIOS,
PATRICIA RIGGA, CONDOKHOA RODRÍGUEZ, MANABE RODRÍGUEZ, RITA RODRÍGUEZ, LUISA ROMERO, MERGA ROS,
SHEILA RUBIO, RAQUEL RUIZ, PILAR RUIZ, PATRICIA SAUVEDRA, ELENA SALCEDO, CARMEN SAN MARTÍN,
ALMUDENA SÁNCHEZ, ANGELES SÁNCHEZ, KÁTINA SCHALLERBERG, ALBA SORROGA, CARLA SERRANA,
EVA TABOADA, ISLANDA TAMBLASCO, DÚRICE TENDEIRO, LUIS TESTA, CLAUDIA THELE, PEDRO TORIBO,
DOLORES TORRIANO, PILAR USED, EVA VALERO, GLORIA VÁZQUEZ, JOSÉ VERDE, CAROLINA VICENTE, GEMA VILLA,
LOURENS VILLAMAYOR, ELENA YSANZAL, ROCÍO WESTENDORF, VIRGINIA YIGUE, LYDIA ZHIMENYANN, ESTHER ZUNIGA

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

> ARTIGOS DE OPINIÓ DOS SOCIOS

Chelo Loureiro

• **David Pardo**

Emilio Baños

J. B. Lobato

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

134 / 135

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



DAVID PARDO GARCÍA

*Profesor de Realización Audiovisual
Escola de Imaxe e Son de Lugo – Fundación TIC*

PREFIRO NON COBRAR, GRACIAS

Máis de cen páxinas a color, con tapa dura, gráficos, táboas e un sen fin de documentos técnicos que explican e desenvolven ese proxecto audiovisual no que o alumno estivo meses traballando.

Les con toda atención e detemento, e vas descubriendo un erro que se repite como unha constante na maioría dos diferentes proxectos presentados. Non hai partida orzamentaria para os gastos de persoal técnico nin plan de financiamento que sustente a viabilidade do proxecto.

Nunha primeira lectura, isto non parece máis que un simple erro de principiante. Unha carencia técnica que pode derribar o proxecto aínda que comprensible en alumnos que están en proceso de aprendizaxe.

Pero só nunha primeira lectura porque o problema ten máis fondo. Cando te sentas con eles a discutir o proxecto e lles preguntas por esta cuestión, a súa expresión é de desconcerto e sorpresa, pois non comprenden a importancia do asunto e nunca reflexionaran sobre iso.

SON UN MICROONDAS

Domingo. Seis da tarde. Mundial de Brasil. México espera dar a sorpresa ante Holanda e eu decido que uns flocos de millo son un acompañamento perfecto para tal ocasión. Así que tiro de microondas rapidamente. Tres minutos de baileretada molecular e lista. Ao minuto escaso algúns grans de millo empezan a explotar pero é durante o segundo minuto cando o fan a maioría. Aumenta o ritmo das explosións cunha cadencia in crescendo. Cando faltan poucos segundos case non explota ningún gran. O proceso rematou.

Abres a bolsa e comprobas o resultado. As primeiras están un pouco queimadas, explotaron moi pronto e sufriron demasiada calor posterior. Necesitaban saír daquela bolsa e deixar de xirar, pero estaban atrapadas. A inmensa maioría están no seu punto. Crocantes, branquiñas e quentes. Estas son as primeiras que probamos, son estas as que

E atención ao dato. Cando lles preguntas por que non incluíron os gastos de persoal do equipo técnico ao que eles mesmos pertencen, respóndenche que o seu obxectivo é executar a obra e para que sexa posible o farán cos seus propios medios técnicos persoais e achegando gratuitamente a súa forza de traballo.

E comprendes que se trata dun alumno novo, inexperto e cunhas desmesuradas ganas de executar custe o que custe o seu proxecto. E é admirable e comprensible. Pero subxace unha idea perversa e perigosa. Xeracións de mozos que saen ao mercado coa idea interiorizada de que para dedicarte ao audiovisual non debes cobrar polo teu traballo, que iso resultaría contraproducente para a viabilidade do proxecto. O seu sistema de produción é infalible: agárranse a cámara DSLR (que lle regaláron) e saen á rúa (sen permisos) a gravar cos seus compañeiros (que tamén lles regalan o seu tempo) e logo editan o programa como poidan e ao seu ritmo. Quen necesita cobrar para facer este traballo? E se chega un día

no que o seu peto está baleiro e non poden comer, a culpa será do goberno que non lles deu a bolsa.

Sempre se traballou gratis nesta profesión. Todos o fixemos e seguíramos facendo. O que me preocupa é que observo que as novas xeracións non se introducen neste oficio coa intención de convertelo na actividade profesional que sustente as súas economías, se non que parecen formulalo exclusivamente como unha actividade que se realiza por amor á arte.

Consideran que se unha profesión é vocacional e che apaixona, non debes cobrar por exercela. Resultaría inmoral, abusivo, algo moi egoísta.

Eu nunca vin un enxeñeiro levantando unha ponte gratis por amor ao seu traballo, nin facer o propio a un cirurxián plástico, a un arquitecto ou a un futbolista. E estou seguro que ningún deles goza menos da súa profesión que calquera de nós.

nos serven para medir se o tempo de cocción foi o acertado e se o microondas fixo ben o seu traballo. Debaixo de todos estes fermosos flocos de millo hai un grupo moi selecto de grans que quedaron a punto de explotar. Estes son os que máis me gustan. Están a medio abrir. Duros e crocantes pero mastigables. Son os meus favoritos porque sempre tiveron debilidade por aqueles que fracasan a punto de chegar, por aqueles que morren na beira. E por último, hai un pequeno grupo que non podes comer. Os grans están intactos, duros como pedras, coma se nada tivese acontecido. Son poucos pero parecen moitos. Fan ruído ao caer no recipiente e apiñanse no fondo como un pelotón mostrando resistencia.

Quizais buscan que lles plantes batalla, así que desoíndo as instrucións da bolsa, que son como os Decretos da Consellería de Educación, volves meter

eses grans de millo no microondas. E dálles un par de voltas. Aplícaslles máis calor pero non explotan. Fracasaches de novo porque usaches o mesmo método. Por algunha estraña razón que non acertas a entender, a calor dos microondas non os fai explotar. Eses grans non poden ser flocos de millo. E frústraste, e négaste e te desesperas. E pensas en poñer o grill, elevar o prato ou darlles aínda máis minutos. Non funcionará. Non serán flocos de millo porque ti queiras. Hai que botarlle máis imaxinación e asumir que os grans de millo, como o vidro, teñen moitas vidas. Talvez o seu fin sexa alimentar ás galiñas ou decorar as colaxes que os nenos fan no colexio. A súa función na vida pode ser moito máis práctica se non explotan no teu microondas.

É un feito das aulas e da vida. Os alumnos, como os Popcorn, uns estoupan e outros non.

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

> ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

Chelo Loureiro

David Pardo

• **Emilio Baños**

J. B. Lobato

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

136 / 137

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

O CINE EN GALICIA: UNHA APROXIMACIÓN AO ESTADO ACTUAL DENDE O PUNTO DE VISTA DA DISTRIBUCIÓN E EXHIBICIÓN

EMILIO BAÑOS

Distribuidor cinematográfico



Cando falamos da industria cinematográfica podemos facer unha distinción de partida entre dous grupos claramente definidos: hai unha parte creativa, que se ocupa de todo o proceso de elaboración da película, e onde se desenvolven moitos dos oficios máis característicos do cine: guionistas, actores, directores, técnicos, produtores e un longo etcétera; pero tamén hai unha segunda parte onde o matiz máis evidente é eminentemente comercial, como é a distribución e a exhibición das películas. O punto de partida é claro, dedicámonos ao mesmo: a crear historias e sensacións coas que intentamos chegar ata o público.

E no medio dunha imaxe tan idílica cóase o problema. Se somos as dúas caras da mesma moeda e traballamos coa mesma materia prima, por que somos tan ignorantes os uns dos outros? Que sabemos en realidade da outra parte do sector? Cales son os seus problemas específicos? Só por estar embarcados xuntos deberíamos, como mínimo, cuestionarnos todo iso. Sempre crin que se ao teu veciño lle vai ben, a ti irache ben; se ao teu veciño lle vai mal, a ti, irremediabilmente, rematarache indo mal. Pode parecer unha redución egoísta ao material, aínda que persoalmente creo que é instinto de supervivencia e o punto mínimo de partida.

Persoalmente levo anos dedicándome á distribución e teño que recoñecer a miña case absoluta ignorancia do como se fai unha película. Pero tamén me deixa perplexo o descoñecemento que percibo dende esa parte creativa que mencionaba ao principio do texto sobre a comercialización e exhibición desas mesmas películas que con tanta dureza paren.

O anterior parágrafo podería ser case irrisorio se non fose pola traxedia que esconde. Xamais poderemos falar dunha industria moderna e competitiva se non somos capaces de optimizar os nosos recursos, e isto nunca poderá ser posible sen a colaboración de todo o proceso de creación e explotación da obra fílmica.

Na nosa sociedade, quizais por desinformación ou intoxicación da información recibida, hai unha serie de tópicos que se repiten moito sobre o cine español: mestúranse cuestións políticas (os "da cella"; os do "non á guerra"...), con outras cuestións económicas (que se vivimos de subvencións; o prezo do cine...). Cada parte da industria, coa visión nesgada que defín, deféndese con maior ou menor fortuna da devandita incompreensión. O paradoxal e triste é que esa mesma desinformación e argumentación errónea, eses ataques, se repitan en ocasións entre os dous sectores nos que defín a industria cinematográfica segundo quen sexa a parte afectada. O primeiro erro de partida é a propia definición de cine español (no que se engloba o cine galego). Entendo que o cine español é o que se fai aquí, que se crea con capital humano e/ou económico español. A mencionada parte creativa. A este sector fánelle os maiores reproches que defín como políticos e todo o relacionado coas subvencións. Outra cousa é a exhibición de cine en España, á que en ocasións se lle acusa do anterior, ademais do prezo da taquilla.

Hai unha enorme confusión con todo iso. Sen entrar no debate das bondades (ou non, para quen así o crea) das subvencións, a exhibición de cine nos circuitos comerciais non está subvencionada. De aí que me sorprenda en ocasións a xenreira coa que se

desprezan os resultados en despacho en moitos medios de comunicación e nun amplo sector social argumentando que para iso viven de subvencións.

De feito nos "anos dourados" das burbullas económicas no noso país asistiamos a un elevado número do aumento das producións cinematográficas, con crecentes presupostos para axudar aos devanditos procesos creativos. As administracións públicas tamén colaboraron con partidas económicas. Tristemente a realidade comercial era outra.

Tomando como punto de partida o ano 2004, o descenso na asistencia de espectadores ás salas foi constante, exceptuando o efecto "Avatar" en 2009 que ocasiono un lixeiro repunte. De feito pasamos de case 144 millóns de entradas en 2004 a non chegar aos 80 millóns en 2013 (datos non definitivos). Respecto ao número de salas os datos son similares: pasamos de 4.390 en 2004 a 4.003 en 2012 (non hai datos aínda definitivos respecto a 2013 aínda que avanzo que se pode augurar unha caída dramática polo agudizamiento da crise e a dixitalización das salas).

E que sucedía mentres tanto en Galicia? Pois o panorama quizais é aínda máis desolador. As características históricas da industria no noso territorio así como a dispersión poboacional fan que a relevancia da exhibición en Galicia perda importancia no conxunto nacional, diluíndose a porcentaxe que representa. A 1 de abril de 2014 en España había aproximadamente 78 salas de cine por cada millón de habitantes. En Galicia esa cifra redúcese a 59 salas por millón.

Vemos pois un punto de inflexión na exhibición moi anterior á longa crise na que vivimos, mentres que a produción

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

> ARTIGOS DE OPINIÓ DOS SOCIOS

Chelo Loureiro

David Pardo

• Emilio Baños

J. B. Lobato

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

138 / 139

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

EMILIO BAÑOS

Distribuidor cinematográfico

non experimentou unha importante caída ata o ano 2012 con 126 longametraxes integramente españolas fronte ao máximo da última década en 2011 con 151 longametraxes.

Encontrámonos pois con que ocine, como actividade de exhibición, leva xa moitos anos de crise en Galicia. Chegados a este punto habería que incluír un novo matiz que é a situación xeográfica. Durante a última década os locais de exhibición que máis sufriron a nosa crise particular eran os máis pequenos e débiles, os cines dos pobos, aqueles que contaban con poboacións máis exiguas. Mentres tanto, neses mesmos anos, os cines nas cidades e principais vilas de Galicia asistiron a diversas aperturas de novos locais. Pero mesmo ese pequeno oasis resultou ser un espellismo, o paradigma cambiou. Pasamos do peche abafador durante os últimos dez anos de cines en pobos pequenos (que non enumerarei para non aburrir e non restar espazo ao artigo, pero que se intentamos facer memoria nos asustaría) ao peche xa de salas nas grandes cidades. E non falo de locais antigos, obsoletos ou incómodos; locais sen adaptar ás necesidades e novos gustos de ocio do espectador. Falo de espazos perfectamente imbricados na estrutura das súas cidades; falo de locais únicos sen máis competencia nas devanditas cidades; falo mesmo de locais que afrontaran o investimento da moi onerosa dixitalización... e que aínda así houberon de pechar. E esta é a realidade do cine que eu coñezo. O punto de vista do distribuidor e do exhibidor.

A perda dun local de cine en moitas ocasións é unha traxedia, e non falo só de aspectos económicos. Falo da súa capacidade para transmitir historias, para proxectar as películas que a outra parte da industria se dedica a elaborar. Hai uns días alguén comentou a traxedia de chegar a perder non o cine feito en Galicia, senón do feito en galego. Eu

engadiría a esa frase perder tamén o espazo físico onde poder proxectar esa película feita en Galicia, feita en galego.

En moitas pequenas entidades de poboación a sala de cine, como actividade económica con capacidade para autofinanciarse por se mesma, se fixo inviable. Pensemos agora por un momento na importante carencia que é para un pobo ou vila. É un servizo máis para a poboación que se perdeu. Outro motivo máis para esa desertización e caída demográfica tan incitante hoxe en Galicia. Outra razón máis para desprazarse a poboacións maiores e que afonda nas perdas do comercio local. Creo que a administración debería tomar cartas no asunto para intentar paliar o devandito problema. Raro é hoxe o concello en Galicia que non ten un auditorio, un salón de actos, unha casa da cultura, que en moitas ocasións está infrautilizada e que poderíamos optimizar, dándolle un uso, dotando dunha nova actividade a dito concello e creando o espazo e a oportunidade para exhibir o noso produto, o cine feito en Galicia.

Sei que deixo moitos temas importantes sen tratar, que se xerarán preguntas, e botaranse en falta respostas, pero o debate está sempre aberto.

A nosa responsabilidade como profesionais deste sector é recoñecernos e colaborar pois o noso obxectivo final é común. Para iso creo ter dado unhas tennes pinceladas que axudan a localizar e comprender a problemática específica e as tendencias actuais da distribución e exhibición de cine en Galicia.

* Os datos que aparecen reflectidos no escrito sobre taquilla, número de locais e número de producións están recollidos no ICAA.

* Os datos dos índices de pantallas por habitantes proceden dos informes periódicos da AIMC - Asociación para a Investigación de Medios de Comunicación.

FILMS from GALICIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

> ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

Chelo Loureiro

David Pardo

Emilio Baños

• **J. B. Lobato**

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES


140 / 141

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA



QUE SERÁ?

J. B. LOBATO

*Coordinación de Prácticas
e Proxectos de Escola de Imaxen e Son de Vigo (EISV)*

Na miña mente estíbese a cociñar un artigo que versase sobre a carga práctica nas escolas de formación profesional de imaxe e son, pero bastantes anos de oficio, de observación, de lidar con empresas e empresarios -non sempre son o mesmo-, de *feedback* con alumnos que, pouco a pouco, foron inundando as distintas revoltas do audiovisual galego, leváronme a un enfoque distinto. A, digamos, formularme unha pregunta: Que falla?

Temos un cambio na formulación dos ciclos formativos da familia profesional de Imaxe e Son; cambio que, evidentemente, chega tarde; e por esa natureza maldita por tardía, segue a rebufo das demandas do mercado audiovisual en xeral e do mercado galego en particular. Que fai que unha escola de formación profesional sexa capaz de colocar no mercado promocións de técnicos preparados?

Será o material do que dispón a escola en cuestión? Será o nivel do equipo humano que compón o claustro de profesores? Será, quizais, o nivel de implicación que no seu proxecto curricular de centro, planificación xeral anual e os distintos deseños curriculares dos módulos que compoñen os ciclos, imprime cada escola?...

Non é certo que un bo material, actualizado, sexa garante de que as rapazas e rapaces que se achegan ao estudo dunha profesión aprendan e se poñan en contacto coas novas tecnoloxías e sistemas que, no noso mundo audiovisual, non fan máis que xerminar constantemente e so ás veces crecer. E por iso... cantas veces escoitamos que o material queda nun segundo plano en prol do contido? A cantas fronteas é necesario atender (o estudio de televisión, a iluminación, a fotografía, son, posproducción...), para dicir que unha escola está correcta e actualizadamente equipada? Afortunadamente os fundamentos de imaxe e son seguen sendo os mesmos. Non lle botemos a culpa ao material cando algunhas empresas seguen demandando profesionais que saiban manexar as antigas consolas de

edición, algo que xa está fóra dos novos contidos dos ciclos. Parece que a cinta se vai e chega o estado sólido. Segue sendo necesario saber facer un balance de brancos. Coidado que o full HD non ten futuro xa que chega o novo 4 K, a pesar de que se segue emitindo en SD. Internet parece que si pero non. Polo menos os planos seguen sendo os mesmos. Nin sequera xa as produtoras saben con certeza por que sistema apostar e investir o seu diñeiro.

E aproveitando que falo das produtoras que non teñen moi claro o que queren, ocróreseme o seguinte: se hai técnicos en Imaxe, preparados para a toma, e técnicos en Realización e Edición, por que as empresas queren unha cámara que saiba montar? (non, non confundamos saber manexar un sistema de edición con saber montar... así vemos logo o que vemos!) Deberían pasar por dous ciclos os alumnos? Serían catro anos, os mesmos que agora ocupa un grao. Pero os seus títulos seguirían estando "nunha categoría inferior". De feito, non poderían, por exemplo, impartir clase na maioría dos módulos dun ciclo formativo, aínda que tivesen ás súas costas anos de experiencia profesional. O que me leva ao nivel do profesorado.

Cóntolles unha anécdota que sucedeu fóra da nosa comunidade, pero que perfectamente podería ter acontecido aquí: chega un xornalista habilitado para impartir clase nos ciclos que nos ocupan xa que sacou unha oposición, desas que examinan a capacidade memorística do suxeito en cuestión e a súa pericia para programar unha clase - sobre o papel -. Da parte técnica examinoulle un tribunal que tampouco pasou polo medio se non polas aulas. Ese titulado, que por certo é experto en Fotoxornalismo, lle "tentou" impartir un módulo de son (poderíalle ter tocado de Realización) e o primeiro que pregunta é: Onde se acende a mesa?

Non ten a culpa. El aprobou a oposición. Os alumnos tampouco teñen a culpa. Por certo, a mesa é de última xeración... e segue sen ser utilizada.

Por outro lado temos técnicos loitados en mil batallas, que tiraron de oficio cando se necesitaba. Están na rúa. Sen outra opción que agachar e seguir loitando. Canto coñecemento malgastado. Coidado porque nos encontramos ante un bucle: universidade que non prepara tecnicamente e que fabrica profesores "técnicos" que á súa vez son responsables da formación "profesional". Si, é certo: a parte teórica está cuberta. Quizais rematemos ante escolas que teñan proxectos curriculares e programacións xerais anuais dignas de enmarcar, con deseños curriculares modulares de excepción, sempre coa taxonomía de Bloom presente. En fin, escolas de película para a Consellería de Educación. Anda! E con material de primeira e espazos totalmente equipados.

Ao mesmo tempo, as empresas seguen pedindo: por favor, mándame a alguén que saiba facer macramé cunha 5D e editar en Edius, que traga con todo. O outro que o quere experto en P2 e Avid, que mola máis. O de máis alá que se vén co iPhone mellor, que teña noções de xornalismo e que monte no propio móbil. Un fotógrafo que tome boas instantáneas e saiba gravar en vídeo, que redacte ben e que pase a baeta cando saia. Sabes realizar?, ergo saberás escribir guións, ergo saberás colocar un micro, ergo saberás titular...

Pero hai outras que piden un DIT. Anda! Iso é novo e non vén no temario. Necesitamos un foquista, un bo foquista. Sempre hai alguén que busca técnicos á súa medida. Normal!

Permitide que conclúa con este desaguisado: Queda claro que o sistema non é perfecto, dista moito de selo. Que falla?

Será que as empresas demandan técnicos moi á carta segundo as súas distintas necesidades e conxunturas? Será que hai que cambiar o sistema de oposición e selección de formadores? Será que a tecnoloxía avanza excesivamente rápido? Será que hai que adaptar o plan de estudos á realidade? Será que...

INTRODUCCIÓN
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

> **AS PRODUCCIÓN**

FESTIVAIS
OBITUARIO
O QUE VAI VIR
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

142 / 143

☰ INICIO
↶ ANTERIOR
↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

as PRODUCCIÓN

-
- LONGAMETRAXES
 - PELÍCULAS PARA TV
 - DOCUMENTAIS
 - SERIES DE TELEVISIÓN
 - SERIES WEB
 - PROGRAMAS DE TELEVISIÓN
 - CURTAMETRAXES
 - CURTAMETRAXES DE ANIMACIÓN
 - ANUNCIOS PUBLICITARIOS
 - VIDEOCLIPS
-

INTRODUCCIÓN
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

> **AS PRODUCCIÓN**

FESTIVAIS
OBITUARIO
O QUE VAI VIR
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

144 / 145

☰ INICIO
↶ ANTERIOR
↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

LONGAMETRAXE

- SOMOS XENTE HONRADA
- 9 ONDAS
- EL ÁRBOL MAGNÉTICO
- INEVITABLE
- MÁSCARAS
- EL TIEMPO DE PLÁCIDO MEANA

- ☐ GAÑADORA
- ☒ FINALISTAS
- ☒ CANDIDATAS

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

> AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA

ZELTIA MONTES

Longametraxe

Gañadora

146 / 147

INICIO

ANTERIOR

SEGUINTE

AS MÚSICAS DA ACADEMIA

GALERÍA FOTOGRÁFICA



SOMOS XENTE HONRADA

VACA FILMS E EL TERRAT

SINOPSE: Suso e Manuel. Dous pais de familia e amigos de toda a vida, non pasan polo seu mellor momento. Logo de cumprir os cincuenta, vense sen traballo e sen diñeiro. Cando a situación é practicamente insostible é cando sucede o milagre: nun día de pesca, atopan un paquete con dez quilos de cocaína. Os dous amigos deciden comezar a vender a droga para conseguir saír da miseria que están a vivir. Pero o dilema moral non é o seu único problema: que saben dous cincuentóns de cocaína?

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Director: Alejandro Marzoa

Axte. de dirección: Sandra Montes

2ª axte. de dirección: Marta Lodeiro

Guión: Miguel Ángel Blanca e Alejandro Marzoa

Produtores: Emma Lustres e José Corbacho

Produtores executivos: Borja Pena e Toni Carrizosa

Director de produción: Bernat Manzano

Kefe de produción: Alberto Tomé

Secretarías de produción:

Lucía Gijón e Fátima Dapena

Coordinadora de produción: Cristina Morales

Axte. de produción: Sergio Gil Alonso,

Ramón Rubira e Raquel Giménez

Auxiliares de produción:

Andrés Nadal, David Pérez e Martín Urgal

Director de fotografía: Arnau Valls Colomer

Foquista: Guillem Huertas

Auxiliar de cámara: Isa Rega

Son: Vasco Pimentel, Marc Bech e Jordi Monrós

Microfonista: Carlos Mouriño

Axte. de microfonista: Miguel Seico

Maquilladora: Susana Veira

Reforzos maquillaxe: Beatriz

Antelo e Noelia Arcay

Perruquería: Erea Pérez

Vestuario: Eva Camino

Axte. de vestuario: Celia Álvarez

Auxiliar de vestuario: Pachy Pérez

Director de arte: Curru Garabal

Axte. de decoración: Lesley Arias

Rexedora: Carmela García

Attrezzistas: Joaquín Montes "Xokas",

Julián Celeiro e Antón Pena

Montadores: Sofí Escudé e David Gallart

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:

Miguel de Lira	Axel Fernández
Paco Tous	Santi Romay
Unax Ugalde	Ze Paredes
Manuela Vellés	Xulio Abonjo
Marisol Membrillo	Lidia Romay
Manuel Lozano	Silvia Filipe
Ricardo de Barreiro	Milo Taboada
Antón Durán "Morris"	Lois Soaxe
Luis Iglesia B.	Miguel Borines
Xosé Manuel	Gonzalo Rei
Olveira "Pico"	Carlos Villaverde
Luisa Merelas	

FESTIVAIS:

Selección en festivais:

- ☆ FESTIVAL DE CINE ESPAÑOL DE MÁLAGA. SECCIÓN OFICIAL. 2013.
- ☆ FESTIVAL DE CANS. INAUGURACIÓN. 2013.
- ☆ FESTIVAL DE CINE DE COMEDIA DE TARAZONA 2013.
- ☆ FESTIVAL OPERA PRIMA DE TUDELA. SECCIÓN OFICIAL. 2013.
- ☆ FESTIVAL DE CINE DE ALCALÁ DE HENARES, ALCINE. PANTALLA ABIERTA. 2013.
- ☆ CERTAMEN DE CORTOS CIUDAD DE SORIA 2013.
- ☆ FESTIVAL DE CINE DE ALBACETE. ABYCINE DIGITAL 2013.
- ☆ FESTIVAL DE CINE DEL MUNDO DE MONTREAL. FIRST FILMS 2013.
- ☆ SEMINCI DE VALLADOLID 2013.
- ☆ FESTIVAL DE CINE DE MIAMI 2014.
- ☆ FESTIVAL DE CINE MAREMOSTRA DE MALLORCA. SECCIÓN OFICIAL 2014.
- ☆ FESTIVAL DE CINE LATINO DE CHICAGO 2014.

Premios e mencións:

- ☆ 6 MESTRE MATEO DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL Á MELLOR LONGAMETRAXE, MELLOR DIRECCIÓN, MELLOR GUIÓN, MELLOR ACTOR PROTAGONISTA, MELLOR ACTOR DE REPARTO, MELLOR MAQUILLAXE E PERRUQUERÍA.

SOMOS GENTE HONRADA

UNA PELÍCULA DE
ALEJANDRO MARZOA

Dos hombres, sin trabajo
y 10 kilos de cocaína

PACO TOUS MIGUEL DE LIRA UNAX UGALDE MANUELA VELLÉS

EL TERRAT - VACA FILMS PERSONA NON GRATA PICTURES TVE-TVC AGENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAS ICAA, IEEC ICG
PACO TOUS - MIGUEL DE LIRA - UNAX UGALDE - MANUELA VELLÉS - MARISOL MEMBRILLO - MANUEL LOZANO EVA CAMINO SUSANA VEIRA EREA PÉREZ
VASCO PIMENTEL - MARC BECH - JORDI MONRÓS REBE BODIE BERNAT MANZANO SOFÍ ESCUDÉ - DAVID GALLART CURRU GARABAL - JESÚS SERGIO MOURE DE ETEYZA ARNAU VALLS COLOMER
MIGUEL ÁNGEL BLANCA - ALEJANDRO MARZOA JUAN CRUZ - JAVIER POPPE BORJA PENA - TONI CARRIZOSA EMMA LUSTRES - JOSÉ CORBACHO ALEJANDRO MARZOA



@SomosGenteH /SomosGenteHonrada

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

> AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA

ZELTIA MONTES

Longametraxe

Finalista

148 / 149

INICIO

ANTERIOR

SEGUINTE

AS MÚSICAS DA ACADEMIA

GALERÍA FOTOGRÁFICA



9 ONDAS

NOVEOLAS PRODUCCIÓN COA
PARTICIPACIÓN DA TVG

SINOPSE: Na fronteira entre Galicia e Portugal, un home esquece os seus recordos ao beber auga dunha fonte. Comeza así un camiño cara á súa verdadeira identidade.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Escrito e dirixido por: Simone Saibene

Dirección de fotografía:

Lucía C. Pan e Jairo Iglesias

Son en directo: Andrea Viali

Música orixinal: Álex Álvarez Espinosa

Dirección de arte: Israel Eliáz

Vestuario: María Villas

Maquillaxe e perruquería:

María Ramírez Aldariz

Montaxe: Jairo Iglesias

Produtor executivo: Moncho Conde-Corbal

Xefe de produción: Jenny Bontempi

Axte. de produción: Sabela Alvarado,

Brais Fortes e Carlota Mosquera

Axte. de preprodución: Pablo Culebras

Axte. de dirección: Simón Vázquez

Script: Rafael Espejo

Aux. de cámara: Alba Prol

Eléctrico: Luis Álvarez

Feforzo de eléctrico: Pablo Santa Cruz

Axudante de arte: Andrea Lorenzo

Axudante de son: María Quintas

Axte. de maquillaxe/perruquería: Ana Lee

Axte. de montaxe: Adrián Sanjuán

Montaxe de son: Daniel López

Foto fixa: Bea Conde-Corbal

Gráfica e carteis/Making of: Mon Devane

Casting: Jenny Bontempi,

Natalia Rey e Simone Saibene

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:

Darío Merlini

María Tasende

Isabel Risco

Miguel Manzano

Yago Iglesias

Emilio Parada

Geli Rodríguez

Santiago Lamas

José Manuel Sande

DARÍO MERLINI MARÍA TASENDE ISABEL RISCO MIGUEL MANZANO
YAGO IGLESIAS EMILIO PARADA GELI RODRÍGUEZ

ONDAS

ESCRITO E DIRIXIDO POR
SIMONE SAIBENE

DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA: LUCÍA C. PAN E JAIRO IGLESIAS
SUB-DIRECTO: ANDREA VIALI - DIRECCIÓN DE ARTE: ISRAEL ELIAZ
MÚSICA: ALEX ALVAREZ ESPINOSA - PRODUCCIÓN SONIDO: DANI LOPEZ
MONTAXE: PIXEL FILMS - XEFA DE PRODUCCIÓN: JENNY BONTEMPI
PRODUCCIÓN EXECUTIVA: MONCHO CONDE-CORBAL

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

> AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA

ZELTIA MONTES

Longametraxe

Finalista

150 / 151

INICIO

ANTERIOR

SEGUINTE

AS MÚSICAS DA ACADEMIA

GALERÍA FOTOGRÁFICA



EL ÁRBOL MAGNÉTICO

DOS35 PRODUCCIONES E PAROX

SINOPSE: Bruno regresa ao seu país de orixe despois dunha prolongada ausencia. A casa de campo que de neno compartía coa súa familia está agora en venda e todos se reúnen para despedir o lugar. A visita á "árbore magnética", unha curiosidade local de estrañas propiedades, espertará nel sensacións e afectos case esquecidos.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Escrita e dirixida por: Isabel Aiguavives
Producida por: Rafael Álvarez, Nacho Monge, Sergio Gandara e Leonora González
Director de fotografía: Alberto D. Centeno
Montador: José Manuel Jiménez
Música orixinal: Nico Casal
Xefe de son: Miguel Seixo
Montador de son: Carlos Mouriño
Directora artística: Soledad Morales
Axte. de dirección: Álvaro Cabello
Vestuario: Carola Reis
Maquillaxe: Karla González
Perruquería: Julia Castro

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:

Manuela Martelli (*Marianela*)
Andrés Gertrudis (*Bruno*)
Catalina Saavedra (*Carla*)
Gonzalo Robles (*Diego*)
Juan Pablo Larenas (*Javier*)
Edgardo Bruna (*Tata*)
Ximena Rivas (*Pati*)
Otilio Castro (*Francisco*)
Daniel Alcaíno (*Alberto*)
Blanca Lewin (*Olga*)
Agustín Silva (*Pancho*)
Lisette Lastra (*Tere*)
Antonia Zilleruelo (*Esther*)
Felipe Misa (*Gino*)
Dominga Zilleruelo (*Ale*)
Sandra Fares (*Joza*)
Ruth Omemck (*avoa*)

FESTIVAIS:

- ☆ 61 FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2013. SECCIÓN OFICIAL NOVOS DIRECTORES.
- ☆ 20 FESTIVAL DE CINE DE VALDIVIA 2013.
- ☆ PREMIO MOVIECITY.



INTRODUCCIÓN
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

> AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS
OBITUARIO
O QUE VAI VIR
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

Longametraxe

Finalista



INEVITABLE

ADIVIÑA PRODUCCIONES, TVG E ZARLEK

SINOPSE: Fabián (Darío Grandinetti) traballa como executivo nun banco. Trala morte dun compañeiro, entra en crise. Mariela (Carolina Peleritti), a súa muller, é psicóloga e ten como paciente a Olga (Mabel Rivera), unha muller amargada que trata de envorcar a súa frustración sobre a terapeuta. Fabián coñece un famoso escritor cego (Federico Luppi), que intenta axudalo. Guiado polos seus consellos, Fabián lánzase a unha relación con Alicia (Antonella Costa), unha nova escultora, á que ve como o seu amor inevitable.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Dirección: Jorge Algora
Guión: Jorge Algora e Héctor Carré
Obra teatral: Mario Diamant
Produción: Susana Maceiras e Luís Sartor
Música: Berrogüetto
Fotografía: Suso Bello (AEC)
Son: Ruben Piputto e Area 5.1
Montaxe: Guillermo Represa
Dirección artística: Sebastián Roses e Andrea Pozo
Vestuario: Mariana Polski e Eva Camino
Maquillaxe: Nestor Burgos e Raquel Fidalgo

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:

Federico Luppi (*cego*)
Darío Grandinetti (*Fabián*)
Mabel Rivera (*Olga*)
Antonella Costa (*Alicia*)
Carolina Peleritti (*Mariela*)

FESTIVAIS:

- ☆ FESTIVAL DE MÁLAGA. SECCIÓN OFICIAL.
- ☆ FESTIVAL DE NUEVO CINE LATINOAMERICANO DE LA HABANA. SECCIÓN SALA LLENA.
- ☆ FESTIVAL DE CINE GLOBAL DOMINICANO.
- ☆ PANTALLA PINAMAR (ARXENTINA).
- ☆ FESTIVAL DE CINE INÉDITO DE JAÉN.
- ☆ FESTIVAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. (PREMIO ESTELA DO PÚBLICO Á MELLOR PELÍCULA E AO MELLOR ACTOR, GRANDINETTI).
- ☆ FESTIVAL LATINO DE MONTREAL.
- ☆ FESTIVAL DE CINE ESPAÑOL DE POLONIA.
- ☆ FESTIVAL DE CINE ESPAÑOL DE AUSTRALIA.
- ☆ PREMIOS MESTRE MATEO DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL. 6 NOMINACIÓN, PREMIO Á MELLOR BANDA SONORA.

152 / 153

≡ INICIO
↶ ANTERIOR
↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

🖼️ GALERÍA FOTOGRÁFICA



ADIVINA PRODUCCIONES & ZARLEK PRODUCCIONES PRESENTAN A

FEDERICO
LUPPI



DARÍO
GRANDINETTI



MABEL
RIVERA



CAROLINA
PELERITTI



Como Alicia
ANTONELLA
COSTA



INEVITABLE

UNA PELÍCULA DE JORGE ALGORA

ADIVINA PRODUCCIONES, ZARLEK PRODUCCIONES Y TELEVISIÓN DE GALICIA, con apoyo de ICAA, INCAA y AGADIC, presentan una coproducción Española/Argentina "INEVITABLE".
Jefes de producción / Production managers: JUAN DE FRANCESCO / ENRIQUE BATET. Asesorías dirección / Assistant directors: FEDERICO FINKELSTAIN / LORENA VILAS. Maquillaje / Make up: NÉSTOR BURGOS / RAQUEL HIDALGO. Mezclas / Sound mixing: JOSÉ ALBERTO SUÁREZ / Sonido directo / Direct sound: RUBÉN PIPUTTO. Vestuario / Costume: MARIANA POLSKI / EVA CAMINO. Directores de arte / Art directors: SEBASTIÁN ROSES / ANDREA POZO. Montaje / Editor: GUILLERMO REPRESA. Música / Music: BERROGÜETTO. Director de fotografía / Cinematographer: SUSO BELLO (AEC). Producción ejecutiva / Executive producer: LUIS SARTOR Y SUSANA MACEIRAS. Productores asociados / Associated producers: PROGRESS COMMUNICATIONS / LUZ PUNTUAL. Producidos por / Produced by: SUSANA MACEIRAS / LUIS SARTOR. Guión / Script: JORGE ALGORA / HÉCTOR CARRÉ. Obra Original / Original text: MARIO DIAMANT / Dirigida por / Directed by: JORGE ALGORA.

INTRODUCCIÓN
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

> AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS
OBITUARIO
O QUE VAI VIR
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

Longametraxe
Candidata



MÁSCARAS

I.G. DOCUMENTACIÓN

SINOPSE: Como cada ano, Eva, Manolo, Amparo, Miguel e Mireya tiñan que elixir unha actividade de ocio e o de facer unha curta saíase do habitual.

Pero non sabían o que lles esperaba: nervios, esforzo, risas, camaradería... Porque mentres aprendían, ensaiaban e rodaban a súa curta, estaban a ser actores da súa vida e da súa película: *Máscaras*

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Dirixida por: Iago González

Produción executiva: Isabel Iglesias

Guión: Isabel Iglesias e Iago González

Produción: Tamara García

Imaxe: Iago González Iglesias,

José Louzao e Xosé Cruz

Edición: Iago González

Son: Anxo Cruz e Iago González

Música: GMR

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:

Manuel Penido

Eva Fernández

Miguel Fernández

Amparo Díaz

Mireya Delgado

Fe Cortón

Coa participación de:

Martín Blanco

Walter Vázquez

Pedro Brandariz

Iñaki Ojeta

Iago González

Tamara García

Isabel Iglesias

José Louzao

Carlos Barbeito

Iago Graña

154 / 155

☰ INICIO
↶ ANTERIOR
↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

🖼️ GALERÍA FOTOGRÁFICA



INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

> AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

Longametraxe

Candidata

156 / 157

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

🖼️ GALERÍA FOTOGRÁFICA

EL TIEMPO DE
PLÁCIDO MEANA

LA FILA DE AL LADO

SINOPSE: Plácido Meana foi un escritor segoviano e pulp das décadas dos 60 e 70. Novelas do Oeste, guións de películas baratas, cómics de superheroes... Meana resultou un singular autor do máis prolífico; non obstante, non sabe nada del dende hai varios anos. Álvaro, Neves e Xaquín, coñecedores do seu paradiro, viaxan dende Galicia a Madrid para realizar un documental sobre o escritor. Nada máis coñecelo, coñecen tamén o gran segredo de Plácido Meana. Os acontecementos que se precipitarán dende ese momento darán lugar a unha comedia coral, lisérxica e frenética, repleta de excéntricos personaxes e insólitas situacións.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Director e guión: Kike Narcea

Música: Daniel Maldonado "SAM"

Director de fotografía: Juan Luis Núñez

Montador: Efraín Parrilla

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:

Xosé Esperante (*Álvaro*)

Olaia Pazos (*Neves*)

Fernando Moreira (*Xaquín*)

Miguel Lago Casal (*Basil*)

Cristina Gallego (*camareira*)

Helena Castañeda (*carteiro*)

Xosé Bonome (*Álvaro pai*)

Marta Villar (*Irasema*)

Belén Ponce de León (*Paloma*)

Mariam Hernández (*Almu*)

FESTIVAIS:

☆ FINALISTA NO NOVELÍSIMO
NO ANO 2013.

LA FILA DE AL LADO PRESENTA

EL TIEMPO DE PLÁCIDO MEANA

XOSE M. ESPERANTE

FERNANDO MOREIRA

OLAIA PAZOS

CRISTINA GALLEGO

HELENA CASTAÑEDA

MIGUEL LAGO CASAL

XOSÉ BONOME

MARTA VILLAR

MARIAM HERNÁNDEZ

BELÉN PONCE DE LEÓN

con el agradecimiento infinito a

PEDRO MAESTRE

MÚSICA DANIEL MALDONADO "SAM" MONTAJE EFRAÍN PARRILLA DIRECTOR DE JUAN LUIS NÚÑEZ DIRECCIÓN ISABEL ALBERTOS JOHNSTON

INTRODUCCIÓN
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

> **AS PRODUCCIÓN**

FESTIVAIS
OBITUARIO
O QUE VAI VIR
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

158 / 159

☰ INICIO
↶ ANTERIOR
↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

PELICULAS TV

- ENCALLADOS
- SALGADURA
- TILDA Y JEAN
- TODOS OS SANTOS
- O CRIME DA LEGUA DEREITA

- ☐ GAÑADORA
- ☐ FINALISTAS
- ☐ CANDIDATAS

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

> AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA

ZELTIA MONTES

Película para TV

Gañadora



ENCALLADOS

ZIRZOZINE

SINOPSE: O traspés financeiro da industria cinematográfica e un sistema de axudas públicas pouco operativo fan que un director de cine teña que reinventar o guión dun filme en dúas semanas. Entre el e dous recoñecidos guionistas galegos somérxense nun proceso creativo que non parece ir a bo

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Dirección: Alfonso Zarauza

Producida por: Farruco Castromán, Luis Tosar e Pizca Gutiérrez

Producción executiva: Farruco Castromán

Dirección de produción: Pablo Atienza

Guión: Xosé Castro, Andrés Mahía, Zopilote, Marco Sánchez e Alfonso Zarauza

Dirección de fotografía: Alberto Díaz "Bertixi" (AEC)

Música orixinal: Roberto Cacabelos

Son directo: Xavi Souto

Dirección artística: Jaione Camborda

Montaxe: Adrián Pino

Vestuario: María Porto

Maquillaxe e perruquería: Fany Bello

1º Axte. de dirección: Pablo Atienza

2º Axte. de dirección: Germán Tejada

Director de produción: Pablo Atienza

Xefe de produción: Jorge Eiroa

Secretariado de produción: Alicia Veira

Administración: Tamara Canosa

Axudante de produción: Santiago Castromán

Auxiliar de produción: Matías Hernán Aglione

Meritoria de produción: Carolina Rey Couto

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:

Federico Pérez (*Pato*)

Xúlio Abonjo (*Alfonso*)

Ricardo de Barreiro (*Andy*)

Farruco Castromán (*Farruco Castromán*)

Coa colaboración especial de Luís Tosar,

porto. No proceso de escritura teñen que lidar coa presión do produtor, as dificultades de escribir sen caer en tópicos e o complicado de equilibrar a creatividade coas posibilidades reais de produción, ata que se decatan de que o propio proceso creativo que están a vivir ten entidade propia como historia.

Meritoria produción: Sandra Sánchez

Operador decámara: Alberto Palacios

Axte. de cámara: Didre Canle Alonso

Auxiliar de cámara: Diego López Fernández

Video assist: Miguel Pena

Script: Encarna Alonso

Microfonista: Daniel Fernández

Atrecista rodaxe: Rafael Ferreiro

Meritorio arte: Alejandro Gómez

Xefe eléctricos: Roberto Quintero

Eléctrico: Juan Figueiras

Meritorio eléctricos: Iago Vaqueiro

Cásting: IB Cinema

Edición de diálogos: Enrique Otero

Posprodución de son: Xavi Souto

Mestura de son: Pulsa Control Z

Arranxos musicais: Enrique Otero

Laboratorio: FotofilmDeluxe

Sala de montaxe: Pulsa Control Z e DomovoiDixital

Sala posprodución: Pulsa Control Z

Equipos: Lonovamás producciones

Foto fixa: Ruth Beltrán

Asesoría Legal: ASDEGA

Marcos Pereiro, Patricia Vázquez, Isabel Naveira, Luís Zahera, Xosé Carlos Ares Pérez, Manuel M. Suárez Moje, Francisco Javier Lamas, Xiana Carracelas, Antonio Castro Sanmartín, Andrés Mahía e Xosé Castro Puga.

160 / 161

≡ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

🖼️ GALERÍA FOTOGRÁFICA



INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

> AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA

ZELTIA MONTES

Película para TV

Finalista

162 / 163

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

🖼️ GALERÍA FOTOGRÁFICA

SALGADURA

CONTINENTAL PRODUCCIONES,
DREAM TEAM CONCEPT, TVG E TV3

SINOPSE: A ambición dun home por ser o máis importante industrial de salgadura en Galicia e a ansia do seu fillo por ser o pioneiro na conserva do peixe. Unha historia de ambición pero tamén de

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Director: Jesús Font

Axte. de dirección: Àlex Vilà

2º Axte. de dirección: Vicky Mullor

Aux. de dirección: Xavi Leiro e Isabel Escrigas

Meritoria de dirección: Verónica Moragas

Script: María Bellapart

Director de produción: Carlos Amoedo

Xefe de produción: Enric Pagès

Axte. de produción: Vicky Marcó,

Iago Veloso e Bea Arribe

Aux. de produción:

Andrés Nadal e Uxía Buciños

Meritorio 1: Raúl Berninches

Meritorio 2: Nazaret Gómez

Secretaria de produción: Marta Pons

Caixeiro pagador: Ana Fernández

Meritorios de produción: Tamaña Cuña

Director de fotografía: Xavier Gil

Operadora: Teresa Burgos

Foquistas: Jaume Avizanda e Berto Palacios

Aux. de cámara:

Isabel Rega e Víctor Rodríguez

Videoasist: Roberto Rodríguez

Meritorio cámara: Pablo Santa-Cruz

Gaffer: David Melero

Eléctricos: Manuel Núñez e Froilán Lugilde

Aux. eléctrico: Pablo Rendo

Maquinista: Miguel Ángel Barrigüete

Axte. maquinista: José Manuel Rubido

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:

Joan Carreras (*Joan Roig*)

Luis Zahera (*Freire*)

Marcel Borrás (*Isaac*)

Nao Albet (*Andreu*)

María Castro (*Sagrario*)

Ricardo de Barreiro (*Evaristo*)

Olalla Moreno (*Eulalia*)

Vicki Luengo (*Montserrat*)

Aina Clotet (*Camille*)

Uxía Gonzalvo (*Maria*)

Albert Perez (*Ferrer*)

Luis Iglesia (*Pousa*)

Fermí Reixach (*Bolibart*)

Machi Salgado (*Jacinto*)

Pep Tosar (*Gallup*)

Guillem Martí (*Isaac neno*)

traizóns, celos, amores non correspondidos, paixóns prohibidas e vinganzas. En pleno réxime absolutista un mozo catalán foxe a Galicia cunha misión: reflotar un negocio de salgadura de sardiña. Aí empeza a enorme epopea dos Roig e de todos os que o rodean. Salgadura é unha saga familiar que comeza como unha aventura de meses que se acabou prolongando toda unha vida, e a de varias xeracións dunha mesma familia. Inspirada na historia real da familia Massó.

Son: David Machado

Música: Xavi Font

Perchista: Dani Fernández

Aux. de son: Iván Ogando

Meritorio de son: Rafa Nieto

Director de arte: Marta Villar

Axte. de decoración: Ventura Villar

Rexedor: Pablo Alvarado

Attrezzista rodaxe: Tanis Villar

Attrezzistas avance:

Roberto Collantes e Miguel Riesco

Meritoria de arte: Marinha de Toro

Vestuario: María Gil e Sonia Izquierdo

Axte. de vestuario: María Armengol

Aux. de vestuario:

Natalia Ferreiro e María Villas

Maquillaxe: Mónica Alarcón

Perruquería: Esther Ortega

Axte. de maquillaxe: Cristina Couto

Axte. de perruquería: Lucho Soriano

Montaxe: Marc Soria

Axte. de montaxe: Miquel Alcoriza

Axencia figuración ASG Galicia: Sandra Fares

Axencia figuración ASG Madrid: Iván Armesto

Axencia figuración ASG Barcelona:

Alexandra Servat

Efectos dixitais: Carlos Fernández

Efectos especiais / armero: Jesús Lesta

Transporte Modasa: Jordi Escrich

Bruno Petra (*Andreu neno*)

Daniel Neira (*Xusto*)

Isabel Vallejo (*nai Evaristo*)

Mireia Pàmies (*Isabel*)

Dani Lago (*Eladio*)

Fran Grela (*sacerdote*)

Belén Constenla (*Rosalía*)

Mercè Rovira (*Carme*)

Fran Peleteiro (*voluntario realista 1*)

Manu Lourido (*voluntario realista 2*)

Estivaliz Veiga (*Agra*)

Alfonso Agra (*Outeiro*)

David Segú (*Tomàs Barret*)

Miguel Pernas (*Notario*)

Lois Xoase (*Pescador*)

Mariña Sampedro (*Lucía*)

DREAM

continental

JOAN CARRERAS · OLALLA MORENO · MARÍA CASTRO · LUIS ZAHERA

DIRIXIDA POR JESÚS FONT

SALGADURA

Historia dunha saga



ACADEMIA



3

Generalitat de Catalunya
Institut Català
de les Empreses Culturals

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

> AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

Película para TV

Finalista

164 / 165

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

🖼️ GALERÍA FOTOGRÁFICA



TILDA Y JEAN

DARÍO AUTRÁN

SINOPSE: Jean é un novo escritor que engana ás mulleres para deitarse con elas. Pero un día encontra unha muller nova e especial na súa vida chamada Tilda. A través do que escribe e do que soña nese proceso creativo imos coñecendo pouco a pouco unha personalidade cada vez máis escura e sinistra, ata chegar ao punto de non saber ben o que é real e o que é mentira. Nun estraño cuarto de hotel, seremos testemuñas dunha intensa e tortuosa historia de amor entre Jean e esa enigmática muller chamada Tilda. Unha misteriosa rapaza que o leva a vivir a aventura emocional máis grande da súa vida. Onde nada é o que parece e todo cambiará ao son dun descubrimento que botará luz á relación, que antes parecía “dunha soa noite”. A través de varios capítulos e sempre dende a perspectiva de Jean iremos coñecendo pouco a pouco breves momentos da súa vida, dende a infancia ata a adultez. Unha tenebrosa análise do universo dos amores novos, o proxecto Tilda&Jean constitúe unha reflexión sobre a grandeza e decadencia da loucura cega dos primeiros sentimentos antes de que chegue a paixón; e das representacións inescrutables e os cambios que se producen destes sentimentos a través do paso do tempo. Tilda e Jean son heroes do noso tempo, e sabido é que no noso tempo apenas se dan heroes: feridos no máis fondo do corazón, namorados do día a día, desesperados por encontrarse, viven desexando o encerro en raros cuartos de hotel, onde mesturan os seus sonos e as súas sombras coa decoración, e camiñan como insignificantes figuras esperando o ditado dun novo Deus.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Director: Darío Autrán

Guión: Darío Autrán

Banda sonora orixinal: Arturo Vaquero

Co-guión: Andrea Carleos e Alejandra Novo

Cámara e edición: Lucía Cortiñas

Iluminación: Olmo Couto

Aux. de produción: Irene Queijo,

Akira Valero, Carlos Botana e Inés Dósil

Storyboards: Cristina Ramirez

Arte: Cristina Ramirez, Gema Calvo,

Alba Álvarez e Isabel Tristán

Fx: Víctor Vigo

Maquillaxe: Silvia Calvo e Laura Fandiño

Estilismo: Irene Queijo e Pily Montes

Escrita e dirixida por: Darío Autrán

Produtores executivos:

Darío Autrán e Carlos Redondo

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:

Carlos Blanco

Alba Messa

Iria Pinheiro

Mónica de Nut

Darío Autrán

Ariadna Santana

Uxía Morán

Checho Teruel

Jose Montoto

Sapoconcho

Carlos Botana

Isabel Montijano

Andrea Failde

Jorge García

Laura Arciniegas

FESTIVAIS:

☆ SEMANA INTERNACIONAL DE CINE DE AUTOR DE LUGO. SECCIÓN OFICIAL.

☆ CINE NOVISSIMO. SECCIÓN OFICIAL.

☆ CINELOW I DIRECTORS EMERGENTS. SECCIÓN OFICIAL.

☆ FESTIVAL MÁRGENES. SECCIÓN OFICIAL.

ALBA
MESSA

DARÍO
AUTRÁN

CARLOS
BLANCO

IRIA
PINHEIRO

MÓNICA
DE NUT

ARIADNA
SANTANA

UXÍA
MORÁN



Hay historias de amor que nunca deberían ser contadas...

TILDA & JEAN

UNA PELÍCULA DE DARÍO AUTRÁN

ABRIMO CARACOL Presenta

CHECHO TERUEL ISABEL MONTUJANO JOSÉ MONTOTO CARLOS BOTANA SAPOCONCHO GALEGO ANDREA FAILDE JORGE GARCÍA LAURA ARCINIEGAS

MÚSICA ORIGINAL: Arturo Vaquero AYUDANTE DE DIRECCIÓN: Lucía Cortiñas, Margarita Morelo SONIDO: Roberto Domero, Alejandro García FOTOGRAFÍA: Eres Rivera, Mar Colonna

GUIÓN: Darío Autrán, Andrea Carleos, Alejandra Novo GÓMIZ CÁMARA Y EDICIÓN: Lucía Cortiñas ILUMINACIÓN: Olmo Couto PRODUCCIÓN: Darío Autrán, Akira Valero, Carlos Botana, Inés Dósil

STORYBOARD: Cristina Ramirez ARTE: Cristina Ramirez, Gema Lopez, Carmen Deburante, Alba Gomez, Isabel Tristan FX: Vik-Pokiz Cámara MAQUILLAJE: Silvia Calvo, Laura Fandiño

ESTILISMO: Irene Queijo, Pily Montes AGRADECIMIENTOS: Alberto Succasas, Angel Succasas, Zelia Freire, Isabel Lopez, Jose Manuel Queijo, Anón Quinteros, Ernesto Delgado

ESCRITA Y DIRIGIDA POR: Darío Autrán





TODOS OS SANTOS

ARTEMÁTICA E TVG

INTRODUCCIÓN
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

> AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS
OBITUARIO
O QUE VAI VIR
AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

Película para TV

Finalista

166 / 167

≡ INICIO
↶ ANTERIOR
↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

🖼️ GALERÍA FOTOGRÁFICA

SINOPSE: Non é por queixarme, non vai co meu carácter, pero hei de confesar que non tiven sorte coa vida. A miña inquietude por vivir fixo que me enrolase no cordón umbilical da miña nai e... por iso, a partir de agora vanme a coñecer como Limbo e serei o narrador, a voz en off da historia. Co pai desaparecido, cando a nai morreu, tres irmáns quedaron en xuntarse polo menos unha vez ao ano no aniversario do seu pasamento para recordala xuntos, o día primeiro de Novembro, festa de Todos os Santos. Acordaron volver ao pazo familiar onde Xoán aínda vive exercendo de dentista. Diego, que quere ser actor, está en Madrid e Inma, que é monxa, vén desde Zaragoza. No primeiro encontro, de volta a casa, Diego, lixeiramente prexudicado polo alcol, cae namorado de Rebeca, a xardineira. Xoán, espera a alguén no seu cuarto cunha botella de champaña do caro. Sor Inma dorme abrazada á foto de portada dun bebé mentres un alemán vixía de lonxe o soño de todos. Na comida do día seguinte desvélese o primeiro segredo, Inma quere ser nai, é dicir, non relixiosa senón civil, é dicir, quedar embarazada de Dieter, un maduro xermano que a segue desde Zaragoza. Ao día seguinte, Todos os Santos, fronte á tumba da súa nai, rezan ou falan ao seu xeito con ela. E así acaba o encontro do primeiro ano. Que pasará con todo isto? Ao ano seguinte, Diego volve xa máis asentado, a súa carreira vaixe afirmando, conseguiu un papel nun culebrón deses que dan fama. Inma e Dieter están montando unha pastelería na casa grande medio derruída que hai parella ao pazo. Inma está embarazada. O xermano segue sen dicir unha palabra de galego. Pero este ano a sorpresa é de Xoán que confesa, ante a sorpresa dos seus irmáns, as razóns do abandono da súa esposa Helena (foise con outro máis novo). Mais agora, Diego quérelles presentar á muller que vai cambiar a súa vida, é... Ante a sorpresa de todos —incluído Xoán—, aparece completamente empapada Helena, a ex muller. Non, non era ela a quen esperaba. O mellor vén cando pola mesma porta aparece Rebeca. Esta si era a esperada, Diego queda desilusionado e alí ninguén entende nada. Á mañá seguinte, tanto balbordo provocou o parto de Inma. O descontrol é absoluto. O médico imposible de localizar, pero Dieter, ante todos, descobre o seu galego máis que correcto e as súas dotes de mando. Nace Isabel Uxía Dagmar. E chegamos ao terceiro ano, o noso terceiro Todos os Santos. Inma e Dieter van xa pola segunda criatura. Helena quedou na casa, no piso superior da pastelería. É unha estupenda pasteira. Diego está na fama, triunfou no teatro. Xoán, tras contarlle Helena que a principios do mes próximo vaixe vivir a un apartamento soa, dá o primeiro paso. Invítala a cear coa familia. Accidentalmente, Diego atopa no interior dun marco de fotos unha

carta escondida. Alí figura a firma do seu pai e a misiva está dirixida á súa nai. Diego baixa ao comedor, empeza a preguntar se alguén coñecía esa carta. Dirixese especialmente a Xoán. Este xura que non sabe nada e que ademais non quere sabelo. Sucédense as confesións que irán desvelando o segredo da desaparición do pai. Á mañá seguinte, a de Todos os Santos, todos están ao redor da tumba. Cando Xoán e Diego quedan sos, o menor pregunta ao seu irmán se o seu pai está alí tamén enterrado. Xoán, dándose conta de que Diego si leu a carta, confésalle que non quere saber nada máis e que non cre que sexa necesario que Inmaculada tampouco o saiba. Agora, dille Xoán, Diego é o irmán maior, o que sabe todo.

A miña nai adoitaba dicir a Xoán, Inma e Diego que para ela eran como as follas dun trevo, unidas a un só tronco. Din que existen trevos de catro follas, que se lles pode pedir un desexo. A min gústame pensar que son a cuarta folia.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Director: Chema Gaginó
1º Aste. de dirección: Lorena Vilas
2º Aste. de dirección: Raquel Pardo
Aux. de dirección: Xavi Leiro
Script: Ana Fernández
Produtor executivo: Ángel de la Cruz
Directora de produción: María Liaño
Xefe de produción: Miriam Devesa
Aste. de produción: David Pérez
Meritorio de produción: Catia Barbosa
Secretario de produción: Lucía Veiga
Director de fotografía / op: Suso Bello
Operador: Jaime Pérez
Cando dende a oficina da Academia me chamaron para preguntarme se se me ocorría alguén para escribir un artigo sobre Rosalía Mera, no momento díxennos: eu. Sempre sentín moita admiración por ela. A súa personalidade, a súa cercanía, a súa intelixencia, o seu carácter, a súa enerxía, a súa humildade, parecéronme sempre fascinantes. Unha muller que nunca renunciou a seguir o camiño que consideraba correcto con toda a autonomía que lle foi posible.

Hai aproximadamente dez anos tiven a sorte de coñecer a Elías Querejeta, un dos maiores referentes da produción de cine do Estado español, mestre e precursor para moitos. Foi el, precisamente, a persoa que pronunciou unha frase que no seu día me impresionou e me fixo reflexionar: "non existe a independencia e non existe a liberdade, ninguén é totalmente libre". Querejeta tiña as súas razóns para sentenciar desta forma tan tallante e, malia que é complicado admitilo, non deixo de estar de acordo con el. Pero ó mesmo tempo que lembro esta frase de Elías, penso en Rosalía Mera e en como o que sempre me impresionou máis dela foi a súa liberdade e independencia. Non coñecín a ninguén máis libre e independente que Rosalía. A ela tamén a coñecín hai algo máis de dez anos, e esa marcada liberdade, esa actitude tan admirable, era o que máis envexa sa, por suposto, me xeraba. Pois en moitas ocasións non se pode dicir e facer o que un pensa ou quere, ben sexa por educación, por respecto, e sobre todo, por medo. Rosalía Mera, porén, amosou e demostrou ese espírito libre, esa actitude, ata o final.

Resúltame moi complicado falar dela en pasado, pois é alguén a quen teño moi presente e a quen recordo constantemente, coma se seguise connosco, coma se foramos atoparnos en calquera momento. É curioso este sentimento, quizais sexa a súa vitalidade a que se aferra á miña memoria.

Para min, Rosalía Mera sempre foi unha inspiración, un espello no que mirarse. Non lembro cando foi a primeira vez que coincidimos, pero estábamos dando os nosos primeiros pasos nisto tan complexo e fermoso que é o mundo da produción de cine. Vaca Films era unha mini empresa que comezaba como proxecto vital e empresarial. Eran momentos de moita competencia e onde uns pipiños querían facer cine ambicioso comercialmente e ambicioso dende un punto de vista de produción. Cando nos coñecemos, Rosalía tratounos coma se foramos os mellores produtores do país. Atreveríame a dicir que sempre tratou a todo o mundo por igual, sen distincións. Nós viñamos de producir a nosa primeira película e, a través de Paideia, ela colaborou coa estrea do filme. Foi a única vez que colaborou connosco, pero foi cando realmente o precisamos, foi na nosa primeira película. Rosalía recibunos e escoitou cos brazos e os oídos abertos. Non impoñía distancias e sempre focalizaba a súa atención sen reservas. Cunha proximidade non habitual, poñía todo o seu empeño en prestar a súa colaboración. Sempre mantivemos dende aquela un contacto constante e unha excelente relación.

Rosalía Mera sempre se preocupou polo sector audiovisual galego con

especial dedicación. E non só como inversora; tiña unha sensibilidade especial cara ó noso sector no seu conxunto e cara ás persoas que o forman: produtores, directores, creadores con proxectos e con ganas de traballar. Atreveríame a dicir que nunca negou a ninguén unha reunión. Para ela non era un esforzo, senón case un deber recibir a directores ou produtores con proxectos audiovisuais. Sempre tivo as portas abertas para todo o mundo.

Rosalía tamén foi moi crítica co sector. Era unha muller enormemente esixente e traballadora, con moita capacidade de análise, que non tiña reparos en sacarnos as cores cos seus comentarios e valoracións, xeralmente moi atinados. A tenacidade de Rosalía sempre foi á par con esa liberdade da que falaba ó principio. Por iso, non se debe confundir a súa apertura e ganas de colaborar con que non lle importase o contido e presentación da proposta. Valoraba, sobre todo, o traballo ben feito e con ganas.

Todo isto configura o perfil dunha muller fascinante. Coa súa perda foise unha verdadeira mecenas, unha persoa que cría e apoiaba a cultura, que valoraba o talento e o traballo dos emprendedores, e que confiaba nas posibilidades das novas xeracións. Unha muller que quería brindar oportunidades ós que comezaban dende abaixo, que coñecía o que era traballar por algo con tesón ata conseguilo.

Lembrarémola sempre porque sempre vivirá en todos aqueles ós que apoiou.

EMMA LUSTRES
Produtora



Pequeno avance DÓ que vai VIR

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

> O QUE VAI VIR

AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

482 / 483

INICIO

ANTERIOR

SEGUINTE

AS MÚSICAS DA ACADEMIA

A FONSGRADA PRODUCCIÓN



A MESMA TERRA

Formato: documental

Formato gravación: HD

Duración: 55' 36"

Sinopse: Nas súas entrañas xermina a vida. Pero a vida pasa e a terra... a terra permanece. En Galicia a terra está dividida en... trece millóns de pedazos!

É o resultado dunha longa historia, a dun país que, ata onte mesmo, ocupouse maioritariamente no traballo agrícola. Tras séculos de loita e esforzo por posuír a terra, hoxe a maioría dos galegos temos esa mesma terra abandonada. Historicamente, é un paradoxo tremendo. E de cara ó futuro é un problema que cómpre afrontar.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Guión: Anxo Vázquez

Dirección: Anxo Vázquez

Desenvolvido por: Pepe Coira e Yago Mazoy

Realización: Yago Mazoy

Música orixinal: Arturo Kress

Produtor executivo: Carlos Fernández e Inmaculada Castaño

Coprodutor executivo: Pepe Coira e Jesús Vecino

Xefe de produción: Rafael L. Corral

Dirección de fotografía/montaxe: Yago Mazoy



COS PES NA TERRA. 3ª TEMPORADA.

Formato: programa televisión

Produtoras: Producións A Fonsgrada e TVG

Duración: 13x50'

Sinopse: En Cos pes na terra falamos de homes e mulleres sobradamente preparados que, podendo elixir, optan por vivir da terra e da vida que nela agroma. Todos eles decidíronse por un xeito de vivir, a un ritmo e cun estilo distintos dos da cidade. Falamos de bos profesionais, de persoas que non tomaron a súa decisión á lixeira ou por puro romanticismo. Son agricultores, gandeiros, artesáns madeiristas, hostaleiros... con bos argumentos para crer que hai futuro no campo. E procuran demostralo cada día

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Produtor: Julio Fernández

Dirección: Diego Guerrero

Guión: Diego Guerrero e Marcos Estebo

Música orixinal: Alexandre Salgueiro Marcos Payno

Produción executiva: Carlos Fernández e Inmaculada Castaño

Coprodución executiva: Pepe Coira e Jesús Vecino

Xefe de produción: Iván González

Realización: Marcos Estebo e Diego Guerrero

Imaxe: Fernando Dans

Montaxe e postprodución: Nahum C. Fiuza

Montaxe: Erika Ceñera

Grafismo: Diego Paz

Sonorización: Fran Arcay

Locución: Carlos Jiménez

ALGARABÍA ANIMACIÓN




CUIDA EL AGUA

Formato: curtametraxe de animación

Duración: 2' 11"

Sinopse: Un gato sofre dende a súa illa as accións negativas que causa o home no Medio Ambiente.



NIMBOS E ESMERALDA

Sinopse: Pezas audiovisuais inspiradas nos poemas Nimbos y Esmeralda de Xosé Mª Díaz Castro.

Duración Esmeralda: 20"

Duración Nimbos: 40"

AMÉN CINEMA E PORTOCABO



A VIAXE DE LESLIE

Formato: documental

Duración: 1x55'

Sinopse: En xuño de 1943 un escuadrón de JU-88 alemáns derriban un avión comercial fronte á costa de Cedeira. Non hai superviventes. Entre os pasaxeiros aparece un nome ilustre, Leslie Howard. Era xudeu, era un propagandista antinazi, era un galán da industria de Hollywood. A miúdo, a historia escríbese con fragmentos do que xa foi esquecido. Este é o relato da historia que puido ser, ou quizais non, a travesía da derradeira viaxe de Leslie Howard.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Editado e dirixido por: Marcos Nine

Produtor executivo: Pepe Coira

Idea orixinal: Daniela Arias

Producido por: Alfonso Blanco

Guión: Daniela Arias, Pepe Coira e Marcos Nine

Deseño gráfico e posprodución: Fran X. Rodríguez

Voz en off: Lucía Aldao

Xefe de produción: Pablo Silva

Documentación: Daniela Arias e Manuel López-Benito

Administración: Elisabet Carro

ARXUÍNA PRODUCCIÓN



ENSÉÑAME PERO BONITO

Formato: longametraxe documental

Fase: posprodución

Financiamento: microfinanciamento

Sinopse: O obxectivo do documental *Enséñame pero bonito* é presentar alternativas educativas, sen lapidar a escola pública, que poden chegar a ser moi eficaces para a formación integral das persoas. Esta é a nosa aportación para traballar por unha renovación pedagóxica, que parte de pensamentos críticos e se desenvolve en e para a liberdade. Queremos pois, amosar e favorecer a reflexión sobre a pedagogía que coñecemos e coa que aprendemos a multiplicar e ler. Axudar a cuestionarnos se foi a máis eficaz e se existen outros xeitos máis respetuosos coas fortalezas, debilidades e circunstancias do neno/a. En resumo, este traballo mostra experiencias educativas que dan lugar a diferentes concepcións de escola.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Realización e coordinación: Sara Moreno

Montaxe: Xudit Casas (Arxuína Producións)



ECCE HOMO

Formato: videoclip

Artista: Angel Petisme

Duración: 5' 20"

Formato: HD

Sinopse: Gravado no Santuario Nosa Misericordia de Borja e os seus arredores. Conta coa colaboración especial de Cecilia Giménez, a famosa restauradora do Ecce Homo de Borja.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Idea Orixinal: Xudit Casas

Guión: Xudit Casas e Ángel Petisme

Director: Xudit Casas (Arxuína Producións)

Apoio en rodaxe: Gema Zorrilla

Letra e música: Ángel Petisme



THE LAST NIGHT

Formato: curtametraxe de ficción
Xénero: xuspense / Zombies
Produtora: Escuela de Imagen y Sonido de Vigo / Producciones Vigo S.L.
Formato de gravación: DVC-Pro HD (P2)
Tamaño de ventá e píxel: 16:9 (1080 x 50i) (píxel 1:1)
Color-B/N: cor

Audio: stereo
Duración: 11 minutos
Idioma orixinal: castelán
Subtítulos: galego / inglés
Data de gravación: 4, 5, 6 e 7 de febreiro do 2014

Data de estrea: 13/06/2014
Localizacións: Escola de Imaxe e Son de Vigo (EISV) e Recinto da ETEA (Teis - Vigo)
Sinopse: Sebas e Hanibal son dous completos descoñecidos que se ven obrigados a traballar xuntos para sobrevivir cando os mortos deciden erguerse e reclamar o mundo aos vivos.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Dirección e guión: Marcos Monreal
Axudante de dirección: Alexandre Botelho
Produción: Alberto Figueiras, Romina Monestier e David Bugarín
Fotografía: Breixo Pérez
Operador de cámara: Francisco Núñez
Son: Adrián Vidal, Pablo Barros e Samuel Arias
Arte: Pablo Chacón
Montaxe: Gema Míguez
Axudante de cámara: Zaida Rodríguez e Ángela Español
Xefa de eléctricos: Paloma Sánchez
Xefa de máquinas: Lucía Couce
Caracterización: Lucía López, Míriam Gómez, Estela Fandino e Nadia Otero
Música orixinal: Adrián Vidal

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:

Hanibal: Bernardo Fraga
Sebas: Juan “Chuco” Briones
Kevin: Ismael Mariño
Garda de seguridade: Pablo Chacón
Zombies: Aaron Losada, Carlota Martínez, María Comesaña, Jorge Arias e David Díaz



ES ASÍ

Formato: videoclip
Xénero: ficción
Produtora: Escola de Imaxe e Son de Vigo (EISV)
Formación musical: Grupo de rap Ocekaos
Formato gravación: DVC-Pro HD (P2)
Tamaño da ventá e píxel: 16:9 (1080/50i) (píxel 1:1)
Cor – B/N: cor
Audio: stereo
Duración: 3 min. 41 seg.
Idioma gravación (v.o.): castelán
Ano de produción: 2014
Lugares de rodaxe: Bar Icaro (Pintor Colmeiro nº3, Vigo) e Mercadillo la Casa de la Abuela (Camiño cortado da Estación nº8 – Canido, Vigo)
Datas de rodaxe: 10, 11, 12 e 13 de febreiro do 2014
Data de estrea: 13/06/2014
Sinopse: Os compoñentes do grupo cantan a súa canción *Es así* dende un bar onde xogan o póker e dende o salón dunha casa. Mentres rapean, xogan ao póker, rin, beben, simulando estar votando a partida cos seus colegas.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Director de produción: Yatir Díaz
Xefe de produción: Raisa Cancelas
Director: Diego Calvo
Director de arte: Raquel Osorio
Director de fotografía: Álvaro Cabeza
2º Operador/cámara: Lara Tronti
Foquista: Denis Beloso
Xefe de eléctricos: Álvaro Cabeza
Maquillaxe / caracterización: Raisa Cancelas, Aní Cancelas e Graciela Rodríguez
Realización making off: Marcos Guisasaola
Imaxe making off: Agustín Felix

ESTELA PAN VÁZQUEZ

CONSTRUCTIO

Formato: filme experimental
A realidade está condicionada polo modelo do mundo do que parte cada cultura. Gombrich sostén que a representación fai ordenar e seleccionar a realidade nun universo simbólico, neste caso o propio filme. Constrúese o filme sendo a capacidade de contar nacida de saber vivir , non de saber explicar. O filme inscribese nun espazo desafectado

que non está acabado. Así a imaxe que proxecta é a de ser un suxeito do filme con caracter abstracto. Un modelo de construción fílmica fractal. Onde as personaxes se entenden nun diálogo no que se desprenden teorías como a da sociedade líquida de Bauman ou de Canclini sobre a mestizaxe e culturas híbridas. Unha viaxe eterna, o tempo que pasa ineludiblemente e un espazo desafectado, un camiño no que avanza as personaxes ata consolidar o presente.
Sinopse: Un home e unha muller camiñan xuntos para encontrarse no medio de recordos, e avanza cara a cámara nunha constante busca do eu a carón do outro.

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:

El: Manuel Pan
Ela: Xosefa Vázquez.



VACACIÓNS EN GRIS E NEGRO

O presente é un impase que xorde da segmentación de momentos, paralizando o tempo en consonancia coa liña temporal que abrangue o espazo inmortalizado. Que pode quedar? Os signos e símbolos que aquí definen unha composición xeométrica de figuras esenciais como son o círculo e o cadrado cada un coa súa significación primoxénita de ser bases para a formación do resto. Volvemos ás escrituras crípticas da antigüidade pero aquí as letras só se intúen e lévannos ó mundo do primitivismo que atravesa o tempo para inscribirse nos parámetros da arte minimal que non deixa a carón nembargantes a abstracción senón que fai dela un espazo para experimentar co baleiro e a simplificación de formas.
Sinopse: Análise de 10 lenzos pintados por Estela Pan Vázquez na que os actores se formulan cuestións sobre a percepción da arte.

FAINO ESTUDIO



O MEU AVÓ TIÑA UNHA IGUAL

Formato: documental
Produtora: Faino Estudio
Formato gravación: HD 16:9

Duración: 50'
Idioma: galego
País: España
Data de estrea: novembro 2014
Sinopse: *O meu avó tiña unha igual* retrata unha época, un estilo de vida, a historia dunha comunidade. A través dun misterioso home que percorrerá Galiza subido nunha Vespa, coñeceremos ás persoas que iniciaron o movemento vespista na Galiza. Unha visión distinta da historia da Galiza e España a lombos dunha Vespa.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Dirección: Rafael Álvarez
Produción: Andrea Lorenzo

FICCIÓN PRODUCCIONES



SCHIMBARE

Formato: película cinematográfica
Xénero: thriller social
Copodutoras: Ficción Producciones e Televisión de Galicia
Soporte: HDCAM / cor
Versión orixinal: castelán, con subtítulos en inglés
Duración: 87 minutos
Datas de rodaxe: do 25 de novembro ao 18 de decembro de 2013
Localizacións: Galicia (España) e Hungría
Sinopse: Luis e Elvira viaxan a Romanía tras contactar cunha organización criminal de Europa do Este. Preto do seu destino reciben unha chamada que lles obriga a cambiar de ruta. Para continuar co plan deben deterse en Budapest e efectuar unha recollida. Todo parece sinxelo ata que descubren que se trata dunha nena de oito anos. A partir deste momento terán que tomar a decisión máis difícil das súas vidas. Seguir adiante ou deixar libre á pequena. Decidan o que decidan, alguén morrerá.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Director: Alex Sampayo
Guión: Álex Sampayo e Borja F. Caamaño
Produtores executivos: Julio Casal e Mamen Quintas
Fotografía: Juan Hernández
Son: David Machado
Arte: Curru Garabal
Vestiario: Eva Camino
Maquillaxe e perruquería: Raquel Fidalgo

FICHA EQUIPO ARTÍSTICO:

Candela Peña – Elvira
Luis Zahera – Luis
Sandra Mokrzycka – Little Girl

Mauryey Lyezkov – Emil
Martijn Kuiper – Radu
Huichi Chiu – Jun
Mariana Achim – Teodora



MEÑIQUE

Formato: longametraxe animación
Sinopse: *Meñique* é a historia dun pequeno xove labrego que quere sacar á súa familia da pobreza e lánzase á cidade xunto cos seus irmáns. Aló entéranse que nun enorme carballo encantado ten ao pazo do rei nas tebras e sen auga, e que o soberano prometeu outorgar o título de marqués e dar a súa filla, a princesa Denise, en matrimonio, a quen logre cortar a árbore e abrir un pozo.

FICHA EQUIPO TÉCNICO:

Idea orixinal: Ernesto Padrón Blanco
Guión e argumento: Ernesto Padrón Blanco
Dirección: Ernesto Padrón Blanco
Director invitado: Bruno López
Directores técnicos: Bruno López e Humberto Junco
Banda sonora orixinal: Silvio Rodríguez
Música: Manuel Riveiro
Produtores executivos: Esther Hirzel, Mamen Quintas e Julio Casal.
Produtor Cuba: Ariel Blanco Uz
Produtor España: Borja Abeijón
Dirección de animación: Guillermo Ochoa, Sila Herrera, Jerzy Pérez e Carlos A. Rivero.
Deseño escenográfico: Reynerio Tamayo e Tulio Raggi
Director de modelado escenográfico: Felipe González

Director de modelado de personaxes: Heydi Curbelo
Director de setup de personaxes: Manuel Alejandro Capdevila
Director de setup de localizacións: Manuel Alejandro Capdevila
Director de texturas: Alejandro Rodríguez
Director pintura 2d: Luis Arturo Palacios
Supervisor iluminación: Bruno López
Iluminadores planos: Irene Formoso, Cristian Franganillo, Xavi Planas e Borja Abeijón
Iluminadores escenarios: Cristina Franganillo e Xavi Planas
Supervisor render: Pedro Martínez
Operadores render: Juan Carlos Abrales, Miguel Janeiro, Tubal Villar e Víctor Galdón
Shaders: Irene Formoso, Cristian Franganillo e Víctor Galdón

INTRODUCCIÓN
FORO ACADEMIA ABERTA
PREMIOS MESTRE MATEO
OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA
TEMA CENTRAL ANUARIO
ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS
AS PRODUCCIÓN
FESTIVAIS
OBITUARIO
O QUE VAI VIR

> AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

• Temas recompilados

Zeltia Montes
Artigos sobre a compositora
Chelo Loureiro
Ignacio Vilar
María Ripoll

as músicas da academia ZELTIA MONTES



ZELTIA MONTES
Biografía

Artigos sobre a compositora



CHELO LOUREIRO
Produtora



IGNACIO VILAR
Director



MARÍA RIPOLL
Directora

UNHA MÚSICA DE CINE

"UNHA VIAXE EMOCIONAL DE IDA E VOLTA"

496 / 497

☰ INICIO
↶ ANTERIOR
↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

Temas Recompilados

- | | | |
|--------------------------|------------------------------|---------------------------------------|
| 01 Bones | 10 Primeira Ollada | 20 Montaña Rusa |
| ▶ | ▶ | ▶ |
| 02 De Mumbai a Barcelona | 11 A Liberdade Ameazada | 21 Creditos Finales La Tropa de Trapo |
| ▶ | ▶ | ▶ |
| 03 La Foto | 12 Soedade | 22 ¡Tengo una Idea! |
| ▶ | ▶ | ▶ |
| 04 Funicular | 13 Orientación e Guía, Padre | 23 Quiero Ser Como Vosotras |
| ▶ | ▶ | ▶ |
| 05 Paseo | 14 Buscando a Sonia | 24 El Rescate de Mumu |
| ▶ | ▶ | ▶ |
| 06 La Retrobada | 15 O Sol da Liberdade | 25 Tu Marchas Para Barcelona |
| ▶ | ▶ | ▶ |
| 07 Samosa Time | 16 Lost in Doha | 26 Pena Trevinca |
| ▶ | ▶ | ▶ |
| 08 La Abraçada | 17 Forget it all | 27 Martiño Descubre As Clases |
| ▶ | ▶ | ▶ |
| 09 Volve a Vilamor | 18 Piece for Max | 28 Pulseiras |
| ▶ | ▶ | ▶ |
| | 19 Discovering the City | 29 Walking amongst windmills |
| | ▶ | ▶ |

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

> AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

Temas recompilados

• Zeltia Montes

Artigos sobre a compositora

Chelo Loureiro

Ignacio Vilar

María Ripoll

498 / 499

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

ZELTIA MONTES

BIOGRAFÍA

Zeltia Montes, compositora de música para cine, televisión e concerto, iníciase na música cunha educación musical demasiado formal para a súa tenra idade e moi alonxada do xogo, elemento que despois descubriría como indispensable para a súa creatividade. Aos 4 anos de idade comeza con clases de solfeo nas que se limita a repetir de forma automática o que fan os seus compañeiros. Pouco despois inicia a súa peregrinaxe por diversos conservatorios de Madrid nos que estudará ao longo de 17 anos, repetindo cada un dos cursos de piano e sentindo en todo momento que a súa formación está chea de lagoas e sobretudo baleira de significado e amplitude. Non obstante, é na casa, sentada ao piano ou cantando co seu pai, cando desfruta da música e da emoción de compartir o que nace dela. Son os seus pais os primeiros fans entusiastas e o seguen sendo ata o día de hoxe. Desta forma, as súas primeiras composicións xorden de forma natural aos 9 anos e dende este momento sente a necesidade de seguir compoñendo como proceso de autocoñecemento íntimo e como forma de comunicación cos demais a través dun medio máis puro e sincero.

Recibe o Título de Profesor de Piano do Conservatorio Profesional de Música de Madrid, e máis tarde o Título

Superior de Solfeo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento, do Real Conservatorio Superior da Música de Madrid no ano 2002. Nunca utiliza estes títulos para nada pero sobretudo sente que a educación musical recibida a través do piano clásico consistiu en insistir no que non debe facer e pouco a pouco deixárona baleira de ilusión. Por isto decide emprender unha busca cara novas experiencias sonoras e comeza a estudar música moderna na Escola de Música Creativa de Madrid, donde se centra no estudo de Harmonía, Composición, Voz e Piano modernos. A harmonía do Jazz devólvelle a esperanza na búsqueda da súa propia voz porque descobre que as harmonías que escoita na súa cabeza teñen nome e polo tanto non son tan estrañas.

O seu interese nas belas artes lévaa a alternar a composición e a pintura ao longo dalgúns anos permitíndolle desenvolver unha forte conexión entre a súa percepción visual e sonora. Nace así a súa fascinación pola relación entre música e imaxes. Pouco despois descobre que hai unha carreira de Música para Cine e sente unha chamada irresistible. En xaneiro de 2005 trasládase a Boston para estudar Composición e Música para Cine na prestixiosa Universidade Berklee College of Music, con diferentes axudas que lle ofrece a Universidade.



INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

> AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

Temas recompilados

• **Zeltia Montes**

Artigos sobre a compositora

Chelo Loureiro

Ignacio Vilar

María Ripoll

500 / 501

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

ZELTIA MONTES

Biografía

Alí recibe o premio do Departamento de Composición “Youth Concerts at Symphony Hall” no 2007 e comeza a sentirse valorada como compositora e motivada a seguir buscando o seu propio camiño musical. Durante a súa estancia en Berklee é elixida presidenta da Sociedade de Compositores de Berklee, a asociación máis grande e antiga de músicos de dita Universidade, o que lle permite á súa vez motivar a outros compositores novos. Así descobre que é certo o que canta Jorge Drexler “cada uno da lo que recibe y luego recibe lo que da”, palabra nas que segue crendo.

En Berklee estuda cos máis distinguidos profesionais de cada especialidade, e entende que son distinguidos porque saben que o máis importante é sacar as virtudes dos seus alumnos. Entre eles destacan os compositores contemporáneos John Bavicchi, Tom McGah, Francine Trester, Dennis Leclair, Yakov Gubanov e James R. Smith, os directores de orquestra Louis Stewart, Ronald Feldman e George Monseur, os compositores de música para o cine Sheldon Mirowitz, Jon Klein e Richard Davis e o editor musical Eric Reasoner. En maio de 2007 gradúase na “Berklee College of Music” obtendo unha dobre licenciatura nas especialidades de Composición e Film Scoring (música para cine), recibindo o máximo premio fin de carreira, Summa Cum Laude.

O seu paso por Berklee supón o seu primeiro empurrón ao mundo profesional pero a partir de aí comprende que a batalla é con ela mesma. Pouco a pouco vai escoitando máis a voceciña que lle susurra “sí podes” e non tanto ás outras que lle gritan todo o que non sabe. Aínda está lonxe de encontrar a súa voz pero xa sabe que a ten e para sacala debe confiar.

Comeza combinando a súa actividade como compositora de música para cine e televisión con encargos de obras para concerto, entre elas para a orquestra ‘Berklee Contemporary Symphony Orchestra’ e a prestixiosa Orquesta de Música Contemporánea ALEA III.

O seus créditos no cine inclúen as películas *Pradolongo* (2007), *Vilamor* (2012, gañadora del premio Film Commission na 56 edición do Festival Internacional de Cine de San Sebastián), e *A Esmorga*, todas elas dirixidas por Ignacio Vilar, a película de animación en 3D *La Tropa de Trapo en el País donde Siempre Brilla el Sol* (gañadora do premio Gaudí á Mellor Película de Animación e nominada ao premio Goya da Academia de las Ciencias y las Artes Cinematográficas de España) dirixida por Alex Colls, a película *Traces of Sandalwood* dirixida por María Ripoll e rodada entre Mumbai e Barcelona, a música para a cabeceira das series documentais *El Camino del Cid* e *Miguel Hernández*,

ambas para Televisión Española (TVE) ou a curtametraxe *Henley*, seleccionada no Festival Internacional de Sundance 2012 e dirixida por Craig Macneill.

A súa música foi recoñecida con numerosos premios internacionais, incluíno o extraordinario logro de ser a única compositora en recibir en dúas ocasións o gran premio “Jerry Goldsmith” ao Mellor Compositor na 4ª e 7ª edición destes premios cuxo xurado fórmalo máis de 50 especialistas na música de cine de todo o mundo. Nestas mesmas edicións recibe tamén os premios á Mellor Música para Longametraxe pola súa banda sonora para *Pradolongo* en 2008 e por *La Tropa de Trapo* en 2011. A música de *Vilamor* obtén o premio á Mellor Banda Sonora no “New York City International Film Festival” 2012 e o recoñecemento da Asociación Internacional de Críticos de Músicos de Cine (IFMCA) que a nomina como “Compositor Revelación del Año 2012”. A partitura de *Pradolongo* recibe a nominación aos premios MundoBSO, a web das bandas sonoras comentadas máis grande do mundo, como unha das cinco mellores bandas sonoras do 2008.

Recibiu tamén en dúas ocasións o premio “Director’s Choice Gold Medal for Excellence”, premio ao Maior Impacto da Música nunha película, por

Pradolongo e *La Tropa de Trapo* na 6ª e 8ª edición do ‘Park City Film Music Festival’ (Utah, EEUU). Outros galardóns inclúen o premio “Best Music in a Documentary” pola música da cabeceira para *El Camino del Cid* e o “Premio Internacional a la Mejor Orquestación” por *La Tropa de Trapo* na 7ª e 10ª edición do “Garden State Film Festival” (Nueva Jersey, EEUU) respectivamente. O seu traballo recibiu tamén o premio “Moondance Atlantis Award” á Mellor Banda Sonora Estranxeira no 10º Moondance International Film Festival (Colorado, EEUU) e o premio “2012 Bronze Telly Award” na categoría de Mellor Música na Longametraxe Independente por *La Tropa de Trapo* na 33 edición dos Telly Awards (Kentucky, EEUU).

Outras distincións inclúen tres nominación aos premios “Hollywood Music in Media Awards”, no 2009 na categoría de “Mellor Compositor Novo” e no 2011 na categoría de “Mellor Música Clásica/Orquestal” e “Mellor Álbum de Bandas Sonoras” por *La Tropa de Trapo en el País donde Siempre Brilla el Sol*. Estes premios que outorga a industria audiovisual de Los Ángeles entréganse no famoso Kodak Theater e a gala retransmítese en 17 países. Así mesmo, recibe cinco nominacións aos premios “Goldspirit Awards”, como Mellor Compositor Revelación no 2008 e 2010: Mellor Canción Orixinal, Mellor Banda Sonora Española, Mellor

Compositor Español e Mellor Banda Sonora de Animación.

A Academia Galega do Audiovisual tamén valora o seu traballo con dúas nominacións aos Premios Mestre Mateo na categoría de Mellor Música Orixinal no 2008 e 2011. No ano 2012 é seleccionada para formar parte do selecto grupo de compositores do prestixioso “ASCAP Film Scoring Workshop” onde grava e dirixe á “Hollywood Studio Orchestra” no “Newman Scoring Stage” dos estudos 20th Century Fox.

As súas bandas sonoras foron editadas en CD polo selo discográfico Quartet Records e están dispoñibles en todo o mundo a través das tendas online.

Zeltia cuestiona constantemente o seu proceso creativo pero sinte que a meditación, o exercicio diario, os paseos pola montaña e as continuas viaxes sensoriais cara os cheiros, sabores e sons da súa infancia en Galicia e Madrid son a súa principal fonte de inspiración.

Dende o seu estudio en West Hollywood (Los Ángeles, California), sente que a súa loita por ser compositora só ten sentido se na súa música define a súa identidade e a súa forma única de entender a vida e cre que encontrar aos colaboradores adecuados é un dos factores máis importantes para conseguir acadar o inacadable.

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

> AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

Temas recompilados

Zeltia Montes

• Artigos sobre a compositora

• Chelo Loureiro

Ignacio Vilar

María Ripoll



ZELTIA MONTES

CHELO LOUREIRO

Produtora

502 / 503

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

Teño unha filla que con catro anos declarou o que de maior quería ser. Con esta idade, unha nai non pode senón sorrir coa sorprendente declaración e deixar que o tempo vaia axudando a decantar. No correr do tempo, foi o tempo quen me sorprendeume coa súa nula capacidade para tornar este desexo infantil en sólida decisión xuvenil e, máis logo, serea decisión adulta.

Non foi doada a súa andadura. Porque cando se trata dunha profesión relacionada coa Arte onde estudos e títulos non valen para moito e as reválidas se repiten con cada posible novo traballo, ou se ten unha seria convicción, ou mecenas, ou kilos de loucura para non tirar a toalla...

Tamén á mesma idade tomou Zeltia a decisión de se adicar á música. Outra fermosa póla artística, só que neste caso, a diferenza doutras nas que unha nena pode comezar xogando a mesturar cores, a modelar plastilina ou a interpretar sobre a mesa do seu

cuarto, a música esixe unha disciplina e coñecemento do instrumento musical ou solfeo que non parece propia de idades tan temprás. Aínda coñecendo sobradamente a historia de Mozart, e sen ir tan lonxe, moi perto de nós contamos co caso do neno prodixio ferrolán, o pianista e compositor Pepito Arriola –curmán de Hildegart, a quen Fernando Fernán Gómez inmortalizou no seu filme “Mi hija Hildegart”, con guión de Azcona e do propio Fernán Gómez-, que deu o seu primeiro concerto tamén aos catro anos, paréceme increíble que desde tan noviños teñan semellantes capacidades e interese para investir tanto tempo como é preciso para dominar calquera instrumento. Por non falar do árido solfeo...

Por se a nosa Zeltia non fose suficientemente insólita, elixe ser unha profesional do complexo mundo audiovisual, terreo no que contamos con moitos e bos compositores pero escasísimas compositoras. O seu talento levouna a graduarse con Summa Cum Laudem en

Berklee –Boston- e de aí a instalarse en Los Ángeles onde comezou a labrarse unha máis que interesante carreira, compaxinando traballos con directores de cine no noso país.

Foi Ignacio Vilar quen primeiro contactou con ela para facer a banda sonora de “Pradolongo”, coa que colleitou recoñecemento e premios. Eu lle propuxen un traballo completamente diferente, unha película de animación para os máis pequenos, nenos e nenas entre dous e seis anos era o noso público obxectivo e Zeltia entusiábase coa idea desde o primeiro momento. Botou man de todo o seu arsenal de recursos –coros e percusión corporal incluídos- e foi elaborando unha fermosísima composición chea de vitalidade coa que nos convenceu a todos. A min especialmente pola súa honestidade.

Tamén a membros dos xurados de festivais especializados en música de cine como aos do Festival de Música de Cinema de Utah (Estados Unidos), onde foi galardoada co DIRECTOR’S CHOICE- Medalla de Ouro á Excelencia-, un evento dedicado exclusivamente ás bandas sonoras que ten lugar na mesma localización que o festival de Sundance.

A música de “A Tropa de Trapo no país onde sempre brilla o sol” chegou ao festival avalada pola crítica. O portal francés máis importante sobre bandas sonoras, Under Scores, sinalaba o carácter xuvenil da banda sonora diferenciado polo seu entusiasmo lúdico, case infantil e no que a simplicidade tan só permanece na superficie, deixando ver un traballo moi meticuloso. Máis de cen músicos do Coro e Orquestra Sinfónica de Kiev ademais de oito solistas interpretaron as súas partituras que incluían tamén oito cancións.

Non foi o único premio que recolemos grazas ao traballo de Zeltia. Gañamos o Bronze TELLY AWARD to “Best Use of Music in an Independent Feature” -Mellor uso da música nunha longametraxe independente-. Tamén o Premio Jerry Goldsmith á Mellor Banda Sonora para Película e o mesmo Premio Jerry Goldsmith gañouto como Mellor Compositora.

Se co Premio Gaudí da Academia Catalá do Audiovisual como Mellor Película de Animación e cunha Nominación ao Premio Goya colmábanse as nosas máis optimistas expectativas, esta pequena película cunha gran banda sonora colleitou ademais outros premios

en diferentes festivais internacionais. Algúns outorgados por xurados infantís, o que de verdade nos enchía de satisfacción.

E non só satisfacción nos procurou esta composición, porque se para min supuxo unha noticia que me encheu de emoción, imaxino que para unha experimentada pero tan nova compositora suporía un orgullo inmenso o feito de seren convidada pola Banda Municipal de Música de Palma e a Asociación de Amigos das Illas Baleares “Amigos das Bandas Sonoras” para interpretar esta música de A tropa de Trapo nun concerto adicado a prometedores mozos compositores.

Xa me tarda escoitar a súa próxima banda sonora que nestes momentos está componendo para outro proxecto cinematográfico galego. Ten por diante nada menos que musicar unha nova adaptación da novela de Blanco Amor “A Esmorga”. Zeltia Montes está capacitada para enfrontarse a calquera reto e non teño dúbida de que a súa traxectoria será longa e chea de éxitos. Compartirémolos!

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓ DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

> AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

Temas recompilados

Zeltia Montes

• Artigos sobre a compositora

Chelo Loureiro

• Ignacio Vilar

María Ripoll



504 / 505

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

UNHA MÚSICA DE CINE

IGNACIO VILAR

Director

Zeltia e máis eu levamos tres filmes xuntos (*Pradolongo*, *Vilamor* e *A esmorga*). Sempre tivemos o océano Atlántico polo medio, xa que Zeltia vive na cidade dos Ánxeles, nos Estados Unidos. A nosa comunicación, grazas ás novas tecnoloxías, é inmediata con imaxe e o son. Moitos días e horas falando do argumento, dos personaxes, da música que aínda está por chegar. En todos estes anos, dende o 2007 no que a coñecín, tiven claro que ela era a compositora axeitada para os meus filmes. Ten una sensibilidade e un coñecemento moi grande da música para o cinema, das notas que necesita unha historia para engrandala, para achegala *ao niño novo do vento*, do que falaba Cunqueiro ou Baudelaire en *Le Poete es semblable au price des nuées*.

A música de cine ten moito de xesto dun neno que canta na escuridade, estou seguro de que esta frase escrita por Theodor W. Adorno define eses sorrisos tan fermosos de Zeltia que veñen pola nube e os vexo na pantalla do meu ordenador, ou cando escoito esas notas do novo tema que descubriu nesas espazos siderais da súa imaxinación. Ela sabe que a música é un espazo interior da subxectividade, a arte inmaterial por excelencia, coas súas composicións a construción fílmica e da narración elévanse á categoría de expresión a través da música.

Hai un poema de Charles Boudelaire que expresa as miñas emocións ao escoitar a música que Zeltia compón para as miñas longametraxes.

LA MUSIQUE A MÚSICA

La musique souvent me prend comme une mer!
A miúdo a música como un mar encadéame!

Vers ma pâle étoile,
A miña branca estrela,

Sous un plafond de brume ou dans un vaste éther,
baixo un teito de borraxeira ou por un inmenso éter*

Je mets à la voile;
as miñas velas desprego;

La poitrine en avant et les poumons, gonflés
O peito cara diante e os pulmóns cheos

Comme de la toile
do mesmo xeito que a tea

J'escalade le dos des flots amoncelés
Escalo polo lombo das amoreadas ondas

Que la nuit me voile;
que a noite agocha;

Je sens vibrer en moi toutes les passions
Sento vibrar en min tódalas paixóns

D'un vaisseau qui souffre;
dunha dorna que sofre;*

Le bon vent, la tempête et ses convulsions
a brisa, o vendaval coas súas convulsións

Sur l'immense gouffre
Sobre a inmensa sima

Me bercent. D'autres fois, calme plat, grand minoir
Méxeme. Doutras veces, sosego, grande espello

De mon, désespoir!
Do meu desespero!

*Néboa *Barca tradicional

INTRODUCCIÓN

FORO ACADEMIA ABERTA

PREMIOS MESTRE MATEO

OUTRAS ACTIVIDADES DA ACADEMIA

TEMA CENTRAL ANUARIO

ARTIGOS DE OPINIÓN DOS SOCIOS

AS PRODUCCIÓN

FESTIVAIS

OBITUARIO

O QUE VAI VIR

> AS MÚSICAS DA ACADEMIA
ZELTIA MONTES

Temas recompilados

Zeltia Montes

• Artigos sobre a compositora

Chelo Loureiro

Ignacio Vilar

• María Ripoll

506 / 507

☰ INICIO

↶ ANTERIOR

↷ SEGUINTE

▶ AS MÚSICAS DA ACADEMIA

“UNHA VIAXE EMOCIONAL DE IDA E VOLTA”

MARÍA RIPOLL

Directora

A música de Traces of Sandalwood, unha película dirixida por María Ripoll, e música composta pola compositora galega Zeltia Montes

Durante estes últimos meses tiven o pracer de traballar con Zeltia Montes, a compositora galega que puxo música á miña última película, *Traces of Sandalwood*. *Rastros de Sándalo* propón unha viaxe emocional de ida e volta para unir e mesmo fusionar 2 culturas, a través do amor, a forza dos lazos fraternais e o descubrimento dun mesmo.

Sempre me interesou falar dos sentimentos máis universais -*Rastros de Sándalo* fala de dor, de esperanza e amor- nun ámbito intercultural -*Rastros* é unha historia que acontece entre Mumbai e Barcelona-. Dalgún xeito filmar e construír unha linguaxe cinematográfica, narrativa visual e narrativa musical, dende un punto de vista propio e xenuíno.

Dende a miña primeira película *Lluvia en los Zapatos*, rodada en Londres, ou *Tortilla Soup*, rodada en Los Ángeles, atráeme profundamente descubrir diferentes culturas a través de historias moi persoais que falen de sentimentos universais e poder crear as pontes comúns entre estas culturas e a nosa. E con Zeltia tiven a oportunidade de camiñar por esta ponte da man, fixemos xuntas esta viaxe de enlace intercultural.

E aínda que Zeltia se atopa nos Ánxeles e eu en Barcelona, a comunicación entre nós ten sido fluída e para nada notamos o inconveniente da distancia. Ao contrario, creo que esa distancia favoreceu a elaboración da banda sonora.

Precisamente o argumento de *Traces of Sandalwood* trata sobre dúas irmás indias que foron separadas de pequenas e sobre a distancia. Sobre a obsesión de Mina, a maior, por encontrar á pequena, Sita, que foi adoptada e se levou a Barcelona.

Esa distancia, ese oco no corazón, é precisamente o que Zeltia conseguiu plasmar na película, darlle a emoción que se necesitaba nalgunhas escenas para chegar ao corazón do espectador.

Sempre considereirei que a música é un elemento clave en calquera obra audiovisual. Non só reforza as imaxes, senón que é o que acaba de completar e dar a alma á película. Por iso, as miñas indicacións foron sempre nese

sentido e traballar con Zeltia foi unha moi boa experiencia.

O amplo coñecemento técnico e musical da compositora, permitiunos incluír estilos de música moi diversos. Ademais, filmada en catalán e inglés, *Traces of Sandalwood* é unha película con carácter internacional, concepto que Zeltia soubo captar dende o principio usando diferentes tipos de tons e instrumentación que dan vida ás imaxes e se relacionan á perfección co ámbito no que se enmarcan.

Agora será o momento de ver se conseguimos o que buscábamos, así que nos vemos nos cines a partir do mes de novembro!



The background is a vibrant green color filled with a complex pattern of white lines. These lines are arranged in a series of concentric, slightly irregular shapes that create a strong sense of depth and perspective, resembling a tunnel or a series of overlapping arches that recede into the distance. In the center of this pattern, a large, bold, white letter 'A' is prominently displayed. The 'A' is slightly offset from the center, appearing to sit on the ground plane of the tunnel's perspective.

A